

 **intered 2007**

# FORO

Acción democrática  
foro ciudadano  
sociedad comprometida

A CULTURA E  
A EDUCACIÓN  
DIANTE DOS  
NOVOS DESAFÍOS  
DA PARTICIPACIÓN  
SOCIAL

Pazo de Mariñán  
25 e 26 de xaneiro

Actas

**interea 2007**

A Cultura e a Educación diante dos  
novos desafíos da Participación Social

**ACTAS**

Colección  
*Documentos da Cultura*  
Deputación da Coruña



# FÓRUM

## Ficha técnica

**Presidente da Comisión de Educación,  
Cultura e Patrimonio Histórico-Artístico**  
Celestino Poza Domínguez

**Coordinador Científico do Proxecto Interea**  
José A. Caride Gómez

**Coordinadora do Interea Foro 2007**  
Laura Cruz López

**Equipo organizador**  
J. Gumersindo Alonso Bernárdez  
Mª Belén Caballo Villar  
Mª Dolores Candedo Gunturiz  
Laura Cruz López  
Fernando Lavandeira Suárez  
Carmen Morán de Castro  
Manuel Pérez Rúa  
Araceli Serantes Pazos  
Yésica Teijeiro Bóo

**Interlocutor na Deputación da Coruña**  
Jesús Pérez Fernández

Coordinación: Laura Cruz López  
Deseño da portada: Roí Fernández Pérez  
Maquetación: Araceli Serantes Pazos  
Editorial: Deputación Provincial da Coruña  
Alférez Provisional s/n. 15006 A Coruña  
Imprime: Imprenta de Deputación Provincial da Coruña  
Corrección Lingüística: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña  
Depósito legal: C-420/05  
ISBN: 978-84-9812-074-5



Estamos inmersos nun proceso global de transformacións que atinxe ás distintas facetas da vida social e que reclama reflexións sosegadas á hora de definir as problemáticas que nos afectan e o axuste das novas respostas no marco dunha necesaria revisión das políticas públicas.

Os desafíos destes novos tempos vertébranse a partir de problemas emerxentes de complexa definición e que esixen, en consecuencia, unha reformulación das respostas tradicionais intentando incorporar novas perspectivas na análise e na acción. Por unha banda, precisase centrar a atención nos problemas promovendo unha visión capaz de comprendelos en toda a súa extensión, superando análises simplificadoras ou sectorializadas. Pola outra, é igualmente necesario buscar novas fórmulas para conseguir a implicación e participación de diferentes sectores da cidadanía. Neste sentido, trátase de promover unha cultura relacional que aposte pola colaboración e o compromiso dos actores públicos e cívicos.

A participación é a pedra de toque das políticas públicas en democracia. Cómpre, porén, recoñecer que existe unha preocupación importante sobre as súas posibilidades e limitacións, nun debate alimentado pola controversia entre o cuantitativo é o cualitativo.

Os analistas concordan cos actores sociais en que deben superarse as visións que fan da participación en si mesma a principal prioridade. O que realmente ten interese para combinar a atención aos problemas coa implicación dos distintos sectores da cidadanía é lograr que a participación supoña a transformación de aspectos que afectan á calidade de vida do conxunto da sociedade.

A Deputación da Coruña en estreita colaboración cos concellos, as entidades asociativas e os investigadores ten a vocación de facilitar procesos que xeren confianza na consecución de proxectos que a cidadanía e as institucións poidan definir para lograr a superación das problemáticas que lles afectan.

A realización da terceira edición do Interea Foro constitúe unha peza clave nesta nova estratexia ao concibirse, unha vez máis, como un espazo de encontro para a reflexión, o debate e a acción a partir dun coñecemento cada vez máis fondo das realidades socioculturais e das súas posibilidades de transformación.

A publicación das súas actas permitirá recrear achegas baseadas na experiencia dos técnicos e dos políticos, así como elementos de reflexión dos investigadores nunha preocupación común, vital para esta institución: a consecución de procesos de participación que sexan educativos e potenciadores do compromiso de cidadáns e cidadás coas súas localidades.

A Deputación da Coruña, na súa liña de compromiso efectivo co quefacer cultural municipal, congratúlase de poñer á disposición dos técnicos e políticos, das entidades asociativas, dos investigadores e da cidadanía en xeral, esta nova publicación, en que se recollen as achegas, as reflexións e os interrogantes que encheron de contido a terceira edición do Interea Foro que tivo lugar no Pazo de Mariñán.

Como un proxecto ilusionante e xa consolidado no marco das distintas iniciativas de Interea, o foro convocou, unha vez máis, os diferentes actores da política cultural que se desenvolve nos concellos da provincia. Baixo o título *A cultura e a educación diante dos novos desafíos da participación social* e co xusto protagonismo dos propios técnicos e responsables políticos, a terceira edición do Interea Foro propiciou un fondo debate arredor da participación como reto colectivo e presentáronse ao mesmo tempo experiencias, propostas metodolóxicas e oportunidades para reflexionar sobre a renovación necesaria das prácticas participativas e do seu propio sentido político.

En sintonía coas finalidades de Interea e a implicación que desde a Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación Provincial se vén materializando coa asunción de propostas formativas e de asesoramento de distinto alcance, a Avaliación do Plano Formativo Experimental (2005-2007) constitúiu un dos eixes de análise e valoración, co compromiso de incorporar en sucesivas ediciones aqueles aspectos suxeridos para mellorar as iniciativas de formación, de maneira que poidan reverter nas accións culturais que se promoven nos nosos concellos.

Desde o coñecemento do potencial humano, técnico e político que se ocupa das iniciativas culturais que dinamizan a vida dos nosos concidadáns, somos conscientes da necesidade de atopar novas fórmulas que permitan unha mellor expresión dos intereses e inquedanzas da cidadanía e a construcción dun sistema de relacións entre os distintos actores sociais capaz de crear sinerxias na procura dun obxectivo común de primeira orde: situar a cultura como un dos elementos substantivos para mellorar a calidade de vida nas nosas localidades.

Na convicción de que este é un empeño colectivo, ao que temos que seguir sumando activos, agradezo a vosa acollida e activa resposta a esta terceira edición do Interea Foro. Esta publicación, que recolle os seus froitos, constitúe tamén un aliciente máis no percorrido deste proxecto que con todos vós estamos construíndo.

Celestino Poza Domínguez  
Deputado Provincial de Educación, Cultura e Patrimonio Histórico-Artístico

Os días 25 e 26 de xaneiro de 2007 convocamos no Pazo de Mariñán a terceira edición do Interea Foro baixo o título *A cultura e a educación diante dos novos desafíos da participación social*, dando continuidade ás iniciativas desenvolvidas polo Equipo Interea, arredor da participación como eixo integrador, no marco do convenio asinado entre a Deputación Provincial da Coruña e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña para o período 2006-2007.

O Foro é, sen dúbida, unha das propostas emblemáticas de Interea, tanto para quem temos a responsabilidade de o organizar como, o que é máis importante, para as persoas destinatarias. Comezou no ano 2002 coa realización do primeiro foro en Mariñán, tendo lugar a segunda convocatoria en decembro de 2004 en Culleredo. Esta sería a terceira edición. Queremos resaltar este sentido de continuidade por tanto supón avanzar cara á consolidación dos foros como un referente clave para os técnicos e responsables políticos da Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da provincia da Coruña; como unha cita, que xa forma parte das nosas axendas, en que encontrarse para debater sobre a actualidade cultural da provincia, abrirnos a outras experiencias e propostas e potenciar novas liñas de acción. Isto vese reflectido na boa resposta de participación nas sucesivas ediciones e mesmo no interese xerado noutros profesionais alleos ao ámbito da Administración Local e noutros contextos xeográficos, máis aló da provincia e da comunidade autónoma.

As tres convocatorias, áinda que centradas en temáticas diferentes, comparten o obxectivo común de serviren de espazo de encontro e formación dinámica, en que, a través da participación e acción colectiva, chegar a un maior coñecemento das realidades culturais e promover alternativas que conduzan á súa transformación. Pero tamén supoñen unha oportunidade única de poñer á valoración pública as iniciativas desenvolvidas e as novas propostas do Equipo de Interea, sempre coa confianza da Deputación Provincial.

Nesta edición, quixemos fazer unha aposta especial para que a participación social, ademais de ser o eixo de reflexión, fose a realidade do desenvolvemento do Foro. Neste sentido, demos prioridade a que os propios técnicos e responsables políticos, destinatarios das accións formativas, fosen os relatores do seu quefacer en cultura e educación.

O conxunto de traballos recollidos neste libro son o froito deste encontro, articulado arredor de diversas propostas formativas de reflexión e acción participativa, combinadas coa presentación de propostas e experiencias que se están consolidando nos municipios da provincia.

Nun primeiro apartado, preséntanse as reflexións derivadas do Espazo de autodiagnóstico participativo na cultura local, dirixido por Tomás Rodríguez-Villasante (Univ. Complutense de Madrid) e do relatorio de clausura en que Óscar Rebollo (Univ. Autónoma de Barcelona) expuxo a súa visión sobre a Participación-acción na cultura local. Tamén neste apartado, Carmen Morán, coordinadora de Interea Formación, presenta a Avaliación do Plano Formativo Experimental na Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico (2005-2007), resultado dun proceso participativo entre os destinatarios das accións formativas e os seus coordinadores.

Nun segundo apartado, recóllese as achegas feitas que fixeron os técnicos de cultura, Daniel Romero (concello de Fene) e Alberto García (concello de Boiro), e mais un representante do asociacionismo cultural, Luis Teira (Asoc. Cultural Altofalante), arredor da pertinencia, da semántica e significado da participación desde a perspectiva da Administración Local e da Sociedade Civil.

No terceiro bloque de contidos, reúnense as experiencias que presentaron os técnicos/as de cultura arredor de novas iniciativas participativas que están a xurdir e a se consolidar nos concellos (Boiro e Ponteceso) e as propostas de planificación estratégica na acción cultural local derivadas da primeira edición do curso formativo que leva o mesmo nome (Abegondo, Ames, Aranga, Boiro, Lousame, Malpica de Bergantiños, Ortigueira, Oza dos Ríos, Ponteceso, Rianxo, Rois, Sada e Vilarmaior).

Finalmente, dedicamos un apartado á avaliación do foro desde a perspectiva dos que fadades posible o desenvolvemento destas e outras iniciativas, as persoas participantes, os/as relatores/as, a Deputación Provincial da Coruña, o Equipo Interea en xeral e, en particular, o grupo coordinador deste encontro.

A todos e a todas, grazas.

Laura Cruz López

*Coordinadora Interea Foro 2007*

## ÍNDICE

### RELATORIOS

- *Reconstruíndo propostas para procesos culturais. Desde un obradoiro de auto-diagnóstico con técnicos de dinamización cultural*  
Tomás Rodríguez-Villasante ..... 12
- *O reto da participación cidadá nas políticas culturais*  
Óscar Rebollo ..... 34
- *Avaliación da primeira fase (2005-2006) do Plano Formativo da Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico*  
Carmen Morán (Coord.) ..... 56

### GRUPO ABERTO DE DISCUSIÓN

- *A participación e o punto G*  
Daniel Romero ..... 80
- *Necesita vd. Medicación! Breve reflexión intuitiva extraída da mesa redonda sobre participación e cultura do Interea Foro 2007*  
Alberto García ..... 86
- *Breves apuntamentos sobre o asociacionismo e a participación*  
Luis Teira ..... 94

### EXPERIENCIAS E PROPOSTAS

- *Participación da Asociación de Veciños "Cruceiro do Monxo" de Bealo*  
Ramón Puente ..... 98
- *Unha experiencia de cooperación cultural e associativa no Concello de Ponteceso*  
Javier Couto ..... 102
- *ACCEDE Plano estratégico cultural da acción local dos concellos de Rois e Lousame*  
Mª Teresa Sobradelo, Mª Dolores Suárez, Anayansi Expósito, Sonia Moure ..... 110
- *Creación dunha rede intermunicipal cultural*  
Trudi Capelán, Susana Castro, Oswaldo Digón, Beatriz Fernández, Antón Noceda, Alejandra Ulloa ..... 122
- *Procesos, atracos e resultados nunha experiencia colaborativa de formación no eido da promoción da participación cultural.*  
Jorge Rivera, Javier Couto , Alberto García, Francisco Rivera, F. Javier Sánchez ..... 130

## AVALIACIÓN

- *Avaliación do Interea Foro 2007*  
Yésica Teijeiro ..... 140
- *Ficha avaliativa* ..... 152


## ASISTENTES

- *Perfil dos participantes*  
Yésica Teijeiro ..... 154
- *Relación de asistentes* ..... 162

## ANEXO

- *Programa* ..... 166





## *Reconstruíndo propostas para procesos culturais. Desde un obradoiro de auto-diagnóstico con técnicos de dinamización cultural*

TOMÁS RODRÍGUEZ-VILLASANTE


CIMAS – Universidade Complutense de Madrid

En xaneiro do 2007, en Mariñán, pudemos facer unha sesión de auto-diagnóstico grazas á invitación de Interea para compartir este espazo de creatividade colectiva. Neste escrito trato de ofrecer, desde as miñas reflexións e escritos, o que me suxiren as cuestións candentes, os “nós críticos” –na terminoloxía do “fluxo-grama” – que alí se puideron construír participadamente. Esta técnica é só unha parte dunha metodoloxía más ampla e, en realidade, débese encamiñar nun proceso participativo de varios meses para que realmente se poidan ter unhas achegas que sexan significativas, tanto desde o punto de vista das confianzas xeradas coa poboación participante, como para que a calidade da planificación poida ser logo más operativa. Cara ao final deste escrito trataréi de ofrecer unhas pautas temporais segundo as cales soemos aclimatar a cada caso as nosas propostas de articulación metodolóxica das técnicas empregadas. Pero o primeiro é tratar de entender as problemáticas de quen nos demanda unha colaboración.

O cadre de dupla entrada que se pon a continuación foi un exercicio de facer nunha hora e media, máis ou menos, un diagnóstico participativo dos problemas que lles preocupan aos técnicos da provincia da Coruña sobre as súas tarefas nos concellos. Primeiro escribiron nun papel, cada cal persoalmente, algunas frases que reflextisen as súas opinións e inquedanzas. E logo esas frases, que sempre gardaron o anonimato de quen as escribiu, fóreronse agrupando e colocando sobre a matriz de dupla entrada (temas importantes que non hai que esquecer nas columnas, e nas filas quen poderían responder ou resolver as cuestións formuladas). Durante a colocación das frases e a súa agrupación, produciuse un debate interesante para acabar de definir que significaba para os presentes cada frase e a quien se dirixía, de cara á súa resolución. Posteriormente a colocación das frechas de relación causa-efecto entre unhas frases e outras produciu un novo debate, dunha complexidade un pouco maior, pero que foi construíndo o texto colectivo que as numerosas persoas que nos agolpábamos naquela sala fomos quen de concretar. Seguramente poucos terían pensado que tantas persoas en tan pouco tempo se poderían poñer de acordo nun diagnóstico colectivo como realmente logramos facer. Este traballo colectivo é o noso punto de partida, pero podía ter sido un DAFO, un socio-drama, unha deriva etc. segundo as circunstancias.

Se repasamos o resultado daquel fluxo-grama paréceme que se apuntan substancialmente seis cuestións de contido teórico e metodolóxico, que son precisamente seis diferenzas que as persoas da rede CIMAS adoitamos diferenciar con respecto a outras metodoloxías ao uso. Desde logo, están distinguidas claramente das metodoloxías cuantitativas e cualitativas, que son interesantes, pero que nos parecen más superficiais, e tamén doutras metodoloxías de intervención social ou participativas que se quedan nas boas intencións e nun voluntarismo técnico, ou militante, que non acaba de afondar no por que, ou para que e o para quen de cada paso ou salto a dar en cada proceso participativo. Como se pode ver no fluxo-grama “ad hoc” que construímos aquel día, na franxa dos técnicos hai unha reflexión cara si mesmos sobre “que nos pasa?” e un desexo de mellorar a planificación das tarefas. Na franxa da administración amósanse os problemas relacionados coa imposibilidade de materializar as propostas, da mala comunicación e, sobre todo, a non valoración do labor

dos técnicos e da cultura na sociedade. Na columna da organización e da política dáselle moita importancia á planificación, á comunicación cos políticos e á normativa vixente. Na franxa máis baixa amósanse as queixas da non participación das empresas, a xente, as familias etc. Para cada unha destas cuestiós temos unha proposta que imos formular primeiro, desde un punto de vista máis teórico-conceptual (con algunha técnica de axuda), e logo desde unha posible planificación-tipo con varios meses de desenvolvemento, que en cada caso habería que adaptar ás condicións locais como é natural.



Aclaremos, antes de pasar a propor unha forma operativa de proceso comunitario, algo destes seis conceptos, tal e como os vimos utilizando nos grupos que traballamos en rede. Polo menos, cómpre facer algunas distincións, máis que definicións, para que se poida entender en que ámbitos non nos movemos e en cales si. Non se trata de acabar de pechar ou definir cada expresión, senón de delimitar un campo onde poder comunicármos con certa eficiencia. E que sirva para pensar cada unha das problemáticas que se presentaron polos técnicos aquel día do fluxo-grama.

- Perante a cuestión das preguntas dos técnicos cara a si propios, imos a propor adoptar unha "predisposición transdutiva", é dicir facer algún tipo de exercicios que sirvan para adestrar a saltar nas metodoloxías, máis alá do inductivo ou do deductivo, ás transduccións, como imos propor no primeiro enfoque que se considerará.
- Outra das cuestiós formuladas é, na primeira columna, as dificultades para materializar propostas, non tanto pola falta de fondos como polas posturas dos responsábeis políticos. Aínda cando non foi considerado un dos nós críticos de maior causalidade, podemos propor tamén unha estratexia diante desta dificultade. É o que chamaremos análise de redes e "conxuntos de acción". En calquera comunitade é posibel establecer estratexias entre as diferentes redes grupais e persoais, a fin de poder apoiarse nalgúns conxuntos de acción.

- A cuestión de que non se valore o traballo técnico na cultura non ten por que ficar encerrada no que opinen outros. A nosa proposta é o que chamaremos "devolucions creativas", é dicir, superar os dilemas con tretalemas, xogos de catro posicións. E a partir desta análise facer obradoiros onde a xente sinta que está construíndo algo produtivo. Pode ser con estes xogos de catro frases-posicións, ou con fluxo-gramas, como fixemos en Mariñán.
- A planificación é o nó crítico que foi valorado con máis interrelacións, a chave que podería dinamizar a todos os demás. Pero non propoñemos unha planificación tradicional, senón centrada nalgúnha "idea-forza emerxente", que sexa quen de mobilizar e de integrar os aspectos temáticos ou sectoriais que se soen deixar coordinar. Para iso tamén se poden usar os fluxos-gramas ou outras técnicas que permitan establecer priorizacions baseadas en certos consensos maioritarios.
- Na franxa última aparecen unha serie de efectos de todo o anterior referidos ás empresas, ás familias etc. E, con todo iso, desde o noso punto de vista, pódense facer "redes de iniciativas" desde a base, desde os intereses más particulares da xente, sobre todo se nas fases anteriores tivemos escoitado as propostas de fondo dos conxuntos de acción.
- Queda o asunto da comunicación e a normativa, diante do cal o que propoñemos é non agardar a que cambie por si mesma, senón "reverter" os procesos. É dicir, non intentar reformalos ou revolucionalos, senón desbordalos desde os seus propios presupostos, sendo máis coerentes ca os que din pero non fan.

## PREDISPOSICIÓN TRANSDUTIVA

**O que non son:** non son conceptos teóricos para os entender soamente co raciocinio, senón a predisposición para provocar situacións vivenciais, onde o enfoque dos problemas se nos abra máis alá do convencional. Non son posicións "neutrais" para a participación comunitaria e cultural, como se fose posible tal neutralidade. Precisamente por saber da non neutralidade de ningunha posición se está vixiante os sectorismos e actúase como facilitador/a de acordos. Pero tampouco se trata de que as maiorías aplasten as minorías, non se é máis participativo porque acuda máis xente a unha asemblea, por exemplo, senón porque se poidan debater máis propostas e máis innovadoras. Se hai máis creatividade áinda que menos xente, pode ser máis participativo un proceso con "obradoiros" ca unha asemblea, onde pouca xente se atreve a falar. Pero tampouco basta que se "traduzan" uns e outras, para facerse máis intelixíbeis nas multiculturalidades, que poden converterse en "gueitos". Hai que ser capaces de facilitar o feito de superar as "autoestimas grupais" e as "identidades narcisistas", onde o participativo ignora as dores e os praceres dos outros grupos e sectores. Hai que aceptar entrar na construcción de "identificacións mestizas", tratando de minorar as imposicións dunhas e doutras culturas. Tampouco se trata de propor un modelo resumo, por sistematización, pois os estilos creativos non se poden basear nunha "ética exemplar", nin de mínimos nin de máximos. Han-

se aceptar algúns criterios porque os procesos de complexidade nunca son puros, senón híbridos ou mestizos, pero onde non todo debe valer. Nin na selva todo vale e moito menos cando queremos construir participadamente coas comunidades e con rigor crítico.

**O que achegan:** son conceptos que se usan nas ciencias naturais e sociais con un sentido semellante, é dicir, acostumarse a transformar dando saltos dun tipo de enerxía a outra. Por exemplo, pasar da enerxía calorífica á electricidade, ou dunha acción hormonal nunha encimática nas proteínas. Son transformacións que ocorren continuamente nas nosas vidas e no noso contorno, aínda que non sexamos moi conscientes diso. As transduccións baséanse nuns dispositivos para crear situacións peculiares de transformación, "provocacións" con certa transparencia, ao estilo das preguntas "maiéuticas" que formulaba Sócrates. De tal xeito que o rigor crítico está na forma e no fondo das preguntas, e déixanse en liberdade os camiños que se poidan ou queiran emprender a partir delas. En primeiro lugar o propio "grupo experto" do que partimos debería someterse a prácticas críticas sobre o que poida ter de prexuízos nas súas primeiras preguntas e formulacións. Avanzaremos, ademais, mellor se os outros grupos que participan están nunha predisposición tamén pouco dogmática desde un principio. Para que estes estilos transdutivos sexan cooperativos debemos someter as preguntas iniciais a un filtro participativo e plural, por exemplo con aquelas persoas que acudan ás primeiras convocatorias. É un estilo de facer non só desde o principio dun proceso, senón permanente para toda a vida, segundo o vemos.

**Exemplos:** na sesión que fixemos en Mariñán tratouse de non impartir unha conferencia, senón de crear un ambiente de traballo colectivo que exemplificase este tipo de construcción transdutiva. Hai outras moitas técnicas ou prácticas que poden exemplificar as formas de facer operativo este principio. Os simples "xogos de rol", ou os "socio-dramas", poden ser mecanismos para que outras persoas vexan, ou vérmonos nós propios, nas expresións xestuais das nosas representacións, moitas das cousas que non diríamos que pensamos. O importante non é a técnica en si mesma senón para que a queremos e, nese sentido, o máis importante é o papel de preguntas desveladoras dos prexuízos agochados, ou creativas dunha maior profundización e reflexividade dos procesos. Por exemplo, con un "transecto" ou paseo dos expertos cos labregos, nomeando e cualificando cada elemento que aparece no campo, non só se produce un intercambio de información, senón de estilos transdutores. Os "situacionistas" no medio urbano europeo o que facían eran "derivas", que igualmente servían para se perder e deixar que as intuicións propias e alleas puidesen aflorar e amosar os prexuízos cara aos males urbanos das nosas cidades. A partir de crear estas "situacións" non cotiás o interesante é ollar como adoptamos uns estilos transdutivos ou outros e como nos relacionamos cos das outras persoas.

## CONXUNTOS DE ACCIÓN

**O que non son:** non é, desde logo, a mitificación da comunidade como unha identidade por recuperar ou como unha unidade, senón como unha serie de pequenas redes sociais, en moitos casos, contrapostas entre si e en procesos moi variados. Cada cal ten algo que ofrecer, e o mellor é comezar por escutar os nós das redes, para saber cales son as súas posturas. Que se parte da "análise de redes" non quere dicir que lle adxudiquemos roles deterministas a cada grupo ou colectivo, pois nada más lonxe das nosas intencións que xular as posicións (que sempre están en procesos e soen ter comportamentos paradóxicos). A análise de redes, ás veces, adoita aparecer descontextualizada, como unha variábel en si propia suficientemente explicativa, pero tampouco é o que nós propomos pois encadrámola entre os condicionantes socioeconómicos e culturais de cada situación concreta. Non os consideramos sinónimos de "movementos sociais" con esas descripcións das súas características estruturais (sobre todo externas) que soen facer os sociólogos. Os intentos de definir os "movementos sociais" encasillándoos, non adoitan ter en conta as súas características internas e a súa variabilidade tanto cara á acumulación de forzas como cara á súa dexeneración. Por iso, preferimos falar de conxuntos de acción, que teñen en conta o que pueden ofrecer, non revisten valoracións a priori sobre os seus sentidos transcedentes, senón sobre os seus momentos e potencialidades diante de cada transformación concreta.

**O que ofrecen:** non basta a boa vontade de querer aprender cos movementos ou coas asociacións. Os conxuntos de acción, tal e como os entendemos, o que ofrecen é unha integración de tres variables, tres elementos chave, que se amosaron esclarecedores nos procesos propios. Son as redes de confianzas e medos internas nas comunidades, son os poderes das clases sociais e son as posicións ideolóxicas diante de cada problema concreto en disputa. Os analistas viñan escribindo sobre a "clase en si" e a "clase para si", nós a esta matriz engadímoslle a "clase así". É dicir, como é na vida cotiá de cada lugar, como se foron construíndo as relacións e os vínculos entre grupos, sectores, etc. O que construímos cos propios suxeitos implicados son instantáneas dun proceso, radiografías ou fotogramas dunha película, que está sempre con cambios continuos, e moi pouco previsíbeis ás veces. "Todo o real é relacional" e por iso nos interesan máis os vínculos e o que poidan ser as súas dinámicas que as definicións dos grupos ou sectores que soportan as relacións. Non é posíbel o un sen o outro, pero é máis posíbel cambiar as relacións que os suxeitos por si propios, e isto é o que pretendemos ofrecer. Tamén achegamos os conxuntos de acción unha forma concreta de manexar que o "político está no cotián". É posíbel ver a correlación entre a familia patriarcal coa súa estrutura vincular, típica de tal ou cal cultura, co que aparece na escola, as relacións de traballo ou a dominación simbólica no conxunto da sociedade. As relacións de poder que podemos percibir desde calquera forma de conversa poden ser a base para construír, participativamente con membros de diversos conxuntos de acción locais, algunas estratexias socio-políticas que vaian máis alá de cada situación concreta.

**Exemplos:** tal e como utilizamos nas nosas prácticas os sociogramas, queremos ir más alá dos “diagramas de Venn”, dos “mapeos” ou das análises das redes convencionais. En primeiro lugar, facelos participativos con algúns grupos locais serve de certa “autocrítica” para que os propios grupos constaten até onde coñecen e descoñecen as relacións da súa propia comunidade. É curioso como moitos dos líderes coñecen apenas o contorno dos seus propios grupos e como se da pé a moi interesantes debates entre os membros de grupos afins. Por suposto, isto obriga a precisar moito más do que sería unha sinxela entrevista a algúns dos líderes locais, ofrecendo moita más información e más complexa. En segundo lugar, ao facelo con eixos (de clase social e de ideoloxías). É cruzar as tres variables anteditas, podemos aproveitar o deseño participativo coma unha más completa “mostra”, para guiárnos en entrevistas ou grupos, obradoiros, documentación etc. En terceiro lugar, teremos unha primeira radiografía que, aínda que é borrosa por ser a inicial, xa nos serve para a poder comparar más adiante cos sociogramas seguintes, xa documentados con entrevistas e outras formas conversacionais, e para irmos verificando así (con sucesivos sociogramas) o que estamos construíndo en canto a relacións no proceso. Cando menos isto si se pode materializar como traballo de escucha das inquedanzas das diferentes redes en presenza.

## DEVOLUCIÓNS CREATIVAS

**O que non son:** non se trata de devolver dilemas ou “tetralementes” de tipo lingüístico estruturalista como os que se soen fazer ao analizar novelas ou outros relatos xa dados. Primeiro porque nos nosos casos os suxeitos están vivos e participando nas tomas de decisións e non só dunha forma metafórica, senón real. En segundo lugar, porque tamén intentamos superar a simple “escucha” dos problemas. As “dinámicas socioculturais” non deben ficar en facer xogos divertidos ou concienciadores. O estilo de “praxe” destas devolucións é máis que a militancia de escutar e interpretar. Non cremos que ningún nos teña autorizado a facer de xuíces a partir das conversas ou opinións que podemos recoller. Propomos unha “praxe” que devolva o que recolle, para que sexan os propios grupos, coma “suxeitos en proceso”, os que vaian creando e construíndo novas situacións e propostas. Pero non é tampouco calquera devolución, simplemente porque eticamente levamos sacado unha información que pertence a quien a ten dado. Se só devolvemos dilemas ou posicións intermedias, aínda non teríamos saído dos discursos dominantes, estaríamos quedando pechados entre o que xa se formula o sistema, incluída a súa oposición. Os teralemas, ou xogos de catro frases-posicións, van un pouco más alá dos dilemas ao abrir novos proxectos de interpretación da realidade, pero non por iso superan sempre interpretacións dialécticas deterministas.

**O que ofrecen:** poder facer protagonistas aos propios suxeitos coas súas frases en xogos para abrir debates creativos. A selección de frases para seren devoltas non é algo que apareaza sen máis: atopar os eixos de contraposicións e de contradicións é unha tarefa que precisa un certo rigor lóxico para que aparezan claros os “disensos” e non só os “consensos” das maiorías. Para desbloquear os dilemas dominantes é

interesante que se devolvan tamén as frases e as posicións minoritarias, para que poidan abrir novos eixos ou proxectos alternativos. Estas posicións convértense en preguntas ou dispositivos para a creatividade, más alá de quen as teña formulado. É o que chamaron, ás veces, “reflexividate de segunda orde ou de segundo grao”, pero que case que nunca se materializa en formas operativas de dada execución e, me nos aínda de propostas participativas abertas. O que propomos aquí é, precisamente, unhas formas variadas en que estas reflexividades poden ser postas en práctica case como un xogo, onde case calquera persoa ou grupo que queira participar durante unhas horas, pode saír despois bastante satisfeito do que acada por si propio.

**Exemplos:** as frases que cada participante escribiu en Mariñán, logo foron devoltas (anónimas) ao grupo grande para que se volvesen discutir, e logo entrelazar con frechas de causa-efecto. Devolvérónse algunas frases claras, na linguaxe textual da xente e sen decir quen dixo tal ou cal cousa. De seguida, os que participan non só interpretan o por que se dixerón tales ou cales cousas, senón que soen engadir novas achegas de moita maior profundidade, interrelacionando unhas frases con outras. Outro caso: as respuestas dadas nun barrio diante da incultura que se percibe. Nunhas primeiras preguntas rápidas é doado que aparezan un bo número de peticións de maior presenza de “actos cultos”. Pero se falamos máis amodo e con certa confianza con algunas desas propias persoas, é posíbel que contem como nas ocasións en que se fixeron eses actos non tiveron moita acollida. O “experto” ficará coa dúbida de se debe propor tales actos ou non. Pero, ha ser el o que dite o veredicto? Por que non devolver esas posicións á propia xente que as dixo? Seguramente a xente nos dirá que, en realidade, o que querían dicir é que queren actividades pero non dese tipo. Esta resposta talvez pode ser de carácter minoritario, pero nun Obradoiro de Creatividade é doado que saia como moi valorada se lle damos a oportunidade de que sexa considerada, e que se poida profundizar en que tipo de actividades lle interesaría a cada grupo en particular ou a varios en xeral. Pero, ademais, tamén caben outras respostas, como que son os propios veciños quen se queren organizar para potenciar as súas propias actividades. A cousa é non cerrar demasiado axiña e en falso a análise antes de que a xente poida construir explicacións e propostas más complexas e concretas, más creativas a partir das primeiras respostas contradictorias.

## IDEAS FORZA EMERXENTES

**O que non son:** non se trata da chamada “educación en valores”, polo menos tal e como se adoita formular e que consiste en explicar unha serie de valores culturais abstractos, todos moi ben intencionados e con palabras e frases de moita carga moral, próxima aos dereitos humanos. Adoitase repetir as consignas da modernidade “liberdade, igualdade, fraternidade”, ás que se lles engade solidariedade, sustentabilidade medioambiental, transparencia nas comunicacións etc. Son expresións con que case todo o mundo pode concordar, aínda que á hora da práctica cada quen as entenda como queira e as xustifique desde ideoloxías para todos os gustos. Tratamos de detectar estes “dilemas de valores” culturais dominantes precisamente para non quedarmos na súa utopía abstracta ou no cinismo de enunciarlos e ao mesmo

tempo non practicalos, ou de quedarmos a medio camiño. Existen uns "equivalentes xerais de valor" que marcan cales son os referentes en que nos deberemos fixar os humanos, na economía, na ecoloxía, na democracia, na cultura etc. Pero nas nosas propostas tendemos a distinguirnos destes criterios e indicadores prefixados. Non son nin as cotas de audiencia, nin a suposta científicidade, nin a teima por este ou aquel sector temático que se pon de moda. Interésanos pouco as causas lineais e sectoriais (económicas, tecnolóxicas etc.) que pretendan ser a prioridade para a xeración de valor, porque así se reclama na globalización. Non se descoñece que hai sectores importantes a non descoidar, pero preferimos dar máis a prioridade a "integralidade" concreta e participada nos procesos que á sectorialización. As ideas que son capaces de integrar e construír sinerxías son as que máis nos interesan.

**O que ofrecen:** unha crítica operativa dos "equivalentes de valor" dominantes. Significa ir más alá da causa-efecto lineal e propor a construcción "recursiva" dos procesos (como o anuncio de algo que pode suceder se converte noutra causa). É dicir, ofrecer en primeiro lugar que bloqueos, nós críticos, son os que obstruyen as relacións complexas entre as variadas causas e os diferentes efectos nun proceso. Facer isto participadamente integra visións maioritarias e tamén as minoritarias, correlacións entre variadas causas e efectos e os seus pasos intermedios, con referencias aos diferentes subtemas que hai que considerar e ás diferentes alianzas posíbeis entre sectores sociais. Podemos construír así, con bastante rigor crítico e participativo, en primeiro lugar as "prioridades" de acción en que cre o "suxento colectivo" que se está a construir por facer estas prácticas. E logo pódese construir algúna "idea-forza" que vaia más alá e que vincule áinda máis a temas e sectores participantes. Acheamos, ademais, a isto a forma de debater e acordar en base á proposta polo que di en si propia e non por quen a propón. Trátase de superar os personalismos, as loitas dos grupos, con formas participativas que o favorezan, con uns dispositivos que desbloqueen o preconcibido e así entremos en procesos de creatividade colectiva. Son sistemas democráticos de debates en pequenos grupos e en plenarios, onde se trata de recoller por escrito as achegas de todas as persoas, e logo ilas articulando e debatendo en grupos mixtos sen poñer en cuestión o prestixio de ninguén. Ideas ou propostas minoritarias pódense demostrar moito máis construtivas ca outras máis xeneralizadas. Mesmo se é necesario chegar a algún sistema de votación, este pódese facer de maneira más ponderada, tratando de non facer excluíntes unhas ou outras propostas, senón de que se reflecta o seu respaldo entre os participantes (cos puntos que poden dar a cada unha), para logo articular entre si as que acadasen maior aceptación.

**Exemplos:** mellor ca os DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) que se xeneralizaron cos planos estratégicos convencionais, parécennos os fluxo-gramas (como o que vimos comentando) posto que permiten correlacionar os diferentes "conxuntos de acción" que poden intervir na resolución dos procesos concretos; como tamén porque poden afondar nas relacións causais (máis alá de afirmar o positivo o negativo de calquera factor, que non adoita ser o máis importante). Practicamos diversas maneiras de establecer estas relacións dependendo das características das comunidades ou dos movementos, pero sempre para tratar de que as ideas

"emerxentes" sexan unha construcción colectiva e que vaian más alá dos "equivalentes xerais de valor". Por exemplo, para a construcción de indicadores de "calidade de vida" non serve tomar o dispoñible en calquera estatística (construído con criterios de "níveis de vida" para ser comparado en todo o mundo), senón que haberá que facer un foro cívico que propoña criterios para cada situación e que se poidan ir renovando segundo a comunidade cada certo número de anos. Interesa partir de cales son os valores emerxentes en cada momento e situación para que cada comunidade poida avaliar por si propia o que avanza e non decretar "equivalentes xerais" para rexer en todo o mundo (como se fose deseñábel alcanzar os niveis de contradicións dos máis poderosos). A creatividade local pode xeneralizar ámbitos culturais deste tipo moi amplos con novos valores emerxentes e formas de seguimento e verificación práctica, que os concreten e os fagan operativos.

## REDES DE INICIATIVAS

**O que non son:** Non estamos formulando unha xerarquía "natural" na sociedade, a simpleza de que "sempre houbo pobres e ricos", cada quien coa súa iniciativa. E constatar que a xente apenas se implica, que case non acoden ás nosas convocatorias. Na propia natureza, son os sistemas máis complexos e sinérxicos os que foron amosándose máis competentes ca os sistemas máis sinxelos ou sectoriais. E entre os humanos con maior razón debemos aproveitar ao máximo as capacidades de que dispoñemos, organizándonos de tal xeito que todos poidamos contribuír á mellora da vida. Non estamos falando dun modelo de coordinación de "recursos" culturais que dea máis sustentabilidade aos procesos, pois con isto áinda estaríamos en formulacións defensivas fronte á indolencia burocrática da que partimos e que non conseguimos superar. Ante a manifesta insuficiencia dos sistemas democráticos electorais e as burocracias profesionais que os acompañan na xestión (pública e privada), non falamos tan só dun complemento participativo para remediar os males maiores. Isto sería o mínimo para impedir os estoupidos máis violentos na sociedade (como o sucedido hai anos nos barrios de Caracas ou dos Ángeles, ou áinda máis recentemente nas periferias das cidades francesas). Isto áinda segue a ser o "fondo de medo" co que nos seguimos a gobernar defensivamente para impedir males maiores. Con algunas das formas de participación comunitaria non se resuelven os problemas de fondo pero, cando menos, mitiganse os efectos máis desastrosos do sistema en que vivimos.

**O que ofrecen:** Propomos cooperar desde abajo e non só coordinar desde enriba, integrar no proceso todas as iniciativas e capacidades dos seres de cada un dos ecosistemas en que estamos. A "sinerxía" que se trata de producir non é unha sinxela suma das partes, senón a multiplicación das iniciativas que xorden na vida cotiá. É dicir, pasar a marcar a axenda dos sistemas representativos desde propostas populares e comunitarias. E non agardar a que sexan os poderes económicos e mediáticos os que nos organicen a vida e diante dos que teñamos que estar en continua defensa (con máis protestas que propostas). Pero non só para superar a incultura ou as lacras más evidentes da sociedade, senón para que todos e todas poidamos sentirmos

creativos nela. Unha "democracia de iniciativas" onde pode haber protagonismo de calquera grupo, ou de varios á vez, que han coordinar os seus esforzos. Criterios do tipo "de cada quen segundo a súa capacidade e a cada cal segundo as súas necesidades" son propostas as que xa podemos aspirar en moitas formas comunitarias. E que os delegados, ou os xestores, sexan mandatarios das decisións construídas colectivamente e non intérpretes caprichosos delas. Todo isto implica un cambio nos procesos que custará anos de novas prácticas, e dunha cultura, que inclúen os novos procedementos de metodoloxías participativas. Pois igual que á práctica electoral representativa lle ten levado bastantes anos consolidarse como referente democrático, tamén aos obradoiros e assembleas, e as redes sociais de iniciativas, ás votacións ponderadas, ao mandato aos co-xestores, aos proxectos de tipo integral comunitario etc. deberán seguir un proceso de mellora, con avances e retrocesos, e que vaian dando resultados para que se cheguen a consolidar. O que ofrecemos é que xa se comezou con estes procesos, para demostrar que as cousas están cambiando.

**Exemplos:** os orzamentos participativos non son nada revolucionario desde o punto de vista de que impliquen un cambio radical das clases sociais ou do sistema económico. Simplemente introducen con maior ou menor coherencia uns sistemas, más transparentes e participativos, de facer propostas de iniciativas que o goberno se compromete a realizar ao ano seguinte. Tanto os proxectos comunitarios como as outras formas de procesos culturais con "accións Integrais" tampouco significan máis que melloras consecuentes cos sistemas de co-xestión social, que proclama calquera partido. As "iniciativas lexislativas populares", ou os foros cívicos para o seguimento con "índices de calidade de vida", ou tantas outras novas formas que se ensaien en moi diversas cidades e comarcas, son o caldo de cultivo para que vaian madurando as democracias participativas. Propomos que algunas redes de seguimento dos procesos en marcha sexan más operativas na medida en que tratan de articular entre si varias destas metodoloxías, e sobre todo se o fan a partir de alianzas estratégicas de varios "conxuntos de acción". A organización que supón unha rede de iniciativas ten as súas pautas relacionais entre mesas de traballo por temas, ou os grupos motores, cos seus "crono-gramas" de actuación e de render contas polas tarefas formuladas etc. E todo isto supón prácticas moi diferenciadas nunhas e outras localidades e culturas, pero con algúns elementos comúns que é bo considerar e desenvolver.

## REVERSIÓN E DESBORDES

**O que non son:** non é a queixa de que até que non cambien as normas non podemos facer nada, ou que mentres o alcalde non escoste pouco se pode facer. Nin o falar razoabelmente, nin o confrontamento total. Tal e como as utilizamos, non son nin posicións intermedias nin gradualismos entre os dilemas opostos que se nos presentan. Hai que clarexar isto porque a tendencia diante dos dilemas dos opostos é buscar posicións a medio camiño e coas "reversións" o que se pretende formular é "desbordar" tales supostos. É non aceptar, por exemplo, o debate entre o "reformista" e o "revolucionario" como unha formulación previa á acción, que en xeral (no século XX) paralizou máis que animou para a transformación social.

Na práctica moitos procesos revolucionarios remataron facendo reformas, e algúns procesos de reformas remataron por radicalizarse en revolucións. Por iso tratamos de fuxir de dilemas un tanto sectarios que serven para pouco nos procesos comunitarios da vida cotiá da xente. As "reversións" propoñen desbordar os debates endogámicos de moitos grupos, tanto dos académicos, como activistas, como basistas etc. Non é académico na medida en que é necesaria unha certa densidade práctica cos movementos para poder experimentar o que está pasando, non é un concepto que se poida captar só en teoría. Non é unha posición activista, senón que precisa escoitar moito o ritmo da xente, dos movementos, e saber ofrecer metodoloxía cando van callando os "conxuntos de acción". Non é "basista" na medida en que non se lle dá a razón a todo o que fan os sectores populares, aínda que haxa que partir das súas contradicións, de tal xeito que así poidan aparecer máis enraizados estes desbordes dos procesos transformadores.

**O que ofrecen:** pártense de "grupos operativos" e centrándose en resolver problemas concretos, pero estes procesos non se pode saber nunca como poden acabar. Diante das normativas ou das autoridades pódese comenzar por "traballar a favor do que hai", pero amosando as "contradicións internas e externas do que hai". Desbordar os primeiros supostos con que se comeza non é un erro de planificación, senón que demostra a capacidade de ir logrando que grupos e sectores sociais vaian gañando en propore obxectivos más avanzados para eles propios. Sempre se parte de algún esquema mental previo, más ou menos explícito, pero iso non quere dicir que haxa que quedar nel, sobre todo cando son moitas as achegas novas doutras persoas e grupos, e as vivencias propias destes procesos etc. A maior parte dos debates prexuzosos dos grupos soluciónanse ao poñer en marcha algún dos camiños, co ritmo da xente que ha participar. Hai que dar posibilidades ao que podemos chamar "transversalidade" das propostas. Saír das "dialécticas cerradas" significa que en cada interse poida optar por unha complexidade de alternativas (radicais ou menos, previstas ou desbordantes, segundo as circunstancias). E isto é poñer máis profundidade e rigor nos procesos. O que chamamos "monitoreo" pasa entón a ser un elemento chave, que non se queda nunha sinxela avaliación tal e como adoitan facer os planificadores, senón nun exercicio de seguimento e rectificación nalgúns puntos que a metodoloxía participativa ten sinalado como más sensíbeis. O que haxa un cronograma só é un referente, non tanto para cumplilo como para saber por onde nos está desbordando a realidade ou por onde nós non alcanzamos a chegar ás formulacións previstas. Porque sempre o que ocorre é máis complexo e dinámico que o que poidamos planificar.

**Exemplos:** nun caso de pedagogía liberadora non é que os "grupos operativos" se conciencien de que os contidos do proceso comunitario sexan moi bos polo ben que explicamos as cousas desde o que chamamos "grupos motores". Trátase, más ben, de que negocien os grupos operativos e motores como "reverter" aos "opostos" a este proceso, atopando as incoherencias e contradicións que teñan e xogando con elas para poder facer estratexias con "conxuntos de acción" suficientemente amplios. Crear situacións onde os opostos se vexan "revertidos" na práctica é a mellor concienciación. É dicir, que sexan desbordados porque boa parte dos grupos locais

teñen negociado alianzas de participación conjunta, en primeiro lugar. En segundo lugar, revertidos porque se fan explícitas as contradicións que puidemos estudiar e facer emerxer nestas situacións. E, en terceiro lugar, porque consigamos persuadir ou seducir a boa parte da xente que estaba allea para a nosa causa, para que se vexa implicada no que esteamos a facer, o que supón o illamento e o desborde dos que se opoñen. Ademais, estas apostas estratégicas adóitanos desbordar tamén a nós, sobre todo nos idealismos que áinda poidamos conservar de pensar en que tíñamos feito uns planos perfectos. Desa maneira tamén nós podemos seguir aprendendo. E isto acostuma ser o indicador máis próximo e fiel de como vai o proceso.

Para unha ampliación do transbordo destes conceptos e enfoques pódense consultar unhas referencias de autores e metodoloxías más amplias, que aquí só están resumidas, para os efectos de provocar unha apertura a referentes culturais que se poidan cruzar entre si cunha articulación que supoña algúna coherencia. A nosa proposta (véxase a táboa n.º 1) amosámola tal e como a fomos construindo nas últimas décadas e a partir de experiencias prácticas, propias e alleas (que figuran na columna da esquerda). Nesta primeira columna aparece como previa ás conceptualizacions das metodoloxías o que foron experiencias vividas, tanto desde os movementos sociais como desde as prácticas e dispositivos que se foron ensaiando nas redes sociais en que estamos. As outras tres columnas diferencian as metodoloxías de referencia segundo se refiran a distintos ámbitos preferentes de aplicación, ainda cando adoitan intentar superar as diferenças micro-macro cada unha delas. Un desenvolvemento más amplio de todos estes conceptos e propostas de enfoques pódese ver no libro Desbordes creativos (de onde tomo algúns destes parágrafos e destes cadros, con pequenas modificacions para responder ao caso presente punto por punto). Loxicamente, o cadro que segue ten unha intención xeral de presentar unha articulación más alá dos casos particulares, pero é no exercicio de aplicar en cada caso práctico estes outros enfoques, como cada quen os entenda, onde se poden provocar as creatividades que poden resultar más interesantes. Así pois, tanto os conceptos anteriormente expostos como as metodoloxías e autores de referencia só teñen a intencionalidade de estimular novas aperturas dos enfoques participativos no cultural, arriscándose a romper co que non nos serve e a construír colectivamente novos referentes.

Cadro nº 1: Articulación de metodoloxías para unha construcción socio-práctica

| Ondas Fases   | Na onda curta: Persoa-grupos POSICIONAMENTOS DIALÓXICOS (mesturando a Sócrates, Freud, Von Foerster...)   | Na onda media: Grupos-comunidades HOLOGRAMAS MICRO-MACRO (mesturando á Deusza Terra, Einstein, Shiva etc.)   | Na onda longa: Comunidades-sociedade DEVOLUCIÓNS CREATIVAS (mesturando a LaoTse, Marx, a Bajitn etc.)   |
|---|---|--|---|
| PRIMEIROS DESBORDES PRÁCTICOS (anos 70-80)<br>Obradoiros e encontros participativos                       | Fronte aos "analistas instituidos"<br>ANALIZADORES SITUACIONAIS-INSTITUITNES<br>Da socio-análise institucional (Debord, Lourau, Guattari, do Castro, etc.)                      | Fronte ás "distancias suxeito-objeto",<br>ESTRATEGIAS SUXEITO-SUXEITO<br>Da investigación (acción) participativa (Lewin, Borda, Brandoa, Colectivo IOE etc.)   | Fronte ao "ver, xullgar, actuar"<br>IMPLICACIÓN ACCIÓN-REFEXIÓN-ACCIÓN<br>da Filosofía da Praxe (Gramsci, Sánchez Vázquez, Sacristán, Barnet Pearce, Buey etc.)   |
| PARA DAR SALTOS POLA COMPLEXIDADE (anos 80-90)<br>socio-dramas, sociogramas, trailemas etc.               | Fronte ás "leis e éticas exemplares"<br>ESTILOS COOPERATIVOS E TRANSUDITIVOS<br>do paradigma da complexdade (Von Foerster, Maturana, Margulis, Capra etc.)                      | Fronte ás "estruturas do poder"<br>ESTRATEGIAS CON CONXUNTOS DE ACCIÓN<br>das "teorías da análise de redes" (Elias, Bott, Dabas, Lomnitz, Villasante)  | Fronte á "simplificación da dialéctica"<br>PARADOIXAS E TETRALEMAS<br>da crítica lingüística pragmática (Bajitn, Galtung, Jameson, Ibáñez, Abril etc.)  |
| CONSTRUCIÓN DE ESQUEMAS COLECTIVOS (anos 90-00)<br>Fuxo-Gramas, Ideas-Forza, Esq.<br>Recursos etc.        | 1.- TRANSUDIÓNS<br>Fronte ás "debates endogámicos"<br>PROCESOS CON GRUPOS OPERATIVOS<br>da teoría do vínculo e E.C.R.O.<br>(Reich, Varela, Penrose, Pichón-Riviére, Sorin etc.) | 2.- CONXUNTOS DE ACCIÓN<br>Fronte aos "indicadores dominantes"<br>SUSTENTABILIDADE CON RECURSOS INTEGRAIS<br>desde a agro-ecología e o DRP<br>(Naredo, Martínez-Alier, Chambers, Thomas, Adon, Sevilla etc.) | 3.- DEVOLOCÍONS CREATIVAS<br>Fronte aos "determinismos causa-efecto"<br>SATISFACTORES PÚBLICOS<br>da planificación estratégica situacional, PES<br>(Max Neef, Matus, Coraggio, Alons etc.)                          |
| ACOMPAÑAR MOVEMENTOS ALTERNATIVOS (actuais)<br>Redes de Seguimento, cronogramas, Esq.<br>Tetra-praxe etc. | Fronte ás "avaliacions académicas"<br>DESBORDES E REVERSIÓNS POPULARES<br>auto-formación da pedagoxía liberadora  | Fronte aos "estilos patriarcais"<br>DEMOCRACIAS PARTICIPATIVAS E (ECO)ORGANIZADAS<br>dos eco-feminismos e outros movementos alternativos   | Fronte á "sectorialización e os sectarismos" dos movementos<br>EIXOS EMERXENTES<br>dos movementos<br>4.- IDEAS-FORZA EMERXENTES<br>Alter-mundialistas (Foro Social Mundial, Hender-son, Santos, Holloway, Roy etc.) |
|   | 5.- REDESES DE INICIATIVAS<br>(Movemento das Mulleres Chikpo, Shiva, Kéller, Juliano, Sampedro etc.)  | 6.- REVERSIÓNS   |   |

## OS TEMPOS CONCRETOS PARA CREAR COLECTIVAMENTE

Máis vale equivocarse apostando e provocando por algo concreto, áinda con todas as dúbidas que un sempre ten en calquera proceso vivo, que quedar en formulacións moi xerais e abstractas para tratar de "quedan ben con todo o mundo". En Marañán deixamos con Interea un vídeo-DVD cos 6 pasos que adoitamos propor para o desenvolvemento dun proceso coa nosa metodoloxía "socio-práctica". Agora vou tomar do libro citado Desbordes Creativos a mesma proposta para que se poida ter referencia dela, para quen prefira manexala en papel. Porque o que dicimos hai que baixalo, cos seus tempos, a calquera práctica social cos seus ritmos particulares de vivencias culturais. Para non quedarmos – como acostuma suceder- en xeneralizacións, propoñemos un cadro (n.º 2) con algúns tempos aproximados. É preferible ser criticado por cuadricular os períodos de cada actividade ou salto creativo, que ficarmos na inconcreción das grandes palabras. Non nos cansaremos de recomendar o feito de non tomar como receitas os tempos que aquí se propoñen, posto que están sacados de experiencias moi diversas. Poden servir como referencia para algunas prácticas en localidades onde non teñan moita experiencia. Desde logo entre nove e doce meses un equipo de cinco ou seis persoas con certa dedicación poden facer a tarefa e acadar algúns resultados iniciais (polo menos isto é a experiencia dos cursos de apoio "escolas de cidadanía solidaria" con que vimos traballando hai anos). Evidentemente se o tempo que poden dedicar e a capacidade é alta, todo o proceso pode acabar antes, e se se pode facer con máis calma, en razón das capacidades ou do tempo, tamén se poderá conseguir que o proceso sexa máis asumido, pois non por moito correr sairá mellor. As diferenzas do tamaño da comunidade, cidade ou rexión e a cultura participativa tamén son variables para modificar todo o que aquí estamos a propor, e se lle poden facer todo tipo de emendas. É importante saber se hai no proceso traballadores públicos, e sobre todo cuantificar cantas horas lle poden dedicar, non confundindo "voluntarismo" con rigor ao usar as metodoloxías que se precisan para facer estes saltos ou períodos. E ter en conta que os horarios son os dispoñíbeis basicamente pola xente que traballa noutras cousas e que queira participar, posto que son os grupos motores e operativos os que irán asumindo as iniciativas e dirección do proceso.

En primeiro lugar, debemos considerar un tempo preliminar, moi variable e non cuantificable, que nos poida situar nas experiencias precedentes de que se parte. Non é o mesmo chegar a estes procesos desde o pulo dun movemento social, que polo voluntarismo dun equipo técnico ou dun político con boa vontade. Hai unha serie de características básicas e non só a boa vontade, para que se poida comezar con certas garantías de poder cumplir co que se pretende. Esta columna amósanos algunas das predisposicións que se han ter ademais da vontade de querer implicarse en metodoloxías participativas. Despois hai catro columnas para: facer un plano de traballo, realizalo, facer devolucións e unhas propostas operativas (máis adiante comentaremos algo de cada unha). E, na última columna, ábrese o proceso sen tempos límite, áinda que se recomenda que se teñan cronogramas para poder facer

Cadro nº 2: Planificación de accións integrais sustentabeis (Saber en 6 saltos-tempo, nos procesos socio-práxicos)

| TEMPOS / SABERES                     | Predisposición desde as expertizas previas (2/3 meses)                      | Construcción do plano de traballo negociado (2/3 meses) | Traballo de campo e análises abertas (2/3 meses)                             | Devolucións creativas e priorización (2/3 meses)  | Propostas integrais e sustentabeis   | Proceso de realizacións e seguimiento  |
|--------------------------------------|---|---|--|---|--|--|
| Quen? Saber estar                    | -Experiencias sociais<br>-Capacidade autocritica                            | (Eco) avaliar prexuízos<br>-Conversar con grupos        | -Escoitar todas as posicións<br>-Facilitar a dinámica de grupos              | -Dirixir obradoiros e encontros<br>-Provocar os saltos creativos.   | -Facilitar as alianzas<br>-Planificar participadamente                             | -(Eco)Dirixir metodolóxicamente<br>-Monitorear situacións  |
| Para que? Coñecementos Epistemoloxía | -De vivencias con analizadores á predisposición para "estilos transdutivos" |   | -Da boa vontade dos sujetos-suxetos ás estruturas con "convxuntos de acción" | -Das análises de acción-reflexións aos paradoxos e á reflexividade dos tetralemas e á "tetrapaxe" procesos de | -Das causalidades "recursivas" á construcción de nós críticos e "eixos emergentes" | -Dos indicadores de sustentabilidade á forza das "redes iniciativas participativas"                                    |
| Por que? Metodoloxías                | -Distincións entre outras metodoloxías e o participativo                    |   |  | -Complexidade de contextos de acción<br>-Temáticas comuns e contrapostas                                      | -Planificación estratégica situacional<br>-Creatividade cos grupos heteroxéneos    | -Idea-forza e dispositivos<br>-Articulación de proxectos<br>-Avaliación e monitoreo                                    |
| Como? Saber facer ferramentas        |   |   |  | -Fases dun proceso<br>-Problemática inicial e análise de redes sociais  | -Fluxogramas<br>-Obradoiros para devolucións creativas                             | -Votacións ponderadas (EASBW)<br>-Cadrados de organización e recursos  |
| Que? Resultados operativos           |   |   |  | -Entrevistas<br>-Obradoiros<br>-Análises<br>-Tetralemas   | -Nós críticos priorizados<br>-Construcción da rede de seguimiento                  | -Informe operativo:<br>propostas, organización e recursos<br>-Seguimento cronogramas<br>-Rearticulación de estratexias |
|                                      |   |   |  |   | 5  | 6  |
|                                      |   |   |  |   | 4  | 2  |
|                                      |   |   |  |   | 3  | 1  |

os seguimentos e monitoreos oportunos. Existe unha certa lóxica na disposición nesta orde das fases ou saltos a realizar, pero isto non quere dicir que non se poida alterar, ou que se poida acelerar ou retrasar calquera dos elementos en función dos requisitos de cada situación. Para o que serve este cadro é para poder xustificar o por que dos cambios que se poidan facer. Sería bo se se puidese razoar o por tanto do que se propón como dos cambios que se introduzan, e que non sexa o froito de decisións non debatidas ou de oportunismos alleos á propia lóxica participativa. Desde logo, o cadro non debería ter esta linguaxe, que aquí pretende certo rigor conceptual, se se pensa en implicar a persoas non acostumadas a estas terminoloxías. En calquera caso, será bo que se constrúa algún máis concreto e específico para cada situación.

Os "saberes" que pretendemos desenvolver podémolos dividir en cinco apartados (que entre si sempre están moi entrelazados), para poder distinguir mellor o concreto de cada momento e de cada pretensión. O primeiro é "saber estar", é dicir unha serie de capacidades persoais ou grupais que se poden e deben ter previamente polas experiencias vividas. Tamén se poden adquirir no proceso, pero sempre aditan ocupar máis tempo que o duns meses ou un ano. O feito de ter "pouso" vital, sobre todo para dirixir un proceso metodolóxico ou uns obradoiros ou asemblea, non é algo que se poida aprender nos libros ou nun curso acelerado. O saber "para que? para quen?" do conxunto do que facemos (o que chamamos "episteme"); e o saber o "por que?" de cada fase (o que chamamos "metodoloxía"), e que dan sentido ás técnicas e aos resultados, son os elementos fundamentais do que propoñemos. Os seis saltos da "epistemoloxía" xa foron comentados anteriormente como fundamentais para o que demos en chamar "socio-praxe". E a "metodoloxía participativa" que apuntamos só trata de ser coherente co que vimos postulando, razoando como articular eses saltos da maneira máis conveniente desde o que nos ensina a nosa experiencia. Canto ao "saber facer" (as técnicas, o "como?"), non nos parece tan importante aplicar unhas ou outras, sempre que se xustifique o "por que?" de o facer. E sobre o "que??" o resultado (os documentos e as prácticas que van quedando), o que se logren más completas ou menos, pois é unha cuestión de tempo e da participación para que sexan mellores, sempre que non se renuncie a aspirar a conseguir os obxectivos propostos.

Comentando estas columnas podemos ver unha certa lóxica de desenvolvemento do que vimos proondo. Na primeira columna hai algunha predisposición que parece necesaria para poder comezar calquera proceso. Aínda que non sexan imprescindíveis todas ao mesmo tempo, non nos cabe dúbida que se comeza con problemas se non se cumplen algúns destes pre-requisitos. Por exemplo que a xente que se implica xa saiba "estar" por ter participado antes noutras experiencias, ou que teña un mínimo de capacidade autocrítica, é dicir, non ir de prepotente. Para non quedarmos nas vivencias e pasar aos "estilos transdutivos", algo hai que estar dispostos, aínda que non se saiba aínda de todo de que se trata. Para iso, polo menos, hai que saber distinguir entre metodoloxías participativas e outras das ciencias sociais (aínda hai profesionais que pensan que é participativa unha enquisa ou un grupo de discusión). Se as distincións non se coñecen de todo previamente non pasa nada, pero

hai que aclarar canto antes de que estamos a falar e a que nos comprometemos, para que ninguén se leve a engano. Por exemplo, estar disposto a saír á rúa e ao traballo con grupos, que son cousas moi claras para unhas persoas pero que a outras lles resulta moi difícil de asumir, ou cando menos lles dá reparo antes de o facer. Nada disto é algo imposíbel de realizar, e de feito adoitamos facelo noutros aspectos das nosas vidas, aínda que non o nomeemos así. O importante é que sexamos quen de clarear e distinguir en que momento estamos ao empezar un proceso, para que poidamos comezar calibrando ben as nosas forzas.

Na seguinte columna xa empezamos as tarefas e o mellor é facelo con aqueles primeiros grupos que se apuntan ao proceso. Non basta ter boa vontade e tratámonos uns e outras como suxeitos. Non basta coa sinxela conversación porque sempre estamos cargados con prexuízos que sen dúbida acumulamos (de teorías e das experiencias das que cada cal vén). Por iso é bo que nos "(eco)avalén" (poidamos ver como nos ven outras persoas desde un primeiro momento. Dentro das fases dun proceso parece tamén conveniente comezar por recoñecer as redes sociais que pode haber nun mapa de relacións local, que o podemos construír con algúns grupos implicados participadamente. A idea é chegar a poder poñer nese mapa de relacións os diferentes "conxuntos de acción" e as súas estratexias particulares, contraditorias ou afíns, alleas ou simplemente diferentes ás nosas. Hai técnicas, para saber como facer ao principio dos procesos. Facer un DAFO (feblezas, ameazas, fortalezas, e oportunidades) para delimitar os síntomas de que partimos, ou facer un "transecto" (paseos de profesionais e usuarios que intercambian os seus coñecementos sobre o terreo) para comentar as distintas percepcións dos síntomas. Tamén un "sociodrama" ou un "xogo de rol", para recoñecer os prexuízos dos que partimos. Despois o que propomos é algún "sociograma", que tal como o facemos é un mapa de relacións local, con varias finalidades:

- Que os grupos implicados locais amosen até onde coñecen os outros suxeitos que teñen que ver no asunto (descóbrense sorpresas moi interesantes)
- Tamén nos pode servir como "mostra" para saber como enfocar o plano de entrevistas, grupos, obradoiros, documentación etc.
- Queda unha radiografía inicial do proceso.

Xa abertos ao traballo de campo cabe escutar todas as posicións que se poida e adoptar un estilo de facilitador/a. Non basta con reflexionar persoalmente ou en grupo sobre as accións e sobre a recollida de información que esteamos a facer con entrevistas, obradoiros, análises profesionais, porque aínda que isto está ben e é interesante, a "hiper-complexidade" das paradoxos sociais que nos achamos dá para un proceso que precisa de maiores profundizacións. É polo que procuramos realizar "reflexividades de segundo grao" a ser posible cos mesmos colectivos ou sectores sociais que nos teñen informado nas entrevistas ou nos obradoiros, facendo que se analicen eles propios, o por que dixerón o que dixerón e que outras cousas se lles ocorren neste segundo momento. Os "tetra-lemas" (sobre cuestións que dixeran, pódense construír cadros de catro posicións), e as "tetra-praxe" (outro cadro de catro

posicóns sobre as actitudes ou posicóns que adoptan os grupos implicados) poden ser instrumentos que faciliten o saber facer estas análises sen necesidade de seren necesariamente profesionais do tema. O mellor é que haxa grupos mixtos de profesionais e voluntarios locais que fagan a tarefa de simplificar as paradoxos achadas ás más significativas en cada momento, sobre todo para que non pareza a cousa más complicada do que realmente sexa. Logo, co debate, vólvense a construír novas paradoxos e, aparecen propostas moi creativas. Pero hai que comezar por "saturar" (é dicir, completar no mapa o sociograma) o percorrido por todas as principais posicóns que se poden dar arredor dun tema (non adoitan baixar de nove, nin superar unhas doce, máis ou menos), e entón é cando xa podemos cruzar as informacóns dun tipo e doutro, e confeccionar eses cadros de varias posicóns contrapostas para estas análises participativas.

Unha nova columna amósanos precisamente momentos para "devolver creativamente" esas frases e posicóns, que veñen da fase anterior. Hai que estar dispostos a dirixir talleres que permitan provocar saltos creativos nos seus participantes, é dicir, o que vimos dicindo de que as xentes poidan reflexionar sobre o que dixerón e por que, e posibelmente engadir algunas razóns que tiñan dentro, pero que non apareceron nunha primeira conversación. Así poden aparecer os "eixos emerxentes" que nos amosan que estamos nos bos camiños da creatividade participativa. Para estes saltos axudámonos dalgunha técnica da "planificación estratéxica situacional" como é o "fluxo-grama, para priorizar participadamente (en grupos de dez a vinte persoas, e logo ir a un plenario) cales son os principais "nós críticos" ou colos de botella que están dificultando os procesos. Aparecen causas e efectos relacionados entre si "recursivamente" (é dicir, non linealmente senón de forma cruzada, e tamén coma os posíbeis efectos inflúen nas causas), e podemos ver onde conflúen máis relacións e se debe actuar prioritariamente. É interesante nesta fase e as seguintes que os grupos de traballo empecen a ser "heteroxéneos", é dicir mesturados entre diferentes tipos de procedencias, tanto veciñais ou profesionais, pois conta maior sexa a pluralidade de cada grupo non se repiten tanto os hábitos herdados e animase á creatividade do mesmo. Tamén é importante que se poidan discutir as análises causais ou as propostas, máis polas ideas en si mesmas que por quen as di. Por iso dividir os talleres en grupos "heteroxéneos" tamén contribúe a ir construíndo "suxeiros colectivos" (identificacións de quen ten creado colectivamente algo), no camiño de que se vaia construíndo unha "rede de seguimento" do proceso.

Logo veñen as propostas, nunha columna onde hai que saber facilitar as alianzas para que a planificación acabe sendo operativa. Non bastará un proceso técnico con indicadores para facer seguimento do que se vai realizando, senón que son as "redes(eco)organizadas" as que deben levar o control para cada paso que hai que dar. Redes de seguimento coa súa democracia externa, interna e operativa, e por iso con unhas relacións "(eco)sistémicas" na súa organización non é a xerarquía de autoridade quen manda senón a "idea-forza" quen é capaz de xuntar as vontades e animar o proceso. Estes esquemas de "democracias participativas" para manexar os recursos dispoñíbeis poden ser moi operativos non tanto polas técnicas que empreguen como pola "idea-forza" e a súa capacidade de mover dispositivos voluntarios

no seu contorno. Non só por crer que a democracia sexa un fin en si propio, senón porque pode servir ademais, para acadar algún fin concreto e, sobre todo, para ir construíndo un futuro en que a xente sinta que conta. Desde logo, que haxa novas formas ou estilos de facer as cousas máis participadamente e con máis transparencia é moito mellor, como por exemplo realizar votacións ponderadas e non tanto de confrontamento frontal de uns contra outros. Aínda cabe avanzar moito máis nestes dispositivos para que a xente poida participar e que ademais poida sentirse protagonista, aínda que sexa das pequenas cousas. A estas alturas do proceso xa se tivo que construír colectivamente cales son as principais propostas, como é a mellor organización interna e cara a fóra e de onde hai que conseguir os recursos das inversións, tempos de dedicación etc. que se precisa para continuar.

Na última columna o proceso xa ten tempo definido porque está aberto a todo tipo de novas eventualidades, e para iso debe ter como referencia o seu propio cronograma. Saber facer nestes momentos, xa é máis complexo, porque hai que "monitorear" situacións ás veces non previstas e, aínda que se conte con unha organización democrática e participativa, non basta coa boa vontade dos grupos operativos. Hai que ser capaces de co-dirixir con metodoloxías que escoten o eco do imprevisto e saíban atender os "desbordes" que se produzán. Por iso falamos de "(eco)dirixir" para estar á altura dalgunhas "reversións" que poidan desbordar moitas partes do que se propuxo, ou que simplemente levan máis alá, as mesmas propostas que se pretenden, pero a maior ritmo (ou quizais se paralizan). A cuestión é como articular os distintos proxectos formulados desde a "idea-forza" e facelo mediante uns cronogramas que van fixando os tempos e as responsabilidades para a súa execución. Isto inclúe campañas de difusión e unha "eco" e "auto" formación (é dicir, non tanto clases formativas, como a formación que cada grupo ou persoa adquire polas súas relacións co ecosistema onde opera, ao facelo con certa consciencia). E para iso están o seguimento, a avaliación e o "monitoreo" dos cronogramas que se tiñan previsto, que facilitan os cruces sinérgicos entre si. Os desbordes sociais que poden provocar as "reversións" obrigarán ademais a rearticular as estratexias previstas e para iso, precisamente, necesitamos o "monitoreo" e a "eco-auto-formación" de que vimos falando. Neste texto.

Os procesos sociais sempre teñen as súas propias lóxicas que nos sorprenden e por iso consideramos que é máis intelixente estar preparados para iso antes que confiar en que o temos todo previsto. O rigor metodolóxico que pretendemos con este caadro de saberes e tempos non é para cumplir tal cal, senón para ver como se vai modificando e que haxa un referente para poder debater rectificacións. A creatividade non é tratar de inventar da nada, o cal sería imposible, ademais, senón sermos quen de responder ás novas situacións que inevitavelmente sempre van ir aparecendo, tanto por dispositivos nosos de "reversión" como por causas menos previstas. É isto, precisamente, o que fai moi interesante para as ciencias sociais todo o concreto, por iso que ten de condensación das relacións complexas da sociedade. Ademais, pódese actuar de forma participativa con máis facilidade a partir dos ámbitos máis achegados até os maiores. Polo menos parécenos que resultan creativos estes saltos no camiño emprendido até o momento.

A animación sociocultural acostuma quedar reducida a uns xogos benintencionados para motivar unha serie de persoas que son reacias á participación. Pero se afondamos nas relacións vivenciais do propio proceso e nas lóxicas causais de fondo destas motivacións, o sociocultural amósase nos moito máis que unha animación simplemente. Desde estas prácticas estase en contacto directo e sentido con persoas que están espertando a creatividade e con sectores e redes sociais que queren facer cousas por si mesmas e polos demais. É, por tanto, unha base de reflexión privilexiada para podermos facer avanzar tanto o colectivo humano con que se está tratando como as propias persoas que se sintan dinamizando. E, tanto nas realizacións prácticas e nos posíbeis cambios do local, como das súas posíbeis repercusións no supra-local, e tanto nas vivencias incorporadas por cada participante e as memorias colectivas, como nas achegas ás metodoloxías transformadoras. O que significa que non é pequeno o reto que temos diante e que o podemos asumir creativamente.

## BIBLIOGRAFÍA

- Abril, G. (1994): "Análisis semiótico del discurso" en Delgado, J.M. e Gutiérrez, J., *Métodos e técnicas cualitativas en la investigación en ciencias sociales*. Madrid: Síntesis.
- Alonso, L.E. (1999): *Trabajo y ciudadanía*. Madrid: Trotta.
- Antunes e outros (1994): *Manifiesto Eco-socialista*. Madrid: Libros de la Catarata.
- Ardón, M. e Croft, J. (2002): *La auto-investigación para la gestión municipal de recursos*. Tegucigalpa: ASOPAL.
- Atlan, H. (1990): *Entre el Cristal y el humo*. Madrid: Debate.
- Bajtín, M. (19974): *La cultura popular en la edad media y en el renacimiento*. Barcelona: Barral.
- Bott, E. (1990): *Familia y red social*. Madrid: Taurus.
- Bourdieu, P. (1997): *Razones Prácticas. Sobre la teoría de la acción*. Barcelona: Anagrama.
- Brockman, J. (1996): *La tercera cultura*. Barcelona: Tusquets.
- Capra, F. (2003): *Las conexiones ocultas*. Barcelona: Anagrama
- Colectivo Iōé (1993): "Investigación-acción-participativa", en *Documentación Social*, nº 92.
- Coraggio, J.L. (2000): *Política social y economía del trabajo*. Madrid Miño y Dávila.
- Dabas, E. (1993): *Red de redes*. Bos Aires: Paidós.
- Debord, G. (1976): *La sociedad del espectáculo*. Madrid: Castellote.
- Delgado, J.M. e Gutiérrez, J. (1994): *Métodos y técnicas cualitativas en la investigación en ciencias sociales*. Madrid: Síntesis.
- Elías, N. (1994): *Conocimiento y poder*. Madrid: La Piqueta.
- Fals, R. e Brandao, CR. (1986): *Investigación participativa*. Montevideo: Instituto do Home.
- Fals, R. e outros (1993): "Investigación-Acción-Participativa" en *Documentación Social*, nº 92.
- Fernández-Buey, F. (2003): *Poliéticas*. Madrid: Losada.
- Fernández de Castro, I. e outros (1986): "Crisis social de la ciudad" en *Alfoz*, nº 34.
- Freire, P. (1970): *Pedagogía del oprimido*. Madrid: Siglo XXI
- Galtung, J. (1984): *iHay alternativas!* Madrid: Tecnos.
- González, J. (Trad. e Pr.) (1977): *La creación abierta y sus enemigos*. Madrid: La Piqueta.
- Gramsci, A. (1970): *Introducción a la filosofía de la Praxis. Textos situacionalistas sobre arte y urbanismo*. Barcelona: Peñinsula.
- Guattari, F. (1976): *Psicoanálisis y transversalidad*. Buenos Aires: Siglo XXI.
- Guattari, F. (1990): *Las tres ecologías*. Valencia: Pre-Textos.

- Henderson, H. (1989): "Una guía para montar el tigre del cambio" en Lovelock e outros, *Gaia*. Barcelona: Kairós.
- Holloway, J (2002): *Cambiar el mundo sin tomar el poder*. Barcelona: El Viejo Topo.
- Ibáñez, J. (1990): *Nuevos avances en investigación social*. Barcelona: Cuadernos A.
- Ibáñez, J. (1994): *Por una sociología de la vida cotidiana*. Madrid: Siglo XXI.
- Illich, I. (1975): *La sociedad desescolarizada*. Barcelona: Barral.
- Irán JM. e outros (1995): *Sociología de la ciencia y la tecnología*. Madrid: CSIC.
- Jameson, F. (1989): *Documentos de cultura, documentos de barbarie*. Madrid: Visor.
- Juliano, D. (1992): *El juego de las astucias*. Madrid: Horas y horas.
- Keller, E.F. (1994): "Las paradojas de la subjetividad científica" en Prigogine e outros, *Nuevos paradigmas, cultura y subjetividad*. Buenos Aires: Paidós.
- Kosko, B. (1995): *Pensamiento Borroso*. Barcelona: Crítica.
- Kropotkin, PA. (1978): *Campos, fábricas y talleres*. Madrid: Júcar.
- Laclau, E. (2005): *La razón populista*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.
- Lapassade, G. (1977): *El análisis institucional*. Madrid: Campo Abierto.
- Lomnitz, L. (1994): *Redes sociales, cultura y poder*. México: M.A. Porrúa. FLACSO.
- Lourau, R. (1975): *El análisis institucional*. Buenos Aires: Amorrortu.
- Lourau, R. (1980): *El estado y el inconsciente*. Barcerlona: Kairós.
- Luhmann, N. (1997): *Organización y decisión*. Barcelona: Anthropos.
- Mandelbrot, B. (1987): *Los objetos fractales*. Barcelona: Tusquets.
- Margulis, L. (2002): *Planeta simbiótico*. Madrid: Deabate.
- Martín, L. (1991): *Diez lecciones de epistemología*. Madrid: Akal.
- Marx, C. (1970): *Tesis sobre Feuerbach*. México: Grijalbo.
- Maturana, H. (1995): *La realidad, ¿objetiva o construida?* Barcelona: Anthropos.
- Maturana, V. (1990): *El árbol del conocimiento*. Madrid: Debate.
- Matus, C. (1995): *El chimpancé, Maquiavelo y Gandhi*. Caracas: Fundación Altair.
- Max, M.A.; Elizalde, A. e Hopenheim, M. (1993): *Desarrollo a escala humana*. Montevideo: Nordan.
- Morin, E. (1994): *Introducción al pensamiento complejo*. Barcelona: Gedisa.
- Morin, E. (2003): *El Método. La humanidad de la humanidad*. Madrid: Cátedra.
- Naredo, J.M. e outros (1996): *Ciudades para un futuro sostenible. Habitat II*. Madrid: Ministerio de obras Públicas.
- Navarro, P. (1993): *El holograma social*. Madrid: Siglo XXI.
- Núñez, C. (1989): *Educar para transformar, transformar para educar*. San José de Costa Rica: Alforja.
- Núñez, C. (2001): *La revolución ética*. Xátiva: L'Ullal.
- Pearce, B. (1994): "Nuevos modelos y metáforas comunicacionales: el pasaje de la teoría a la praxis" en Prigogine e outros, *Nuevos paradigmas, cultura y subjetividad*. Buenos Aires: Paidós.
- Penrose, R. (1996) "La conciencia incluye ingredientes no computables" en Brockman, J., *La tercera cultura*. Barcelona: Tusquets.
- Pérez-Agote, A. e outros (1996): *Complejidad y teoría social*. Madrid: CIS.
- Piaget, J. (1972): *Lógica y psicología*. Barcelona: Redondo
- Pichón-Rivièrre, E. (1991): *Teoría del vínculo*. Buenos Aires: Nueva Visión.
- Piusi, A.M. (2006): *Formar y formarse en la creación social*. Xátiva: Denes. Diálogos. Crec.
- Prigogine, I. (1997): *El fin de las certidumbres*. Madrid: Taurus.
- Prigogine I. e outros (1994): *Nuevos paradigmas, cultura y subjetividad*. Buenos Aires: Paidós.
- Rebellato, J.L. (2000): *Ética de la Liberación*. Montevideo: Nordan.
- Reich, W. (1971): *La aplicación del Psicoanálisis a la investigación histórica*. Barcelona: Anagrama.
- Roy, A. (1997): *El dios de las pequeñas cosas*. Barcelona: Anagrama.
- Sacristán, M. (1987): *Pacifismo, ecología y política alternativa*. Barcelona: Icaria
- Sánchez-Vázquez, A. (1968): *Filosofía de la praxis*. Río de Janeiro: Paz e Terra

- Sampedro, J.L. (2005): *Escribir es vivir*. Barcelona: Areté.
- Santos, B.S. (2005): *El milenio huérfano*. Madrid: Trotta.
- Scout, J.C. (2003): *Los dominados y el arte de la resistencia*. País Vasco: Txalaparta.
- Sevilla, E. (2003): "El desarrollo rural de la otra modernidad" en Encina e outros, *Praxis participativas desde el medio rural*. Madrid: CIMAS-IEPALA.
- Shiva, V. (1995): *Abrazar la vida, Mujer, ecología y desarrollo*. Madrid: Horas y horas.
- Sorín, M. (1992): *¿Cómo, por qué, para quién?* Barcelona: Labor.
- Subcomandante Marcos (1999): *De las montañas del sureste mexicano*. México: Plaza y Janés
- Tapia, L. (2006): *La invención del núcleo común. Ciudadanía y gobierno multisocial*. La Paz: Muela del Diablo.
- Thomas, I. e Franke, R. (2004): *Democracia local y desarrollo*. Xátiva: Crec y Denes.
- Torres, C. (1978): *Entrevistas con Paulo Freire*. México: Garnica.
- Varela, F. (1998): *Conocer. Las ciencias cognitivas: tendencias y perspectivas*. Barcelona: Gedisa.
- Villasante, T.R. (1998): *Cuatro redes para mejor vivir*. Buenos Aires: Lumen Humanitas.
- Villasante, T.R. (2001): *Prácticas locales de creatividad social*. Barcelona: el viejo Topo.
- Villasante, T.R. (2002): *Sujetos en movimiento. Redes y procesos creativos en la complejidad social*. Montevideo: CIMAS-Nordan.
- Villasante, T.R. (2006): *Desbordes creativos. Estilos y estrategias para la transformación social*. Madrid: La Catarata.
- Von Foerster, H. (1992): *Las semillas de la cibernetica*. Barcelona: Gedisa.
- Wainwright, H. (2003): *Cómo ocupar el Estado*. Barcelona: Icaria.





## **O reto da participación cidadá nas políticas culturais**

**ÓSCAR REBOLLO**

Universidade Autónoma de Barcelona

Que estamos a vivir un período de profundos cambios sociais, económicos e políticos parece bastante incuestionábel, aínda que seguimos funcionando mentalmente cos imaxinarios do benestar que se construíu en Europa entre mediados das décadas de 1940 e 1970, hai xa máis de 30 anos. É un tempo suficiente como para podermos observar, más alá da intuición, as liñas mestras de moitas das transformacións en todos os planos da vida social. Tanto como para sostener que máis ca unha época de cambios o que estamos a vivir é un cambio de época (Subirats, 2005). Con todo, convén tamén sinalar que non podemos trazar con nitidez e precisión o debuxo definitivo das novas sociedades que se están a construir polo menos en todas as ordes da vida social. Ademais, persisten aínda con forza elementos non marxinais da "época anterior", pois os cambios sociais non se constrúen subitamente, dun plumazo. Son, más ben, o resultado da interacción entre o funcionamento establecido e o novo que se quere establecer; para o cal, ademais, moitas cousas do pasado poden resultar funcionais e ninguén pula por as trocar.

O obxectivo destas páxinas é discutir sobre a dimensión política deses cambios e, en particular, sobre o papel en que fica a cidadanía en relación ás novas políticas públicas emergentes. Algunhas destas formulacións novas nas políticas sociais e culturais sitúan no cerne das súas estratexias a implicación da cidadanía, a súa participación nalgúnha fase do deseño ou da implementación das devanditas políticas. Pois ben, queremos ofrecer algunas reflexións sobre o "por que" o "con quen" e o "como" deste novo proceder participativo.

As reflexións de carácter operativo e metodolóxico que se presentarán xorden, en boa medida, da nosa experiencia práctica. Trátase de reflexións construídas e debatidas colectivamente<sup>1</sup> mentres estivemos operando, dinamizando procesos concretos de participación cidadá e desenvolvemento comunitario, ou no deseño e implementación dalgúnsas políticas locais. Quizais isto non lles confira máis valor, pero si as connota dalgún modo.

Pero a experiencia práctica, o día a día nos procesos, precisa tamén un marco conceptual no que contextualizar moitas cousas que vemos nese día a día e que non se explican únicamente desde os parámetros e as variábeis que podemos manexar localmente. Precísase unha mirada máis global sobre o conxunto dos cambios sociais: a construir esa mirada dedicamos o próximo apartado; antes de entrar nos asuntos máis prácticos, operativos e metodolóxicos.

1. Non podo citar os nomes de todos e todas e non quero deixar a ninguén fóra da listaxe, pero para ser honesto, reflectir que, pese a que a responsabilidade deste texto só pode corresponder ao seu autor, as reflexións que aquí aparecen son froito do traballo de equipo. Con todo, por iso non podo deixar de sinalar o equipo técnico do plano comunitario de Trinitat Nova, en Barcelona, entre os anos 1996-2001; os titulares dos proxectos do posgrao de participación cidadá, na Universidade Autónoma de Barcelona, entre 1998 e 2004. Finalmente, o grupo de técnicos de participación cidadá da Fundación Kaleidos.red no período 2004-2006.

## ARGUMENTOS<sup>2</sup>

### O FRACASO DA "GRAN PROMESA"

Moi esquematicamente e xeneralizando dun modo seguramente pouco rigoroso, pois en países distintos os procesos concretáronse de modo diverso, poderíamos caracterizar a época anterior, a que se correspondería cos 30 anos gloriosos dos estados do benestar en Europa, cunhas poucas e grosas pinceladas.

Desde un punto de vista económico, estariamos falando de economías nacionais, comercio e cooperación internacional nunha fase expansiva do capitalismo na América do Norte e en Europa. Da implantación dos modelos de producción fondistas a través da instalación en grandes empresas con procesos produtivos integrados; e dun mercado de traballo caracterizado pola existencia do pleno emprego para os homes cabeza de familia.

Desde un punto de vista político estaríamos falando do protagonismo do estado-nación no deseño e implantación tanto económicas (inversionistas, monetarias e fiscais) como sociais (redistributivas). Estariamos a falar, tamén, dos partidos de masas como o instrumento político por excelencia para conectar a sociedade co Estado e acceder ao control do goberno. Moi especialmente, estaríamos falando do gran período da inclusión política da clase obreira a través do sufraxio universal e dos grandes partidos e sindicatos socialdemócratas e comunistas.

Socialmente, a historia remítenos a un período caracterizado por unha estrutura social cun forte compoñente de clase, tanto no material e laboral como no identitario, e non só polo que se refire á clase obreira. As clases medias están en proceso de expansión grazas ao funcionamento dos mecanismos de mobilidade social ascendente e ao crecemento económico. A clase obreira, pola súa banda, grazas ao industrialismo fordista de grande empresa e aos modelos sociais de consumo de masas, caracterízase, por unha sólida tendencia de homoxeneización nas condicións de traballo e nos estilos de vida.

Neste período o conflito socio-político xestiónase a través das grandes organizacións sindicais e políticas, sexa na empresa, no sector produtivo ou no territorio, e o Estado exerce, con lexitimidade e recursos, un papel de árbitro da contenda claramente encorado cara á salvagarda dos mecanismos básicos de funcionamento do sistema (capitalista de benestar). A isto axuda que o capital sexa nacional e estea relativamente organizado en organizacións que representan os seus intereses; e que as inversións internacionais se produzan basicamente a través de empresas multinacionais que producen bens ou servizos, instalan plantas e equipos produtivos e, así facendo, conéctanse funcionalmente coas economía produtivas nacionais.

2. Partes deste apartado están pendentes de publicación por parte do mestrado de Psicoloxía Ambiental da Universidade de Barcelona

O estado ten na "época anterior" unha gran preponderancia e protagonismo: facendo o papel de árbitro e impulsor de grandes acordos socio-económicos de cor te neocorporatista entre organizacións patronais e sindicais, dirixindo coa política económica o devir dos aparellos produtivos, asegurando a prestación dos servizos básicos á cidadanía e, en definitiva, sendo o garante da gran promesa, unha gran promesa que se fundamenta en catro ideas principais:

1. A idea dun crecemento ilimitado dos recursos e a riqueza –que se sintetiza no concepto de desenvolvemento.
2. A idea de que, a través do traballo e da familia, a práctica totalidade da poboación poderá acceder a unha cota suficiente e, por suposto, crecente dese desenvolvemento ilimitado.
3. A idea de que o Estado se ocupará sempre de que iso sexa así e, tamén, de tapar furados, de completar o benestar con salarios sociais ou diferidos e de cubrir a aqueles -poucos- que non puidesen facer valer a súa capacidade de traballo (ou lles fallase a familia)
4. A idea dunha sociedade aberta en que é posible a mobilidade social sobre fundamentos meritocráticos (a través do esforzo na educación e a carreira profesional basicamente).

Traballo estable garantido, estado protector e regulador e mobilidade ascendente nunha sociedade aberta, configuran a tríada conceptual e ideolóxica dunha gran promesa que, ao estar construída sobre a hipótese dun crecemento-desenvolvemento ilimitado, rematou por se converter nunha profecía incumprida e cada vez más difícil de cumplir. E vale dicir que xa desde un principio contiña importantes limitacións e contradicións, pois sempre foi unha gran promesa para os habitantes dos países ricos do centro do capitalismo que se sostiña sobre as pobrezas e dependencias dos outros países capitalistas: os países tamén capitalistas mais pobres e periféricos. Como tamén desde o principio se adoptou unha visión cortopracista dos recursos naturais que non tiña en conta a sustentabilidade do desenvolvemento económico tal e como se formulaba.

Neste marco de construcción de sociedades e políticas do benestar, o Estado, na súa faceta de provisor de bens e servizos (políticas públicas) é unha maquinaria burocrática que funciona como corresponde a ese modelo: centralización da planificación, estandarización de respostas, especialización destas e, como resultado de todo iso, unha certa simplificación dos problemas e das políticas.

Unha vez pasados máis de 30 anos daqueles 30 anos podemos ver como moitas cousas teñen cambiado de xeito radical, pero sobre todo, obsérvanse cambios que afectan ás ideas e aos procesos sociais, políticos e económicos que eran fundamentais no debuxo da época anterior, a da gran promesa. Non estamos falando, pois, de cambios anecdóticos. Onde antes había un estado-nación regulador e redistribuidor, agora temos un estado desregulador, dependente e reactivo aos ditados da globali-

zación económica. A política económica nacional praticamente desapareceu e só se conservan vestixios nos departamentos inversores en infraestruturas dos gobernos. O capital internacional é agora basicamente financiero-especulativo. As empresas multinacionais seguen existindo, claro, pero a súa actividade produtiva é unha parte moi pequena do que se move a escala global en termos de fluxos monetarios, bonos, divisas etc. o que se ten denominado a economía dos símbolos fronte á dos bens e servizos (Luis de Sebastián, 1992).

Se nos fixamos no mercado do traballo vemos como a tendencia que hoxe domina é a da precariedade, tanto desde o punto de vista das condicións de acceso ao emprego, como polo que se refire ás condicións de mantemento e saída deste. Fron- te á estandarización fordista e a integración dos procesos produtivos, o concepto reinante hoxe en día, e desde hai xa algún tempo, é o da flexibilidade asociada á descentralización de procesos produtivos e a xestión da man de obra. Rompéreronse as continuidades formación-emprego para os mozos e a promoción laboral dentro da empresa ou o sector da actividade. A carreira profesional faise inconcibíbel como proxecto para unha gran cantidade de traballadores que, a base de cambiar de em- presa, sector e actividade ten difícil chegar a consolidar un oficio, non digamos xa unha carreira (Miguélez-Prieto, 1999).

Finalmente, no plano socio-político, onde antes tiñamos fortes identidades de clase, homoxeneización da clase obreira, sindicatos con forte implantación e partidos de masas; hoxe temos unha eclosión de identidades diversas xunto coa desconfi- guración das tradicionais de clase, como resultado dos procesos de fragmentación da estrutura social: segmentacións do mercado de traballo, infraclasses e subclases (Galbraith, 1992), incremento dos colectivos en situación de vulnerabilidade social (Castel, 1997), crecimiento exponencial dos procesos migratorios sur-norte e un forte freo ás expectativas de mobilidade social.

Temos, en consecuencia, uns sindicatos minorizados que, en boa parte, se dedican á defensa dos intereses dos traballadores con emprego estabel. E temos, finalmente, uns partidos políticos que, na súa totalidade, non son máis que simples maquinarias electorais e instrumentos más ou menos eficaces ao servizo da promoción persoal dos seus cadros más avezados, pero que difficilmente poden xogar eficazmente o papel de conectar a sociedade co Estado (Coch, 2004)

Convén dicir, e subliñar, que todos estes cambios non son froito do azar, por suposto, nin viñeron dados ou condicionados por non se sabe que extraños fenómenos. Todos estes cambios son o resultado das estratexias seguidas para os provocar por parte dos seus actores promotores: as estratexias das grandes empresas transnacio- nais e das novas políticas neoliberais submisas a esas estratexias. O cambio social non vén doutros planetas, nin o provoca unha tecnoloxía que non teña detrás deseñadores, inversores e clientes que queren facer algo con ela e, por iso, a financian e a expanden. O cambio social pois, na súa globalidade, é o resultado de procesos sociais protagonizados por actores sociais concretos; os axentes do cambio; que se ben poden non debuxar nun papel todos e cada un dos cambios que van provocar, si

teñen clara -os que os lideran- unha estratexia a seguir que, caso dos países centrais do capitalismo, tiveron por claro obxectivo o que na linguaxe tradicional poderíamos chamar “recomposición de forzas no capitalismo”. Ou dito doutro modo, que a forte inclusión política da clase obreira ata mediados do século XX provocou unha rela- ción de forzas entre o capital e o traballo dentro do capitalismo que “era necesario corrixir”, pois unha parte crecente da riqueza nacional se viña desviando cara a sala- rios e beneficiarios sociais en vez de ganancias empresariais, nos últimos tempos da “época gloriosa”.

Este cambio de época supuxo, como viñamos dicindo, unha serie de transformacións sociais de calado fondo que veñen afectando a todas as ordes da vida social: como traballamos? Como nos educamos e aprendemos? En que estruturas familiares vivi- mos? Quen son agora os nosos veciños? Que expectativas de vida construímos? De que tempos dispoñemos? A súa vez, os novos procesos de fragmentación social, a propia globalización económica e os riscos ecolóxicos fan aflorar novas formulacións dos problemas que encerran unha complexidade que non é doadoo desentrañar. Levamos xa algúns anos falando de políticas de “inclusión social” de “rexeneración urbana”, de “sustentabilidade” ou de “desenvolvemento local”, por poñer só algúns dos exemplos más recorrentes de políticas complexas. Isto é, de políticas que non son fáciles de burocratizar.

## Novas Complexidades nas Políticas Públicas Locais

Ao fío da anterior lectura dos novos contextos sociais, xérase un amplio consenso entre analistas e estudosos das políticas públicas e dos procesos sociais – un consenso a que se suman os xestores públicos e os practicantes en xeral, sexa desde o ámbito das administracións, desde estruturas técnicas e profesionais ou desde as entidades e asociacións da sociedade civil– a idea de que “xa non serven as vellas receitas”; se se nos permite o uso desta expresión que, non por corrente ou usual, perde un ápice de precisión en relación co que queremos sinalar.

Desde o punto de vista das políticas públicas faise de todo necesaria a tarefa de reconceptualización dos principais parámetros con que ata agora se viñeron defini- nindo estas políticas. Existe, como xa dixemos, un consenso bastante xeneralizado arredor da idea de que determinadas formas de funcionar ríxidas e burocráticas, fortemente xerarquizadas, sectoriais e desvincelladas do contexto de actores con que se comparte o escenario en que se han desenvolver, amósanse cada día que pasa más ineficaces (en relación cos obxectivos que perseguen) e ineficientes (no uso dos recursos dispoñíbeis). Ademais, cada vez son máis os ámbitos en que isto ocorre; moi especialmente na escala local. Fálase así, tamén cada vez de forma más recorrente e insistente, de desburocratizar os procesos e as relacións, de facer más transversais os recursos, más integrais as programacións e más participativas as propias políticas. O problema aparece ao intentar poñer en funcionamento todo iso; pois non resulta nada fácil e non está claro que saibamos facelo por máis que saibamos enunciarlo.

Por unha parte, xa o dixemos, as novas formulacións que adquieren os problemas resultan máis complexa que antano. Cando falamos de sustentabilidade, inclusión social, desenvolvemento local ou políticas de proximidade, somos capaces de formular con certa precisión os obxectivos que pretendemos conseguir, pero trátase de obxectivos que incorporan sempre múltiples dimensións que, traducidas a recursos, andan espallados polo interior das maquinarias administrativas. Poñer en marcha políticas de sustentabilidade ou de desenvolvemento local é poñer en marcha políticas que son a vez educativas, culturais, económicas, urbanísticas ou enerxéticas, por exemplo, e que teñen ou poden ter especificidades segundo a idade ou o sexo, pero que tamén poden necesitar dispositivos agregados para grupos, familias ou comunidades. Un lío, vaia!

Pero o lío non remata aí. Outra cousa que teñen en común estas novas formulacións más complexas dos problemas e das respostas é que, nin aínda cando acadan integrar ou transversalizar os dispositivos de dentro dunha administración sería suficiente, pois seguiría sendo necesario poñer de acordo a varias, xa que as competencias e os recursos descentralizáronse, algúns cara aos niveis inferiores aos do estatalización; gañando peso os gobernos locais, por exemplo, e outros concentráronse en esferas supra-estatais, como a Unión Europea. Por iso algúns falan da necesidade de artellar políticas multinivel, onde "artellar" e "multinivel", que son aspectos en boa parte procedimentais ou metodolóxicos, constitúen o principal reto da política.

Pero "articulados" mesmo todos os niveis de governo, nos seguirían faltando actores cruciais para o desenvolvemento das devanditas políticas; pois praticamente en todos os casos aparece cada vez con maior evidencia que a implicación e a participación de actores non-públicos-non-institucionais resulta crucial. Non podemos facer políticas de desenvolvemento sen os axentes do desenvolvemento, non podemos facer políticas de sustentabilidade sen contar cos consumidores de recursos e enerxía, non podemos facer rexeneración urbana sen contar cos veciños. E así en multitude de casos. Pero non porque sexan estos actores cívicos, ciudadáns, consumidores, usuarios, veciños ou calquera outra condición, os que deban ofrecer unhas ideas ou propostas que o Estado por si só é incapaz de achar, senón porque precisamente estes novos problemas non se resolven só con ideas. Precísase a implicación en acto da xente, da cidadanía: dos que finalmente mercan e consumen, os que se transportan, conviven, respectan ou non o contorno e aos seus concidadáns, sanan e os que enferman e se educan ou son educadores.

En resumo, os novos tempos, os retos desta nova época, están marcados por novos problemas que son complexos na súa formulación e esixen estratexias de resposta que incorporen, polo menos, dúas novas visións. Aínda que, como xa dixemos, son ata agora más doidas de conceptualizar que de operativizar e de poñer en práctica. Precísase, por un lado, unha visión que apunte más cara aos problemas que debemos afrontar, que cara ás formas burocráticas en que temos actualmente organizados os recursos públicos e as competencias administrativas. Algúns falarán de visión global, outros de visión territorial ou integral ou calquera outra concepción que se afaste da visión sectorial e parcelada que predomina na cultura burocrática.

Necesitamos tamén, por outra banda, unha cultura relacional que, recoñecendo de entrada que ningún por si só, ningunha administración tampouco, pode facerse cargo dos problemas complexos, aposte pola colaboración máis que pola competencia e procure, así a implicación, a participación e o compromiso doutros actores públicos e cívicos.

Pensar os problemas complexos desde as súas lóxicas intrínsecas de xeración, interrelación e reversión. Pensar os problemas desde os problemas propios, mirando de cara á súa complexidade e assumindo a nosa perplexidade e as nosas limitacións. Facendo así quizais sexamos quen de desbancar certos apriorismos, as formas tradicionais de organizar o coñecemento e as formas tradicionais de organizar os recursos e as competencias. Algúns chámalle a isto planificar de abajo cara a arriba, isto é, desde a vivencia dos problemas e non desde a posesión ou o control dos recursos públicos. E é, sen dúbida, un dos potenciais da participación cidadá.

Neste punto, podemos subliñar xa unha conclusión que nos parece chave en relación coas políticas culturais: difícilmente podemos facer xa dos "problemas culturais" algo illado do resto dos problemas. Do mesmo xeito, difícilmente podemos facer das "políticas culturais" algo illado do resto das políticas.

Pero é que, ademais, difícilmente poderemos poñer en práctica as novas políticas que se precisan sen buscar a implicación doutros actores. O lema aquí é "só non podo", por moi goberno que un sexa. Esta implicación de actores plurais ten que ver, por suposto, coa participación cidadá, pero non se queda aí. Refírese tamén á implicación de entidades e asociacións, servizos públicos, axentes económicos, centros de investigación e producción de coñecemento e outros que aparezan en función das políticas concretas e que se vinculan, traballan e se relacionan doutra maneira, desde outros compromisos e á busca doutras oportunidades que as simplemente instrumentais e cortopracistas. Por suposto, o goberno que fai isto debe ser un goberno humilde que recoñeza que son as súas limitacións as que conducen a este escenario e non unha pretendida magnificencia. Do mesmo xeito, deberá ser un goberno valente, pois debe dicirle á xente que os problemas son tamén seus, que o goberno non llelos vai resolver e que se despreocupen. Máis ben todo o contrario, que non poden desentenderse e deben implicarse.

## POLÍTICAS CON PARTICIPACIÓN

Nótese que non queremos referirnos a políticas de participación, como se o obxectivo da política fose a participación en si propia, senón a políticas con participación pois, como vimos dicindo, do que se trata é de resolver problemas, de enfrentarse a transformacións sociais que requieren da implicación de máis xente ca o propio goberno e a súa administración.

Non é esta, sen dúbida, a única invocación que se fai á necesidade de máis participación cidadá. Hai quen, con razón, insiste en que a participación cidadá é un

dereito fundamental recollido no noso ordenamento xurídico –por sermos un país democrático- e que para os gobernos non é unha graza concedelo, senón un obriga promovelo (Pindado, 2000). Tamén está o argumento de que a participación, ademais dun dereito ou unha obriga, é unha necesidade para a continuidade e a calidade do propio sistema democrático; que hoxe está en crise na medida en que a xente vota menos ou se afilia pouco ás grandes organizacións políticas e que segue con pouco interese os asuntos públicos, segundo se di. Desde este punto de vista resulta evidente que sen máis participación, sen máis implicacións da cidadanía na vida política, a democracia non se sostén; ainda que non é menos certo que se requiere que esta participación sexa de cidadáns autenticamente demócratas e iso non ten que ver coa cantidade de participantes senón cos principios, valores e aptitudes que rexen as súas condutas e coa súa manifesta vontade de construír espazo público, unha tarefa que, como nos sinala Innerarity (2006) resulta laboriosa e fráxil.

## REFLEXIÓN METODOLÓXICAS<sup>3</sup>

Xa levamos algúns anos traballando en participación cidadá desde o ámbito local e, a día de hoxe, son bastantes os concellos que teñen no seu haber experiencias diversas neste eido. Con todo, o percorrido é aínda curto ou, se se prefire, non o suficientemente longo como para ter asentado nos actores que promoven os procesos (técnicos e políticos locais) unhas formas de traballo suficientemente experimentadas e contrastadas e con que nos sintamos, por tanto, suficientemente seguros. Ademais moitas destas experiencias son aínda dispersas, puntuais, moitas veces desconectadas do funcionamento ordinario da organización municipal. Todo isto fai que destaque, por enriba de todas, dúas demandas para seguir avanzando: necesitamos poñer orde e precisamos método. A necesidade de poñer orde xorde, como dicimos, da crecente proliferación de experiencias e co feito, ademais, de que os concellos que acaban apostando pola posta en práctica de políticas participativas, sen chegar aínda ao nivel dunha omnipresencia destas, o certo é que van tomando iniciativas que ademais de diversas soen estar dispersas por dentro e por fóra da organización municipal; sexa sectorialmente, funcionalmente ou desde o punto de vista territorial. Os que andan más metidos no allo, os e as técnicas responsábeis de dinamizar, coordinar ou impulsar estas experiencias, e tamén moitos políticos que teñen interese ou responsabilidade no asunto, teñen chegado ao convencemento de que esa orde é necesaria e estanse definindo, mesmo, algúns instrumentos que han axudar a conseguilo como os planos directores e estratéxicos de participación.

Pero non semella que estes instrumentos de planificación poidan ser útiles se non se acompañan dunha reflexión que intente dar resposta á necesidade, non xa de deseñar unha estratexia global, que tamén, senón de facer de cada unha das experiencias e prácticas participativas unhas boas experiencias.

<sup>3</sup>. Partes deste apartado foron redactadas orixinalmente para dinamizar as sesións do grupo de traballo en participación cidadá da fundación Kaledido.red e discutidas conxuntamente cos meus colegas e amigos Marc Majós e Joel Martí. O resultado final deste traballo, moito máis extenso, elaborado e colectivo está pendente de publicación por parte da Fundación Kaledidos.red.

A última parte deste artigo dedicámola a recoller algunas reflexións que teñen a vontade de seren metodolóxicas, útiles para poñer en práctica políticas con participación aplicábeis ás políticas culturais e outras moitas. Polo menos ese é o convencemento que agora temos, pois xorden das nosas propias prácticas. Por suposto non estamos diante dun manual de metodoloxía, nin se pretende ser exhaustivos no sentido de que todo quede recollido; por iso falamos de reflexións metodolóxicas.

## A DIMENSIÓN SUBSTANTIVA E A DIMENSIÓN RELACIONAL

Como vimos de sinalar, cando falamos de proxectos participativos estámonos a referir aqueles que aspectos, ámbito, contidos, programas ou políticas substantivas da acción de goberno que se queren pular coa participación cidadá. Os proxectos deben ter, pois, esa dimensión substantiva, que é a que ten que ver cos contidos que afectan ás políticas públicas e á calidade e ás condicións de vida da xente. Referímonos á dimensión substantiva cando falamos da vivenda, urbanismo, equipamentos culturais, mellora dun barrio, saúde ou educación, por exemplo. Neste sentido, o primeiro que debemos dicir é que os proxectos participativos, non polo feito de o ser, deixan de ter un aspecto e unha dimensión que é igual á dos proxectos que non sexan participativos ou, dito doutro xeito, que os proxectos participativos van de "máis cousas" ademais de participación e, máis aínda, que seguramente non deberíamos confiar demasiado en proxectos que só van de participación. Pero o que distingue os proxectos participativos dos que non o son céntrase na dimensión relacional do proxecto. Esta dimensión ten que ver cos actores que deberán estar implicados e coas relacións que queremos promover entre estes e co goberno e coa administración que impulsan o proxecto participativo. Con todo, ás veces ocorre que se pensan os proxectos desde a dimensión relacional pero sen darlle a esas relacións substancialia sobre a que manterse, e quérese que moita xente se implique e participe en "non se sabe moi ben que" desde o punto de vista substantivo. Pensemos, pois, nas dúas dimensións sempre e preparemos o proxecto e planifiquemos as tarefas e as estratexias pensando nas dúas desde o principio.

Desde a administración local estamos acostumados a artellar con soltura polo menos tres procesos para sacar adiante proxectos na cidade: o proceso político, o proceso administrativo e o proceso técnico. Se se trata de localizar un equipamento cultural nunha zona de nova urbanización, por exemplo, o proceso empeza cunha decisión política. Á decisión política sucedelle o inicio ou apertura dun expediente administrativo que ao longo da execución do proxecto deberá seguir o seu curso. Finalmente, co tempo que se considera necesario, encárgase aos equipos técnicos a redacción do proxecto que deba executarse. Estes procesos implican unha serie de axentes coñecidos: alcaldía, goberno, xunta de portavoces, Pleno Municipal, intervención e Administración do Estado, servizos xurídicos e servizos técnicos que proxecten a obra ou que deseñen os contidos hai que desenvolver dentro etc. Todos estes actores saben uns da existencia dos outros e, do papel que esos outros xogarán e o momento no tempo en que o deberán facer. A cuestión é como encaixar aí o proceso participativo, isto é, cando actúan e facendo que os cidadáns e as entidades e asociacións

que estes forman para que as súas achegas teñan sentido, sexan útiles e se dean a tempo en relación cos tempos dos outros procesos etc. Por todo isto, é mellor pensar a participación desde o principio.

## A DIMENSIÓN EDUCATIVA DO PROXECTO

Acabamos de ver que todo proxecto que se queira impulsar con participación, ademais do seu contido substantivo, ten tamén –específicamente- unha dimensión relacional. A dimensión relacional esíxenos identificar tanto os tipos de actores a que convidar ao proceso, como os tipos de relacións ou, se se prefire, a cultura relacional que se quere promover no proceso (valores e actitudes). Se partimos da idea de que gobernar coa participación dos cidadáns é algo máis ca unha estratexia de marketing e que ten, por tanto, un profundo significado político, a reflexión sobre a cultura relacional no proceso participativo adquiere unha gran relevancia. Neste senso, apostamos por procesos participativos que sexan, moi primordialmente, procesos educativos na participación.

Educativo vai máis alá dunha simple aprendizaxe instrumental. Non nos estamos a referir a que os participantes adquiran habilidades ou destrezas propias das dinámicas participativas (comunicacións, sínteses etc.). Máis ben nos referimos á necesidade de crear unha nova cultura relacional que se fundamente nalgúns principios básicos: avanzar na promoción da participación política exige a construcción dunha nova cultura relacional entre o governo e os cidadáns, pero tamén dos propios cidadáns entre si, como tamén dunha nova cultura relacional entre os distintos axentes técnicos e políticos que operan dentro da propia administración e o governo da cidade: cidadáns, técnicos da administración e políticos debemos aprender a nos relacionar nos procesos participativos, asumindo cada quien o papel que lle cómpre e asumindo tamén (respectando e recoñecendo) o papel que lle toca xogar aos demás. É esta tarefa de construcción dunha nova cultura relacional a que chamamos tarefa educativa, pois todos os actores implicados deberán aprender novas formas de facer e de se relacionar.

A tarefa educativa é complexa e non acaba nunca. Non pode formularse como un obxectivo finalista dos procesos a que se chega transcurrido un tempo determinado. É, más ben, un labor permanente e cotián que ten uns cantos, poucos, principios: en primeiro lugar convén saber e sermos moi conscientes de que a tarefa educativa se completa na cotidianidade dos procesos, nas relacións ordinarias e cotiás más ca en momentos puntuais. É na vía cotiá onde aprendemos a escutar aos demás e a traballar colectivamente, a respectar regras mínimas para a convivencia e onde esas regras se fan más evidentes, por necesarias. É tamén na cotidianidade onde imos gañando confianza e perdendo o medo a nos expresar. Do mesmo xeito, é na vida cotiá das relacións, no proceso, onde se van construíndo e recoñecendo os roles que cada un debe asumir. Así, como primeira conclusión debemos sinalar a importancia que teñen as relacións cotiás para a construcción do proceso educativo.

A segunda idea, forza ou principio educativo ten que ver coa identificación dos axentes educativos, e aquí volvemos a encontrarnos cun aspecto básico: axentes educativos son potencialmente todos, pero o principal axente educativo dos procesos debe ser o actor ou grupo de actores que os promove. Se o que promove é o goberno ou a administración local entón é sobre os técnicos e políticos desta administración en quen recae a responsabilidade de seren os principais axentes educativos. Como a tarefa educativa se refire basicamente á promoción de valores e actitudes, a responsabilidade do promotor dos procesos será precisamente conducirse na vida cotiá do proceso conforme aos valores e ás actitudes que se queren promover.

Claro que debemos ser conscientes de que nin o maior dos voluntarismos educativos a escala micro pode ser capaz de contrarrestar a forza socializadora dos grandes axentes do mundo globalizado en que nos movemos, en especial dos medios de conformación de masas, pero isto non nos debe conducir ao inmobilismo, pois queríramos ou non, facendo as cousas dunha maneira ou doutra, o certo é que co noso facer educamos, así que o que se require é tomar conciencia de en que queremos educar e, desde aí, optar por un ou por outro xeito de facer e de nos relacionar.

Un problema que aquí se formula é o da coherencia de estilos educativos entre os distintos axentes (técnicos e políticos) dunha mesma administración que impulsa procesos e prácticas participativas. Non fai falta dicir que deberíamos aspirar a unha coherencia máxima, pero non fai falta dicir tampouco que non é esa a situación máis corrente. Isto lévanos a unha conclusión: esa coherencia hai que construíla, hai que traballala, non podemos facer "como se": como se xa existise, como se fose se caer polo seu propio peso ou por arte de maxia. E constrúese desde a vontade, desde querer facelo, pero tamén se requieren espazos e tempos axeitados que permitan dita construcción. Se falta a vontade é difícil, certamente, cando non imposible. Pero habendo vontade, ás veces, o que falta é tempo, ou formas de se organizar, ou procedementos claros e compartidos.

## PROXECTOS PARA PROCESOS: TRABALLAR PROCESOS

Temos claro que o que queremos é un proxecto para a nosa cidade que, ademais de ofrecer calidade de vida aos seus habitantes mediante a mellora dos aspectos substantivos desta, o faga mediante a incorporación dos nosos concidadáns ás políticas propias a través da súa participación. Esta incorporación da ciudadanía ás políticas públicas debe construirse mediante procesos relacionais que sexan educativos, tal e como dixemos, pero fáltanos, quizais, detérmonos con algo máis de calma na idea de proceso; pois non facemos máis que falar de procesos participativos, relacionais, educativos etc.

Nunha distinción moi básica e quizais excesivamente esquemática, podemos falar por un lado de momentos participativos e por outro de procesos participativos (ou educativos ou relacionais) áinda que, de seguida, veremos que os segundos comprenden aos primeiros. Utilizamos a idea de momento na súa máxima literalidade,

como algo que ocorre puntualmente, nun tempo suficientemente breve e acoutado e que podemos, más ou menos, controlar ou aspirar a controlar. Polo contrario, os procesos suceden "a través de" o tempo máis ca nun tempo acoutado e controlábel. Cando queremos organizar momentos participativos, por exemplo, pensamos máis nun obradoiro, unha xornada ou unha consulta puntual á cidadanía. Se queremos organizar procesos participativos entón estamos diante dun plano de barrio ou cidade, uns orzamentos participativos ou unha axenda 21 local co seu plano de acción, por exemplo. Aínda que, como dicimos aí arriba, calquera proceso da Axenda 21 local, por exemplo, pode conter momentos de participación puntuais como obradoiros ou xornadas. Así é que non debemos pensar que os momentos e os procesos sexan estratexias contrapostas nin moito menos. A virtualidade da súa diferenciación radica en que cando somos os promotores, os organizadores, a tarefa que temos é ben distinta se o que temos que organizar e promover é un momento de participación ou un proceso participativo.

De feito, na medida en que tomamos conciencia de que estamos traballando procesos, podemos ir vendo que ten sentido formularse a corto, a medio e a longo prazo. Ademais o proceso pode ser acumulativo en termos de valores e formas de facer e, así, facilitar a tarefa educativa. A permanencia do proceso contribúe tamén ao cambio organizativo interno dentro das organizacións implicadas e pode permitir que este cambio se visualice. Traballar procesos é, pois por enriba de todo, traballar a prazo máis longo de tempo e ese prazo máis longo permite planificar no tempo algunas tarefas, como as educativas ou organizativas, que acostuman ter unha efectividade limitada cando se formulan desde o "cortopracismo".

Agora ben, tamén é certo que todo proceso xera incertidume, ten momentos imprevisíbeis, non avanza linealmente nin conta sempre cos mesmos actores, pois estes poden ir cambiando, desaparecendo ou aparecendo outros novos. Por tanto, para xestionar os procesos non podemos pretender que existan regulamentos ou normas que sexan capaces de recoller toda a casuística e dar unha resposta normativizada ou estandarizada para situacións que non foron previstas. É por este motivo que para impulsar e xestionar procesos, o que se necesitan son máis metodoloxías que normas (ou non fundamentalmente normas, vaia), porque a metodoloxía non é un cúmulo de receitas que se aplican ante situacións estandarizadas, senón o conxunto de estratexias que somos capaces de desenvolver e poñer en práctica ante as situacións imprevisíbeis. Cando as situacións son previsíbeis aplícanse normas e cando son imprevisíbeis, pois, aplícanse estratexias.

As estratexias non dan respuestas seguras, pero sinalan camiños para seguir. Unha desvirtuación peyorativa da estratexia é a improvisación, que ás veces se entende como facer o primeiro que se che ocorre. O bo improvisador no fondo non improvisa, más ben é consciente do proceso que está traballando ou dinamizando e, desde a súa destreza metodolóxica é quen de trazar camiños para achar respuestas. Nun proceso participativo nunca sabes a ciencia certa como reaccionarán ou como se posicionarán os participantes, nin como cambiarán estes as súas posicións no tempo. Difícil é, entón, establecer un regulamento que regule as relacións entre os actores:

non nos enfrasquemos, como ás veces pasa, en redactar regulamentos que queiran recoller toda a casuística posíbel de conflitos que están por vir, pero sexamos previsores deste conflito e, para a súa xestión, establezamos espazos desde antes de que estes se produzan. Así, para a xestión do conflito nun proceso é más interesante, estratéxico e intelixente crear unha comisión de seguimento do proxecto que, pola variedade e pluralidade dos seus membros, sexa más capaz, se dá lugar, de xestionar conflitos, que redactar normas. É por este motivo que unha das máximas para a composición da comisión de seguimento é que non estea composta exclusivamente polos nosos amigos e achegados. Hai moitos motivos para propoñer pluralidade nos espazos de control e seguimento dos procesos, pero un motivo que non se pode rexitar é a capacidade que esa pluralidade garante para se adiantar a conflitos ou os xestionar se se producen.

## PARTICIPACIÓN E TRANSVERSALIDADE: A ORGANIZACIÓN NECESARIA

Existen múltiples argumentos na dirección de que o pulo de calquera estratexia participativa terá efectos sobre as formas de organización de quen a promove. O que acostuma suceder, e o que más sucede canto máis radicalmente se aposte por gobernar con participación, é que os circuitos políticos e administrativos habituais se crucen cos novos procesos participativos que se xeren "cara a fóra" da organización que os pula e, cando ocorre iso, o que en verdade está a suceder é que aparece nova xente que non pensa coas categorías organizativas da administración.

Os cidadáns, cando pensamos na nosa cidade e na nosa vida na cidade, non temos ningún dispositivo que compartimente o que vemos, sentimos ou desexamos segundo as distintas competencias administrativas e políticas estean distribuídas no seo do goberno local, ou entre os distintos niveis de goberno. É por este motivo que para dar resposta ás demandas que xorden dos procesos se require unha resposta de TODA a Administración. Iso non quere dicir que teñamos que xuntar todo o concello cada vez que iniciamos un proceso pero, sobre todo, o que si quere dicir é que non podemos seguir funcionando de forma sectorializada, a base de departamentos/compartimentos case estancos, a que estamos acostumados. Xa o vimos no primeiro escenario cando falamos de problemas complexos.

Algunhas reflexións para avanzar nesta dirección serían as seguintes:

- a) A transversalidade é o que nos gustaría conseguir e, por tanto, gañar en transversalidade é cambiar e ese cambio hai que organizalo e promovelo dalgunha maneira.
- b) Cales deben ser os promotores do cambio dentro da organización? Moi sinxelo, os que teñan a autoridade e a lexitimidade para o facer (os políticos e os altos cargos); nalgúns casos podemos movernos na esfera estritamente técnica, pero iso sempre terá límites. Unha idea forte aquí é que o cambio necesita liderado.

- c) A transversalidade non se resolve debuxando un organigrama novo; sería entón moi doado. É unha cuestión, sobre todo, de cultura política, cultura organizativa, cultura de traballo e sistemas de comunicación internos.
- d) Se debemos construír unha cultura nova debemos ser conscientes de que iso non se fai dun día para outro, que require o seu tempo. Pódese construír ao ritmo que cada organización precise, en función do asentadas que estean nela as formas sectoriais de funcionamento.
- e) O novo require asumir certa incertidume e certos niveis de "sensación de caos", e dicimos sensación porque se trata da valoración dunha cultura nova desde os principios da cultura que se quere superar e, desde esa cultura que se quere superar, é agardábel que se teña sensación de caos cando se ve avanzar o novo e ainda non está asentado e consolidado.
- f) Organizarse transversalmente non debería supor organizarse dúas veces, senón organizarse mellor. Moitas veces enténdese a transversalidade como traballar o dobre ou ter moitas más xuntanzas e, así é difícil que avance. Lembremos que o que debe ser transversal é o funcionamento da organización, as respostas que se dan ás demandas, non necesariamente todos os funcionários.

## O SISTEMA DE PARTICIPACIÓN E OS PROXECTOS PARTICIPATIVOS

Nos últimos anos, a maioría dos concellos fóreronse dotando do que poderíamos chamar un sistema estable de participación cidadá; más alá do formalmente existente e que permite a elección dos nosos representantes.

Entendemos por tal sistema o conxunto de espazos e mecanismos (regulamentos, consellos consultivos sectoriais e/ou territoriais, web interactiva etc.) que funcionan de xeito ordinario, regular. O sistema estable de participación acostuma estar poboado de participantes habituais, normalmente representantes de entidades cidadás, de partidos e do goberno local, especialmente nos consellos consultivos que, sexa sectorial sexa territorialmente, veñen proliferando nas nosas cidades nos últimos anos.

Unha das cousas que xa se comezou a notar é que o sistema estable, pese a ser seguramente necesario, pois é desde o que se constrúen algunas garantías para que a participación directa sexa posible (regulamentos e normas, espazos de funcionamento ordinario, establecemento de mecanismo e procedementos formais na relación con entidades, etc.), axiña dá mostras das súas limitadas capacidades para constituírse nun verdadeiro motor de procesos de innovación democrática, de novas experiencias e, sobre todo, de captación ou mobilización de novos participantes acostumados a achalo fóra do sistema estable, e pouco conectados a el. Debemos, por tanto, preguntarnos que ameazas representa esta situación e intentar identificar os mecanismos que permitan a conexión entre o sistema estable de participación e os proxectos participativos.

## COHERENCIA ENTRE OS OBXECTIVOS E OS MÉTODOS

É bastante evidente que debe existir coherencia entre os obxectivos que se persegue co proxecto e o método para alcanzar estes obxectivos. De feito, sinalar isto non supón ningún gran descubrimento, pero lembralo pode ser necesario. Por exemplo, ás veces ocorre que o obxectivo do proxecto, polo menos un deles, é incrementar a participación dos cidadáns e das cidadás non asociados, neste caso o método coherente non pode ser facer pivotar todo o proceso sobre as cúpulas dirixentes das asociacións cidadás; a non ser que estas se impliquen no obxectivo xenérico e non sexan un freo ou un obstáculo para a súa consecución.

## O PUNTO DE PARTIDA E OS LÍMITES DO PROXECTO

De que proxecto estamos a falar se o punto de partida é un "papel en branco"? En principio, os proxectos sometidos á participación cidadá "saen" do goberno local con algún tipo de restrición ou acoutación que non depende da maior ou menor "vontade" ou "sinceridade" participativa do goberno. Canto menos teremos que nos referir a aquellas restricións que tería o propio goberno se decidise levalo adiante sen participación: os orzamentos son limitados, poden existir limitacións de carácter técnico, ou ambiental, ou de carácter legal ou competencial, dado o lexislado noutros niveis de goberno etc. Convén, pois, que, como mínimo, todos estes condicionantes estean claros de partida para que ningún leve sorpresas logo, ou se chame a enganos que logo acaban menoscabando a lexitimidade dos procesos. A nosa experiencia amósanos que este é un dos temas cruciais, pois, por un lado os límites sempre existen e, por outro, existe tamén, case sempre, unha especie de impulso a negalos, a non facelos públicos.

Facer públicas e evidentes as marxes en que se poderán mover as propostas que se poidan facer nos procesos participativos ten, ademais, un enorme potencial educativo, e non nos cansaremos de dicir neste texto que entendemos a participación como un proceso que ten que ser educativo dos axentes que participan para poder ser transformador das cidades que habitan. En efecto, cómpre educar na participación e tamén educar en que existen límites nos procesos e nos proxectos, e un dos retos é precisamente, compartir eses límites para que todos os vexan, os comprendan e, nalgúnha medida, os acepten... na medida en que sexan razonados e razoábeis, claro.

Vemos, entón, como ademais das constriñóns ou limitacións que están máis alá da vontade do goberno, poden tamén existir, e son igualmente lexítimas, acoutacións que xurdan da propia vontade do goberno, dos seus proxectos, do seu programa de actuacións etc. Convén sinalar aquí que o discurso político e ideolóxico sobre a necesidade de artellar a democracia representativa coa participativa – pois a segunda nin quere substituír nin deslexitimar a primeira- ten que ver precisamente con isto: coa lexitimidade que ten o goberno representativo de pulsar procesos de participación cidadá arredor de proxectos que nalgúnha medida, están predefinidos. O caso máis

evidente é, quizais, o das Axendas 21 locais. Aí o goberno non convida ou chama a participar sobre a base dun "papel en branco", senón nun proxecto que vén acoutado pola vontade do goberno de construír cidades sustentables. En certo sentido, nas A21-locais, os cidadáns interesados en promocionar o uso do transporte privado ou o consumo irresponsábel de auga, que os hai e moitos, ou non están convidados a participar, ou deben saber que as súas propostas anti-ambientalistas non teñen cabida no proceso. De feito, non coñecemos ningunha A21-local que recolla no seu proxecto de acción a subvención das instalacións de piscinas privadas, e non será porque non haxa cidadáns que estarían encantados coa medida.

O que se require, entón, por enriba de todo, é que a información sexa clara e transparente, que todo o mundo coñeza as restricións ou limitacións do proxecto e as vontades do goberno ao impulsalo e, desde aí, promover procesos en que a cidadanía se implique. En todo caso, o goberno deberá ser consciente de que se promove a participación nun proxecto absolutamente pechado a que ningún poderá facer ningunha achega arríscase a unha serie de fracasos que poderían evitarse se non recorrese a "simulacros participativos".

Non queremos dicir, ao nos referir a que os proxectos deben saír á participación en algúna medida predefinidos ou acoutados, que debamos reservarles aos cidadáns e ás súas asociacións un papel irrelevante. Non estamos a falar diso. Máis ben o que queremos dicir é que todo proxecto debe explicitar os límites que os condicionan e estes son, basicamente, de dous tipos: os que parten da vontade do goberno que impulsa o proceso e os que son independentes dessa vontade.

Como queira que a todo goberno se lle presuponen vontades políticas, será bo que as faga explícitas, pois son estas as que constitúen os límites internos ao proxecto. Por exemplo: chámamos a todos os cidadáns e ás súas asociacións a participar nun proceso que permita recoller propostas para aforrar auga na cidade. Gustaríanos que participasen particulares, asociacións, comerciantes, empresarios, técnicos e todos cantes poidan facer propostas. Entre todas as persoas participantes escolleremos as máis interesantes e eficaces e, por suposto, aínda que todo o mundo está convidado, non se aceptan propostas que vaian na dirección oposta. Isto é, non se acepta todo e non todo vale, porque hai límites, que pon o goberno.

Os límites más externos ao goberno e á súa vontade política poden ser de índole diversa (competencial, técnica, xurídica, económica, organizativa) e, como podemos imaginar, unha das tarefas más necesarias antes de sacar á participación ningún proxecto é telos claramente identificados.

Outros condicionantes que poden ser vistos por algúns como limitacións poden xurdir da propia metodoloxía participativa. Na medida en que o proceso participativo dea oportunidades aos cidadáns non organizados ou a sectores sociais con pouca visibilidade pública e institucional, por exemplo, quizais sectores de líderes cidadáns acostumados a ostentar certo nivel de monopolio da representación vecinal vexan limitacións á posibilidade de seguir exercendo ese monopolio na metodoloxía participativa utilizada.

Finalmente, consideremos a posibilidade de que aparezan no proceso limitacións non previstas de inicio. Se iso ocorre, sempre será mellor se ao inicio do proceso se fixeron explícitos algúns límites, pois, sempre se poderá facer evidente que non houbo vontade de os agotar, senón simplemente que se fixeron explícitos os que se coñecían no momento do inicio. Polo demais, convén, nos procesos participativos, a creación de comisións de seguimento suficientemente abertas e plurais como para poder xestionar, desde dentro do proceso, este tipo de situacións.

Noutra orde de cousas, aínda que non moi lonxe do que vimos comentando, o coñecemento e o recoñecemento das limitacións non é só bo e recomendábel, desde o punto de vista da lexitimidade do proceso cara a fóra da organización que o impulsa, nin como estratexia educativa; que o é, certamente. É tamén moi recomendábel como tarefa estratégica pensada desde dentro e cara a dentro da propia organización promotora, para saber que temos entre mans, que lle podemos pedir ao proceso e que non, que é factible agardar e onde situar a liña que separa o potencial éxito do potencial fracaso.

## QUE REPRESENTATIVIDADE LLE PEDIMOS AOS ACTORES?

Moitas veces oímos que os procesos participativos non teñen validez porque participaron poucos cidadáns que, ademais, non eran representativos do conxunto da cidadanía. Vexamos como darlle a volta a este argumento, pois depende da posición que adoptemos diante del, quizais teñamos que ir pregando velas da tarefa que queremos promover.

Na nosa opinión, hai dúas cousas que non debemos pedirlle aos procesos de participación cidadá. Non podemos pedirlles que substitúan a democracia representativa e, en segundo lugar, tampouco podemos pedirlles unha lexitimidade exclusivamente cuantitativa: que participe moita xente para que sexan lexitímos. Se non temos claro isto estamos tirando pedras sobre o noso propio tellado.

Como queira que a participación cidadá (o que algúns chaman a democracia participativa) non vén a substituír á democracia representativa, o primeiro que temos que preguntarnos é a quen lle pedimos que sexa lexitimamente representativo. Semella claro que ese papel o xogan os políticos democraticamente elixidos para formar parte do goberno da cidade. Así, o que seguramente precisamos son políticos representativos que, desde o goberno a que accederon democraticamente, queiran pular políticas públicas en que os cidadáns non sexan simples receptores pasivos, senón suxeitos activos na súa construcción. Isto precisámolo de verdade.

Como queira que non é a forma habitual de proceder e vivimos nunca sociedade fortemente despolitizada e en que se ten instalado de xeito moi potente a cultura da delegación (que o fagan os representantes), os políticos deben saber que, ao principio, os cidadáns non serán moitos e, seguramente, se as cousas se fan ben e con un pouco de coidado, cada vez serán máis; pero non podemos deslexitimar aos que, pouco a pouco, van facendo un número quizais cada vez máis grande.

Se é o concello o que impulsa o proceso, entón o debate sobre a representatividade dos actores ou desaparece ou se limita únicamente ao ámbito dos actores políticos, pois son estes os que, desde a democracia representativa, deben ser autenticamente representativos. Outra cousa son os procesos participativos impulsados desde a sociedade civil que, en todo caso, tamén merecerían un debate crítico en relación coas esixencias de representatividade, pois un proxecto cívico presentado por unha asociación de catro cidadáns pode ser moi oportuno e valioso para a cidade, independentemente de que só sexan catro os que o están promovendo. De feito, nos primeiros momentos de calquera proxecto ou proceso sempre son só catro os que o impulsan... agás nos casos en que son só dous.

Finalmente, non esquezamos que o debate sobre a representatividade pode ter, cando menos, dous enfoques: o de CANTOS e o de QUEN. Desde o primeiro enfoque preguntémonos CANTOS deben participar para que o proceso sexa representativo. Desde o segundo enfoque preguntámamonos QUEN deben participar para que os obxectivos se cumpran. Desde o primeiro enfoque poderíamos prescindir das "minorías" e desde o segundo seguramente non. Desde o primeiro interésannos os discursos e as opinións maioritarias e, desde o segundo, non necesariamente ou non sempre. A vantaxe de que os procesos participativos os impulse o goberno local radica precisamente en que como a lexitimidade do CANTOS xa a gañou nas urnas, pode prestar atención á representatividade do QUEN.

## COMO SE ARTICULA O LIDERADO POLÍTICO DO PROCESO?

O liderado político é necesario. Moitas veces, nos ambientes participativos, rexéitase a idea de liderado político nos procesos. É un concepto que soa mal, segundo din. Como se a idea de liderado político fose en si propio unha perversión do proceso, lle minguase autenticidade. É posíbel que non se teña suficientemente en conta que hai formas diversas, culturas distintas de exercer o liderado.

Se se entende o liderado desde a cultura de control acaba, efectivamente, converténdose nun freo para os procesos a pouco que estes encerren unha mínima complexidade e teñan algún alcance. Se alguén, desde as posicións políticas que o impulsan, quere telo todo controlado nun proceso participativo, seguramente acabará por exercer máis de obstáculo que de outra cousa, pois difícilmente pode pasar por un só punto, unha soa responsabilidade, a riqueza e a variedade de cousas que poden chegar a pasar cando o proceso está en marcha.

Polo contrario, é posíbel exercer o liderado político desde a cultura da facilitación. Aquí o obxectivo non é telo todo controlado, senón facilitar que o proceso avance polos canais axeitados e que todos os que teñen responsabilidades nel e pertenzan á institución promotora, as leven a cabo. Desde esta cultura do liderado o control tamén existe, pero está vinculado á responsabilidade que cada un ten, e como todos no proceso teñen protagonismo e responsabilidades, os procesos de control son más colectivos.

Asemade, non podemos esquecer que se precisa tamén un liderado de interlocución, isto é, alguén que, en nome da institución promotora, adquira compromisos e dea explicacións e respostas. Convén moi moito que a interlocución sexa clara e non estea dispersa ou diluída pola organización, de forma que ao remate ninguén saiba a ciencia certa quen ten a responsabilidade de exercer en cada momento. Porque o liderado político non é un asunto de aparicións iniciais e finais e xa está. Requer unha presenza continuada ao longo do proceso. Isto quere dicir que os políticos que impulsan experiencias ou procesos participativos non poidan dedicarse a outra cousa e deban estar, se se nos permite a expresión, todo o día no fregado. A presenza política nos procesos debe ser continua e estar suficientemente pautada como para que ninguén a bote de menos, pero iso non quere dicir que sexa permanente. Deben tamén deixar facer aos outros. Non acostuma ser unha cuestión de moito ou pouco tempo, senón de estar axeitadamente nos momentos que cómpre.

Exercer o liderado político do proceso exige tamén respectar de xeito escrupuloso o proceso propio e, sobre todo en relación coa cidadanía, non negociar fóra do proceso, con uns poucos, o que se está a discutir dentro entre todos. O político, xa o vimos, pode e debe establecer límites, pero unha vez que o ten feito debe ser o primeiro en respectalos e en facelos respectar. A vantaxe dos procesos participativos é que teñen un código ético con praticamente un único artigo para os políticos: poden facer todo o que poidan explicar e deben explicar todo o que fan en relación co proceso. Isto é así porque unha das funcións básicas do liderado político é xerar confianza no proceso e entre os actores que nel se achan e se relacionan. A desconfianza de partida entre os actores é unha das principais resistencias para que os procesos avancen.

Para xerar confianza son moi importantes dúas cousas: escutar e dar resposta. Pero insistimos, escutar e dar resposta dentro do proceso participativo, respectando os seus pasos, e non fóra. Todo proceso ten momentos en que a cidadanía se expresa, di o que pensa e propón, presenta as súas conclusións etc. Ái é importante que estean os políticos que lideran o proceso para escutar o que di a xente. Pero é importante tamén que venzan a tentación de intervir en todo momento para daren resposta ao que a xente di, pois o proceso ten pautado tamén ese momento, que chamamos de devolución, e é aí cando os políticos deben dicirlle á cidadanía que pensan facer. Ninguén espera que contesten a todo que si, como ninguén agarda que contesten a todo que non. Ninguén espera que o saiban todo, como ninguén agarda que non saibam nada. O que todos esperan é unha resposta razonable e razonada, pero que sexa de verdade resposta. Por exemplo: "...a todo isto dicimos que si, por este motivo; a todo isto dicimos que non, por estas razóns; isto témolo que estudar e daremos resposta tal día...". Cousas así. O problema aparece cando os políticos acoden ao proceso para falar máis que para escutar: chegan correndo ao acto inaugural, bendicen o proceso, dan as grazas e saen correndo para outro sitio.

Necesitamos, pois, un liderado político facilitador, que promova o proceso, que xere confianza e que teña sempre cubertas as necesidades de interlocución política que o proceso requira.

Ao falar do proxecto faciamos referencia ás cautelas diante de procesos que queren partir dunha folla en branco, como se todo fose posíbel e, sobre todo, como se todo fose tratábel e discutíbel. Vimos que o normal é que existan restricións sobre os proxectos, sexan estas de carácter técnico (non viabilidade dalgúns propostas), económico (falta de recursos) ou competencial (falta de capacidade executiva sobre a materia por parte do goberno promotor). Que as propostas e os proxectos teñan restricións ou limitacións non debe facer que non sexan susceptíbeis de “tratamento participativo”; en troques, o que si debemos esixirnos é que esas restricións, lonxe de se agochar sexan precisamente o punto de partida dos procesos que, así, xa non poden partir dunha folla en branco. Se facemos isto é precisamente para evitar as “caixas negras”. Os actores políticos que lideran deben ser ben conscientes de que iso non pode ocorrer con aquela parte da axenda do goberno de que sae a participación. É máis, aí a caixa debe ser de cristal. E isto vale e é igual de importante tanto cara a fóra do concello (participantes da sociedade civil) como cara a dentro, cara as estruturas técnicas.

## COROLARIO. É A PARTICIPACIÓN O OBXECTIVO DO PROXECTO?

De todo o dito ata agora dedúcese unha resposta dupla e o que, ao noso entender, ten sentido é argumentar a resposta máis que ficar nun sinxelo si ou non.

A participación NON é o obxectivo do proxecto en tanto en canto non facemos as cousas para participar simplemente. Non nos interesa moita participación e ningunha transformación. Existen posibilidades de acadar unha participación pola participación, que ademais sexa moi numerosa e plural en idades e sexo, sobre a base de montar grandes espectáculos, ou programas de tele-realidade ou tele-lixo, ou concursos deportivos ou o que sexa que arrastre moiísima audiencia, pero iso non nos interesa así porque si.

Pero a participación SI é obxectivo do proxecto, porque o proxecto ten vontade de a promocionar e, ademais, non de calquera maneira: educando na cidadanía, desde o respecto á autonomía do outro e ás minorías, recoñecendo a xente e as súas achegas porque, máis alá das transformacións urbanas que poidamos conseguir, interéstanos promover a existencia de cidadáns conscientes, activos, preocupados polo seu contorno e comprometidos coa súa comunidade. O círculo cérrase porque estamos convencidos de que esa participación, que si nos interesa como obxectivo, só se pode promover desde proxectos que vaian máis alá da propia participación e que a vinculen á construcción real da calidade da vida na cidade.

## BIBLIOGRAFIA

- Castel, R. (1997): *Las metamorfosis de la cuestión social*. Buenos Aires: Paidos.  
Crouch, C. (2004): *Posdemocracia*. Madrid: Taurus.  
Galbraith, J.K. (1992): *La cultura de la satisfacción*. Barcelona: Ariel.  
Innerarity, D. (2006): *El nuevo espacio público*. Madrid: Espasa Calpe.  
Miguel, F. e Prieto, C. (1999): *Las relaciones de empleo en España*. Madrid: Siglo XXI.  
Pindado, F. (2000): *La participación ciudadana en la vida de las ciudades*. Barcelona: Patronat Flor de Maig, Ediciones del Serbal.  
Sebastián de, L. (1992): *Mundo rico, mundo pobre*. Barcelona: Sal Terrae.  
Sennett, R. (2006): *La cultura del nuevo capitalismo*. Barcelona: Anagrama.  
Subirats, J. (2005): *Democracia, participación y transformación social*. Revista On-line de la Universidad Bolivariana nº 12. <http://www.revistapolis.cl>.



## Avaliación da primeira fase (2005-2006) do Plano Formativo da Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

CARMEN MORÁN (COORD.)  
 LUZIA DE ABREU, GUMERSINDO ALONSO, M<sup>a</sup> DOLORES CANDEDO,  
 LAURA CRUZ, LUCÍA IGLESIAS, FERNANDO LAVANDEIRA, YÉSICA TEJEIRO  
 Interea Formación

## UN PLANO INTEGRAL, INTEGRADO E CONTEXTUALIZADO NOS CONCELLOS CORUÑESES

No transcurso do Interea-Foro 2004 celebrado en Culleredo fixose pública para o seu coñecemento e debate, a proposta do Plano Formativo<sup>1</sup> destinado ao contexto de profesionais e responsables políticos da Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación Provincial de A Coruña. Un plano que tomaba como referente o diagnóstico de necesidades sociais, institucionais e técnicas dos concellos da provincia<sup>2</sup> e que definimos coas características de integral –ao abranguer todos os campos da formación e de desenvolvemento nas comunidades locais-, integrado –ao incorporar unha ampla variedade e unha tipoloxía de accións formativas que permitise a maior acomodación ás características e ás necesidades dos destinatarios- e contextualizado na realidade socioeconómica, cultural, política e administrativa dos municipios.

Ao asentar no concepto de educación-formación continua en que se concibe o desenvolvemento humano e profesional das persoas, presentábase coa aspiración e vontade política de recoller a formación dos políticos e técnicos como unha das liñas de actuación da planificación estratégica da Deputación Provincial. Unha aposta clara pola superación dun concepto activista e puntual da formación, se entendemos esta como elemento decisivo para a modernización e optimización da Administración local.

O plano deseñouse cunha vocación e unha orientación interdisciplinar, articulándose na proposta de contidos e actividades de diversa natureza –teórico-conceptual, metodolóxica, tecnolóxico-instrumental, praxiolóxica e axiolóxica- orientados ao logro dos obxectivos xerais e específicos que se amosan no cadro n.<sup>º</sup> 1.

Cómpre subliñar a relevancia outorgada ás estratexias e ás propostas de avance cara á centralidade da cultura no contexto das políticas locais, seguindo as recomendacións da Axenda 21 da Cultura. Con este propósito, na configuración dos contidos ocupan un lugar prioritario e con carácter transversal os temas que se refiren á “Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Planos Estratégicos Municipais”, mais aténdense tamén, paralela e complementariamente, outros núcleos temáticos de carácter específico detectados no estudo diagnóstico (Candanedo, 2002), e/ou formulados expresamente polos responsables técnicos e políticos no transcurso do primeiro Interea Foro, realizado no pazo de Mariñán en decembro de 2002. No cadro n.<sup>º</sup> 2 recóllese as liñas de acción deseñadas.

<sup>1</sup> Caride, J.A. e Morán, C. (coord.) (2005): Deseño e propostas de actuación do Plan formativo na Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico. En: Interea 2004. A formación na acción cultural local. Actas. A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña, pág. 38-67.

<sup>2</sup> Candanedo, M.D. (coord.) (2002): A acción municipal en cultura, deportes e xuventude na provincia da Coruña. A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña.

Cadro nº 1: Obxectivos do Plan Formativo 2005-2011

|                        |   |
|------------------------|---|
| Obxectivos Xerais      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Dar resposta ás necesidades e/ou demandas que se suscitan na práctica cotiá do quefacer político e do traballo técnico-profesional municipal.</li> <li>Contribuír á innovación e mellora das competencias persoais e/ou profesionais dos responsables políticos e dos técnicos municipais, con criterios de calidad.</li> </ul>  |
| Obxectivos Específicos | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ampliar as concepcións e representacións sociais acerca da acción cultural municipal, así como das políticas locais e das súas planificacións estratégicas.</li> <li>Habilitar canles para a difusión e o acceso a un coñecemento actualizado e renovado dos saberes que permitan afrontar as problemáticas sociais que afectan á vida municipal.</li> <li>Promover a aplicación de fundamentos científicos, disciplinares e profesionais idóneos nos procesos de actuación.</li> <li>Xerar e/ou consolidar unha perspectiva integral e integradora da acción cultural, favorecendo a cooperación e o intercambio de ideas, así como a divulgación e promoción de "boas prácticas".</li> <li>Activar estratexias, procedementos e iniciativas cara ao establecemento dun marco operativo profesional común, optimizador dos servizos ofrecidos á ciudanía e dos esforzos emprendidos neste ámbito polas administracións provincial e municipal.</li> <li>Crear e manter un ambiente telemático (virtual) de aprendizaxe, favorecedor da interacción entre responsables políticos, técnicos municipais e formadores.</li> </ul> |

Cadro nº 2: Núcleos temáticos do Plan Formativo 2005-2011

| Liñas de acción formativa |   |
|---------------------------|---|
| Transversal               | A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos planos estratégicos municipais  |
| Paralelas                 | Xestión e administración dos equipamentos culturais municipais  |
|                           | Asociacionismo e participación cidadá   |
|                           | O traballo en equipo nos departamentos e programas municipais: habilidades sociais e técnicas de dinámica de grupos |

Para o desenvolvemento do Plano prevíronse estratexias metodolóxicas das tres principais modalidades que permite a combinación tempo-espazo –presencial, virtual e semi-presencial- que se concretaron nun amplio abano de actuacións -cursos, seminarios, simposios, xornadas, grupos de investigación-acción, traballo en rede; "bancos" de boas prácticas, obradoiros, publicacións-.

A proposta articulouse temporalmente en tres secuencias ou fases –curto, medio e longo prazo- atendendo a diversas finalidades:

- Curto prazo. Correspón dese coa primeira fase do Plano de carácter experimental, establecéndose para esta o bienio 2005-2006.


- Medio prazo: anos 2007 a 2009. Segunda fase do Plano, con posibilidades de continuidade e/ou adaptación de iniciativas e propostas así como a incorporación doutras novas.
- Longo prazo: anos 2010-2011. Terceira e conclusiva fase do Plano. Continuidade, adaptación e/ou incorporación de novas propostas. Avaliación final dos procesos e resultados. Comezo dun novo Plan.

Ofrécese neste traballo unha síntese da memoria da Primeira Fase do Plano Formativo, elaborada polo equipo Interea-Formación, responsable da súa organización e coordinación.

## A FASE EXPERIMENTAL DO PLANO DE FORMACIÓN: 2005-2007

Na proposta a debate que se presentou no Interea Foro 2004 anticipouse o deseño previsto para a esta primeira fase experimental do Plano Formativo, concretando en actividades os núcleos temáticos de formación.

Posteriormente, previo ao desenvolvemento de cada anualidade, difundíronse os correspondentes folletos en que se describían as accións formativas –obxectivos, contidos, destinatarios, lugar e datas de realización- e se informaba sobre os aspectos de participación e inscrición. O cadro n.º 3 amosa o conxunto das accións desenvolvidas no bienio experimental.



As programacións puideron ser consultadas nas páxinas web de Interea e da Deputación Provincial, e foron enviadas por correo electrónico e correo ordinario ao conxunto de responsables políticos e técnicos da provincia, acompañados de cartas explicativas da finalidade do Plano e o contido e significado das propostas, motivando a participación. A resposta inicial en cada unha das convocatorias foi certamente moi positiva, superando con creces o número de prazas que se ofertaron nas diversas iniciativas. Os criterios establecidos desde Interea Formación para a selección de participantes foron os que seguen:

- Orde de chegada das solicitudes.
  - Adecuación do posto de traballo, primando ás persoas con responsabilidades técnicas e/ou políticas na área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico, fronte a outro tipo de desempeño profesional no ámbito municipal.
  - Máxima representación persoal: garantiuse que todas as persoas interesadas en participar puidesen facelo, cando menos nunha das actividades solicitadas.
  - Máxima representatividade municipal: deuse preferencia á expansión do Plano no ámbito provincial, antepoñendo a extensión das accións formativas no maior número posible de concellos, á participación máis numerosa de persoal técnico e/ou político dun só municipio.


Cadro nº 3: Accins desenvolvidas no Plan Formativo Experimental 2005-2007

| Accións formativas 2005   |   |
|---|---|
| Liña de acción formativa  | Actividades   |
| A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Plans estratéxicos municipais | <p><b>Curso (2005-2006)</b></p> <p>A planificación estratégica na acción cultural local<br/>(Convocado no Plan de Formación 2005 para persoal da Deputación e Concellos da provincia da Coruña)</p>   |
| Xestión e administración dos equipamentos culturais                         | <p><b>Grupos de Investigación-Acción (2005-2006)</b></p> <p>Políticas integrais e planificación estratégica na acción cultural local</p> <p><b>Xornada Monográfica</b></p> <p>Recursos para a xestión e administración dos equipamentos culturais</p> |
| Organización, coordinación e xestión do traballo en equipo                  | <p>Obradoiro:</p> <p>Dinamización do traballo en equipo</p> <p><b>Banco de boas prácticas: Creación e posta en marcha</b></p>   |
| Banco de boas prácticas   | <p>Creación e posta en marcha do Banco de boas prácticas en xestión en administración de equipamentos culturais</p>   |
| Accións formativas 2006   |   |
| Liña de acción formativa  | Actividades   |
| A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Plans estratéxicos municipais | <p><b>Curso (2006-2007):</b></p> <p>A planificación estratégica na acción cultural local<br/>(Convocado no Plan de Formación 2006 para persoal da Deputación e Concellos da provincia da Coruña)</p>  |
| Xestión e administración dos equipamentos culturais                         | <p><b>Seminario (febreiro 2007):</b></p> <p>Cultura, planificación estratégica e innovación política</p> <p><b>Xornada Monográfica</b></p> <p>Novas tecnoloxías e xestión cultural</p>  |
| Organización, coordinación e xestión do traballo en equipo                  | <p>Obradoiro</p> <p>Comunicación e 'marketing' cultural</p> <p>Obradoiro</p> <p>Habilidades comunicativas para a mediación</p>  |
| Banco de boas prácticas   | <p><b>Banco de boas prácticas</b></p> <p>Creación e posta en marcha do Banco de boas prácticas en xestión en administración de equipamentos culturais</p>   |

# A REPRESENTACIÓN MUNICIPAL NO PLANO FORMATIVO EXPERIMENTAL

A resposta que se obtén canto á representación dos municipios coruñeses, consíderase moi positiva. A esta primeira fase do Plano asistiron 126 técnicos/as e responsables políticos que desenvolven o seu labor en 59 dos concellos provinciais, o que supón o 62,8% do total. O mapa que acompaña este texto amosa a distribución xeográfica destes concellos.

### *Mapa nº 1: Concellos participantes nas accións formativas*



A primeira convocatoria (2005), acolleu representantes de 40 dos concellos coruñeses, acadando maior eco entre o persoal técnico e os responsables políticos dos municipios de pequeno tamaño –até 5000 habitantes-, e características más rurais; desta categoría estiveron representados 21 dos 37 existentes na provincia<sup>3</sup>, un número que supón o 52,5% do total dos concellos no primeiro ano do Plano e que duplica, praticamente, aos de mediano tamaño –entre 5.000 e 20.000 habitantes– cunha representación de 11 concellos dos 47 provinciais (27,5% dos asistentes).

3. [http://www.ige.eu] : Cifras oficiais de población a 1 de xaneiro. Ano 2006.

Dos municipios con más de 20.000 habitantes participaron nesta primeira edición praticamente a totalidade dos que existe (10 dos 11) representando o 20,0% dos concellos con persoal formándose no Plano da Área de Cultura, de Educación e de Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación Provincial da Coruña.

Na convocatoria de actividades 2006 incrementouse a 45 o número total de concellos participantes, alternando as posicións de municipios medianos e pequenos: 24 medianos (53,3% do total) e 13 pequenos (28,9%); os grandes concellos, estiveron novamente presentes nesta segunda edición de actividades de Interea Formación, acudindo os mesmos concellos que no primeiro ano do Plano (17,8% do conxunto de participantes).

Cómpre destacar a fidelidade ao Plano do 65% dos municipios que participarán na convocatoria do primeiro ano, e a incorporación de 19 novos na segunda edición, o que indica un balance positivo na extensión da iniciativa. No cadro n.º 4 amósanse os concellos agrupados segundo a participación se producirá no conxunto do Plano Experimental 2005-2007, ou exclusivamente nunha das dúas convocatorias de accións formativas realizadas.

Cadro n.º 4: Concellos participantes no Plan Formativo Experimental 2005-2007

| Accións formativas 2005-2006 e 2006-2007 |                            |                  |
|--|----------------------------|------------------|
| 1. A Coruña                              | 10. Carballo               | 19. Ortigueira   |
| 2. Ames                                  | 11. Carral                 | 20. Outes        |
| 3. Aranga                                | 12. Culleredo              | 21. Oza dos Ríos |
| 4. Arteixo                               | 13. Ferrol                 | 22. Ponteceso    |
| 5. Arzúa                                 | 14. Fisterra               | 23. Porto do Son |
| 6. Bergondo                              | 15. Malpica de Bergantiños | 24. Rois         |
| 7. Betanzos                              | 16. Oleiros                | 25. Tordoia      |
| 8. Boiro                                 | 17. Ordes                  | 26. Vilarmaior   |
| 9. Cambre                                | 18. Orosi                  |                  |

| Só nas accións formativas 2005-2006 |             |                            |
|-------------------------------------|-------------|----------------------------|
| 1. Abegondo                         | 6. Fene     | 11. Rianxo                 |
| 2. Boqueixón                        | 7. Lousame  | 12. Santiago de Compostela |
| 3. Camariñas                        | 8. Mañón    | 13. Vedra                  |
| 4. Corcubión                        | 9. Mugardos | 14. Vimianzo               |
| 5. Coristanco                       | 10. Muros   |                            |


| Só nas accións formativas 2006-2007 |                        |                  |
|-------------------------------------|------------------------|------------------|
| 1. A Laracha                        | 8. Irixoa              | 15. Teo          |
| 2. Ares                             | 9. Laxe                | 16. Toques       |
| 3. As Pontes                        | 10. Narón              | 17. Trazo        |
| 4. Brión                            | 11. Neda               | 18. Val do Dubra |
| 5. Cabana                           | 12. Noia               | 19. Vilasantar   |
| 6. Cerceda                          | 13. San Sadurniño      |                  |
| 7. Dumbría                          | 14. Sobrado dos Monxes |                  |

## CARACTERÍSTICAS E PERFIL DO PERSOAL TÉCNICO E POLÍTICO PARTICIPANTE

A oferta formativa foi, sen dúbida, amplamente respaldada polos seus destinatarios, sendo preciso inicialmente restrinxir o número de solicitudes por persoa a dúas actividades en cada convocatoria, para garantir que todos os interesados en participar no Plan, puidesen facelo. No primeiro ano asistiron ás iniciativas 70 dos destinatarios e no segundo ano incrementouse a presenza nun 21,4%, coa inscrición de 85 técnicas/os e concelleiras/os. En conxunto seguiron actividades do Plano un total de 126 persoas diferentes, que proviñan fundamentalmente de concellos de mediano (51 persoas; 40,5% dos participantes) e gran tamaño (48 persoas; 38,1% do total). En relación a estes últimos hai que sublinhar que só do concello da Coruña asistiron 19 persoas, o que representa o 15% dos asistentes. Finalmente, cómpre sinalar que 25 participantes (19,8% do total) desenvolvían o seu labor en pequenos concellos e 2 na propia Deputación Provincial.


Cómpre sublinhar que as 126 persoas diferentes concretaron a súa participación no Plano en 217 asistencias a actividades. A maioría, como se pode observar na gráfica n.º 1, acudiron a 1 proposta (59,5%) e só un 7,2% a máis de tres iniciativas.

Gráfica n.º1: Participantes por número de actividades desenvolvidas 2005-2007



En relación ao sexo debemos indicar a predominancia feminina das participantes nunha relación de arredor de 7 mulleres por cada 3 varóns que se inscribiron. Non obstante, no segundo ano do Plano a presenza de homes incrementouse en 6,2 puntos e pasou de representar o 31,4% ao 37,6% dos asistentes.

Gráfica n.º2: Participantes por sexo



É preciso que os responsables da organización e coordinación dunha oferta formativa reflexionen sobre o grao de adecuación da proposta, non só ás demandas dos destinatarios –neste caso xa recollidas no deseño da iniciativa- senón á realidade contextual, laboral e persoal dos mesmos, tratando de valorar a significatividade e funcionalidade das aprendizaxes que se ofertaron.

Con este propósito sinálanse de seguido as características más relevantes dos participantes no Plano Experimental de Formación, se atendendo á perspectiva da rendibilidade persoal e profesional da formación ofrecida, en chave de mellora da acción cultural nos municipios coruñeses. Cómpre considerar que o seu aproveitamento está en función da adecuación da oferta a unha serie de características profesionais e persoais dos destinatarios. Entre as primeiras, poden sinalarse un conxunto de variables que inciden na posibilidade de aplicación da formación recibida no desenvolvemento profesional cotián; entre elas está o posto de traballo que se desempeña, a área municipal a que se vincula e tamén as características e as condicións laborais en que se desenvolve o labor. Entre as características, alén de aspectos intrínsecos relativos ao interese, motivación e expectativas a respecto do traballo que se desenvolve -cuestións de difícil valoración e esixencia desde o punto de vista dos organizadores da formación-, áchase a formación académica, previa.

A primeira constatación é a da centralidade das áreas municipais en que se encadra o labor formativo, como ben se pode apreciar no cadro n.º 5. Neste cadro, obsérvase como a maioría dos participantes, desenvolve o seu labor adscrito ás concellarías de Cultura e Educación (71,5%) un feito que, desde a perspectiva de adecuación da oferta ás posibilidades de desenvolvemento profesional, podería valorarse moi positivamente. Veremos, no entanto, que a concreción do posto de traballo rebaixa esta expectativa inicial.

Cadro n.º 5: Áreas municipais de traballo dos participantes no Plan Experimental de Formación

| Área municipal                     | Participantes | %    |
|------------------------------------|---------------|------|
| Cultura/Cultura e outras áreas     | 83            | 65,9 |
| Educación/Educación e outras áreas | 7             | 5,6  |
| Benestar e Cooperación             | 7             | 5,6  |
| Deputación Provincial              | 2             | 1,5  |
| Outras                             | 19            | 15,1 |
| Non indican                        | 8             | 6,3  |

A análise dos postos de traballo dos participantes (cadro n.º 6) subliña, en principio, o grao de adecuación entre a oferta e a realidade profesional, ao comprobar que os participantes se definen fundamentalmente como persoal con tarefas específicas en áreas vinculadas ao Plano Formativo. Dúas dedicacións profesionais destacan no conxunto exposto: a de técnico/a (de cultura, bibliotecas, dinamización lingüística, xuventude, educación e mocidade...) e a de animador/a cultural ou sociocultural.

É salientable a escasa presenza de responsables políticos nas iniciativas de formación. No conxunto das propostas participaron 14 concelleiros/as, dos que 8 acudiron a algunha das iniciativas de carácter xeral e 8 ao seminario especificamente planificado para concelleiros e concelleiras das áreas vinculadas ao Plano. É evidente que a maioría dos responsables políticos non se senten concernidos coas propostas contidas no Plano de Formación da área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico. Será importante para o desenvolvemento das sucesivas fases, analizar en profundidade esta ausencia e planificar estratexias de incorporación de quen é unha peza chave no impulso e respaldo de iniciativas de modernización e optimización das políticas culturais da Administración local.

Cómpre subliñar tamén que, na categoría outros postos de traballo, figuran unha variedade de dedicacións laborais con, inicialmente, escasas ou nulas posibilidades de actualizar no exercicio profesional as aprendizaxes e competencias que se adquiriron nas accións formativas. Entre elas pódense sinalar as seguintes: asistente de xerencia, auxiliar de biblioteca, auxiliar administrativo, administrativa de cultura e deporte, arquiveira e secretario técnico. Finalmente, non se pode pasar por alto que un 23,0% dos participantes no Plano Formativo non especifican o posto de traballo, unha omisión que moi ben se podería atribuír á falta de correspondencia cos destinatarios prioritarios deste plano, e que contribuirían a rebaixar o nivel de adecuación entre a oferta e o desenvolvemento profesional, anteriormente mencionado, que, non obstante, pode valorarse moi positivamente para arredor do 70% dos participantes.

Cadro n.º 6: Postos de traballo dos participantes no Plan de Formación

| Posto de traballo   | Participantes | %    |
|---|---------------|------|
| Concelleiras/os   | 14            | 11,1 |
| Técnicas/os   | 31            | 24,6 |
| Animadores Socioculturais                                 | 21            | 16,7 |
| Coordinadoras/es, directoras/es, responsables de servizos | 12            | 9,5  |
| Programadoras/es  | 2             | 1,6  |
| Pedagogo/a, educador/a, alfabetizador/a                   | 7             | 5,6  |
| Outros postos de traballo                                 | 10            | 7,9  |
| Non indican   | 29            | 23,0 |

A situación laboral dos participantes é, sen dúbida, unha variable de alto interese na análise da rendibilidade do Plano de Formación, dado que a iniciativa quere asentarse prioritariamente na reflexión sobre a acción cultural municipal e a proposta de melloras en perspectiva de futuro. É evidente que o grao de estabilidade no posto de traballo inflúe en gran medida no interese, nas expectativas, na motivación de logro e, en definitiva, na posta en marcha e consolidación de propostas derivadas do proceso de formación. Esta información non foi demandada no formulario de inscrición no primeiro ano do Plan, polo que no cadro n.º 7 amósanse só os datos dos participantes na segunda anualidade que, non obstante, permiten realizar unha

estimación da situación do conxunto dos asistentes. Pódese apreciar como a maioría dos participantes non contan co grao de estabilidade laboral que mellor garanta a actualización e renovación do quefacer técnico-profesional municipal.

Cadro nº 7: Situación laboral dos participantes no segundo ano. Plano Experimental de Formación

| Tipo de contrato | Participantes | %    |
|------------------|---------------|------|
| Temporal         | 17            | 25,0 |
| Obra e servizo   | 13            | 19,1 |
| Laboral fixo     | 11            | 16,2 |
| Funcionario      | 6             | 8,8  |
| Concelleiros     | 14            | 20,6 |
| Outros           | 5             | 7,4  |
| Non indican      | 2             | 2,9  |

É salientable que só unha cuarta parte dos asistentes indiquen unha situación laboral estable (laboral fixo e funcionarios); aínda máis, descontados os concelleiros (14 persoas), que evidentemente non manteñen ningunha situación contractual coas administración locais en función do seu cargo, as persoas con situación laboral inestable elevaríanse ao 64,9% (categorías *temporal*, *obra e servizo* e *outros*, entre os que figurán persoal externo, interinos ou suxeitos a subvención). Desta situación, derívanse algunas consecuencias en que é preciso reflexionar por parte da administración provincial –en calidade de promotora da iniciativa de formación-, da administración local -como receptora dos seus posibles logros-, e do equipo Interea -como organizador e coordinador das accións formativas-. Sublíñamose as que estimamos más relevantes e que tivemos ocasión de comprobar nalgúns participantes no transcurso da fase experimental do Plano de Formación:

- Perda ou diminución da motivación para a participación na formación en servizo, non acudindo as iniciativas propostas.
- Abandono das actividades de formación por rematar a vinculación profesional co concello ou variar o posto específico e perder significatividade a proposta emprendida.
- Valoración da formación nunha perspectiva activista e puntual, afastada das propostas estratégicas e globais para a acción que se queran promover.
- Merma da rendibilidade práctica da inversión económica realizada pola administración na actualización de profesionais que non terán a posibilidade de aplicación real das aprendizaxes.

Finalmente, os datos relativos á formación académica dos participantes –cadro nº 8- refírense igualmente ao segundo ano do Plano de Formación, por carecer desta información na inscrición da primeira anualidade. Amosan unha notable presenza

Cadro nº 8: Formación académica dos participantes no Plano Experimental de Formación

| Formación académica            | Participantes | %    |
|--------------------------------|---------------|------|
| Licenciatura                   | 41            | 60,3 |
| Diplomatura                    | 11            | 16,2 |
| Ensino secundario <sup>6</sup> | 6             | 8,8  |
| Non indican                    | 10            | 14,7 |

de Licenciados entre o persoal técnico e os responsables políticos dos concellos (60,3%), principalmente das áreas de Humanidades e Ciencias Sociais (Ciencias da Educación, Xeografía e Historia, Filoloxía, Psicoloxía).

O conxunto de características, ata aquí descritas, permite debuxar o perfil-tipo de participantes na fase experimental do Plano de Formación. Concretárase nos seguintes datos:

*Muller, titulada superior universitaria, na categoría profesional de Técnica da Área de Cultura dun concello coruñés de mediano tamaño, cun contrato laboral de carácter temporal.*

## OS RELATORES E RELATORAS NO PLAN

No desenvolvemento da fase experimental do Plano Formativo participaron os 34 relatores e relatoras que se indican no cadro n.º 9, provenientes de diferentes ámbitos de especialización e formación:

- Universidades, coa participación de profesorado de diversas áreas de coñecemento, departamentos e centros, así como especialistas de servizos de apoio á docencia e investigación das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Complutense de Madrid, Carlos III e Sevilla.
- Técnicos e profesionais adscritos á administración pública provincial -Deputación de Barcelona- e local -concellos de A Coruña, Rianxo, Santiago de Compostela, San Sadurniño e Lugo-.
- Profesionais e responsables de diversas institucións, organismos e entidades vinculados aos ámbitos temáticos previstos nas accións formativas.

6. Catro persoas nesta categoría teñen a titulación de TASOC.

Cadro n.º 9: Formadores e formadoras na fase experimental do Plano de Formación

| Formadores e formadoras                           |   |
|---|---|
| - Agustín Lorenzo. Concello de A Coruña           | - J. Ramón Alonso. Concello de Santiago       |
| - Alfonso García. U. Santiago de Compostela       | - José A. Medina. Coop. Iniciativas Culturais |
| - Antonio Ares. U. Complutense de Madrid          | - Laura Cruz. U. Santiago de Compostela       |
| - Belén Caballo. U. Santiago de Compostela        | - Lucía Blanco. Centro Tecnoloxías USC        |
| - Berta García. U. Santiago de Compostela         | - Lucía Iglesias U. Santiago de Compostela    |
| - Carlos Alcover. U. Carlos III de Madrid         | - Luciano Fernández. Concello de Narón        |
| - Carlos Andújar. Concello da Estrada             | - Lucio Emilio Villegas. U. Sevilla           |
| - Carlos Santos. Centro Tecnoloxías USC           | - Mª Dolores Candedo. U. da Coruña            |
| - Carmen Morán. U. Santiago de Compostela         | - María Yáñez. Edicións A Rotonda             |
| - Charo Rubio. Coop. Iniciativas Culturais        | - Miguel Túñez U. Santiago de Compostela      |
| - Daniel Romero. U. Santiago de Compostela        | - Natalia Balseiro. Concello S. Sadurniño     |
| - Fernando Lavandeira. Concello de Rianxo         | - Rita Gradaille U. Santiago de Compostela    |
| - Francisco Candia. U. Santiago de Compostela     | - Rosa Abelleira. Concello de Lugo            |
| - Francisco Gil. U. Complutense de Madrid         | - Santiago Martínez. Deputación Barcelona     |
| - Francisco J. Sanjiao. U. Santiago de Compostela | - Sara Rodríguez. U. Santiago de Compostela   |
| - Héctor Pose. U. da Coruña                       | - Sindo Alonso. U. Santiago de Compostela     |
| - José A. Caride. U. Santiago de Compostela       | - Wilder Murillo. Experto informático         |

## Os Espazos de Formación

Os cursos, seminarios, obradoiros e xornadas monográficas que integraron a oferta formativa da fase experimental do Plano Formativo, tiveron acollida nunha gran variedade de espazos e emprazamentos, no intento de descentralizar as actividades e diseminá-las no territorio provincial. Porén, os requisitos de disponibilidade, capacidade e dotación de medios, levaron a concretar o desenvolvemento da maioría das propostas nos seguintes equipamentos:

- Aulas da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.
- Aulas da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.
- Salas do Centro Comarcal de Ordes
- Salas do Pazo de Mariñán no concello de Bergondo.

Non obstante, as reunións de traballo e as sesións de tutoría dos grupos de Investigación-Acción e os constituídos nas dúas edicións do curso Planificación Estratégica na Acción Cultural Local, ampliaron os espazos de formación a unha boa parte da xeografía e das infraestruturas da provincia. Foron punto de encontro de formadores e participantes no Plano Formativo, alén dos sinalados, os seguintes equipamentos:

- Auditorio de Galicia de Santiago
- Biblioteca de Rois
- Biblioteca Municipal de Betanzos
- Biblioteca Municipal de Vimianzo
- Biblioteca Pública de Irixoa

- Casa da Cultura de Arteixo
- Casa da Cultura de Lousame
- Casa da Cultura de Malpica
- Casa da Cultura de San Sadurniño
- Casa da Xuventude de Narón
- Casa do Concello de Santiago
- Casa do Concello de Sobrado dos Monxes
- Deputación Provincial

## As Actividades

Comentamos de seguido os aspectos máis destacados das actividades realizadas entre 2005 e 2007, desenvolvendo as liñas de accións formativas previstas: unha prioritaria arredor da Axenda 21 da Cultura e os procesos de planificación estratégica, e varias paralelas ou específicas atendendo á concreción doutras necesidades e demandas detectadas no estudo diagnóstico previo.

### 1. A Liña Prioritaria de Acción

A liña prioritaria de actuación centrada na Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos planos estratéxicos municipais, concretouse en dous tipos de proposta planificadas desde o equipo Interea como vías formativas diferenciadas:

- Unha básica, –modalidade de curso e seminario- co obxectivo de se iniciar e/ou completar o coñecemento e análise da Axenda 21 da Cultura e dos procesos de planificación estratégica como marco do desenvolvemento local e, en definitiva, como estratexia metodolóxica para o diagnóstico da realidade social e a definición de planos globais de intervención.
- Unha avanzada –grupos de investigación-acción- concibidos como unha proposta formativa autónoma para aquelas persoas con coñecementos e experiencia profesional na liña que se suxeriou, posibilitando o afondamento, avance e ampliación dos intereses e capacidades, a través dun grupo de aprendizaxe compartido.

Cadro n.º 10: Liñas de acción formativa 2005-07

| Liña de acción formativa   | Actividades   |
|--|---|
| A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Planos estratéxicos municipais | Curso 2005-2006 e 2006-2007<br>A planificación estratégica na acción cultural local<br>(Convocados no Plano de Formación 2005 e 2006 para o persoal da deputación e concellos da provincia da Coruña) |
|  | Investigación-acción 2005-2006  |
|  | Seminario 2007<br>Cultura, planificación estratégica e innovación política  |

### • CURSOS A PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA NA ACCIÓN CULTURAL LOCAL

Os dous cursos desenvolvidos foron convocados no marco do Plano de Formación para persoal da Deputación e Concellos da provincia da Coruña, mais a planificación, coordinación e desenvolvemento correspondeu ao equipo Interea. Contaron nas dúas edicións cun elevado número de solicitudes, que, inicialmente, superaron as 40 prazas que se ofertaron en cada convocatoria. De carácter extensivo e teórico-práctico, compaxinaron sesións presenciais arredor dos diferentes núcleos de contidos, con outras de traballo autónomo en grupo; estas foron supervisadas por un titor/a de formación que acompañou o proceso de elaboración de proxectos específicos, contextualizados nos concellos dos participantes. A riqueza desta experiencia foi visible na concreción de iniciativas –algunhas amósanse nestas actas- que poñen de manifesto as posibilidades reais de innovación e de mellora da acción cultural nos municipios coruñeses a través do labor compartido e sinérxico dos seus profesionais. No cadro n.º 11 ofrécense os títulos dos traballos e concellos de referencia dos integrantes dos equipos nas dúas edicións do curso.

Cadro n.º 11: Traballo presentados no Curso de Planificación Estratégica na Acción Cultural Local

| Curso 2005-2006  |  |
|--|--|
| Título   | Concellos dos membros do equipo                              |
| ACCEDE, Plano estratégico cultural da acción local dos concellos de Rois e Lousame | Ames, Lousame e Rois   |
| Participación cidadá e potenciación de axentes culturais                           | Boiro, Ortigueira, Ponteceso, Rianxo e Vilarmaior            |
| Mapas culturais  | Ames, Boqueixón, Camariñas, Muros, Outes e Vedra             |
| Análise dos axentes culturais no contexto da Axenda 21 da Cultura                  | Arteixo, Bergondo, Cambre, Carballo e Santiago de Compostela |
| CRIC: Creación dunha rede intermunicipal cultural                                  | Abegondo, Aranga, Malpica, Oza dos Ríos e Sada               |

| Curso 2006-2007  |  |
|--|--|
| Título   | Concellos dos membros do equipo                    |
| A participación rural na acción cultural municipal   | Narón, Neda, Ortigueira e San Sadurniño            |
| Da Baroña castrexa ao medievo interior: patrimonio-mocidade-participación                                  | Brión, Porto do Son e Val do Dubra                 |
| Xescocultur, xestión conxunta na acción cultural local   | Cambre, Carral, e persoal da Deputación Provincial |
| SIV, plano cultural intermunicipal   | Sobrado dos Monxes, Irixoa e Vilasantar            |
| A aula de informática municipal e a dinamización lingüística: unha proposta de actuación en Carballo e Teo | Carballo e Teo                                     |

Os cursos recibiron unha valoración global positiva, tanto polos participantes como polas responsables de coordinación desde o equipo Interea. Non obstante anótanse suxestións de mellora, entre as que destacan o desenvolvemento de más dinámicas prácticas nas sesións presenciais, o axuste no recoñecemento en horas do traballo práctico, a disponibilidade dunha ferramenta virtual para facilitar o labor de equipo, ou o mellor acomodo do calendario e do horario do curso aos do quefacer municipal.

### • GRUPOS DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN

A aceptación da proposta de constitución de grupos de Investigación-Acción arredor da temática "Políticas integrais e planificación estratégica na acción cultural local" e a consolidación de dous equipos de traballo ao longo da anualidade 2005-2006 puxo de manifesto o seu valor inicial como ferramenta formativa útil para os técnicos e técnicas de cultura da provincia.

A convocatoria quería servir de respaldo ao labor autónomo de equipos de técnicos e técnicas municipais con experiencia profesional nesta modalidade, que contarán para o seu desenvolvemento co asesoramento metodolóxico do equipo Interea e unha dotación económica de 600 €.

Inscribiríronse 20 persoas que conformaron dous grupos de 10; finalmente a composición destes grupos reaxustouse nun grupo de 8 integrantes e outro de 4, dos que se sinalan no cadro n.º 12 o contido temático tratado e os concellos de referencia.

Cadro n.º 12: Grupos de investigación-acción

| Contido temático  | Concellos dos membros do equipo                                    |
|---|--|
| Aproximación á análise dos hábitos e demandas culturais | Arteixo, Boiro, Carballo, Lousame, Muros, Rianxo, Outes e Santiago |
| Fomento da participación no ámbito de xuventude         | Aranga, Camariñas, Rois e Vilarmaior                               |

Non obstante, constatouse unha escasa bagaxe previa canto ao coñecemento directo ou participación noutros grupos de I-A, o que desvirtuou a concepción desta iniciativa como unha acción avanzada de formación autónoma, e reforzou a idoneidade da xornada inicial desenvolvida arredor de conceptos básicos e presentación de experiencias concretas de I-A no eido cultural.

Algúns elementos que dificultaron e enlenteceron o desenvolvemento da proposta foron:

- A disparidade de localizacións xeográficas entre os técnicos/as participantes e, mesmo, tamén nas súas motivacións (nivel de interese, ocupación, implicación).
- A percepción dunha excesiva laboriosidade e grao de dificultade no desenvolvemento desta modalidade de investigación polos grupos, que desexarían traballar

con dinámicas de menor rigor, mais cunha aplicación que perciben como más práctica.

- A falta de concreción na identificación de "temas críticos" (moi xenéricos ou imprecisos inicialmente) e a propia conformación dos grupos de trabajo, non tanto como equipos formais, senón como unidades homoxéneas de análise fronte a unha realidade ou liña de investigación común.

Estas circunstancias levaron a que a presenza e o labor dos membros do equipo Interea, centrada inicialmente no acompañamento e seguimiento técnico, fose converxendo ao longo do proceso a tarefas más propias de coordinación e mobilización dos grupos de trabajo (introducción de temas críticos, reparto de tarefas, calendarización, elaboración de actas de seguimiento etc.).

Mais, por riba do marco metodolóxico, a percepción global da actividade nesta primeira convocatoria subliñou o seu valor como punto de encontro, discusión e análise da propia práctica profesional nunha dupla dimensión: o intercambio de funcións e roles profesionais (posibilidades, limitacións e retos de futuro dos técnicos de cultura no ámbito municipal) e as particularidades dos contextos e entidades municipais representadas (dimensión territorial, campos de intervención, respuestas particulares a necesidades socioculturais, discernimento de recursos e equipamentos culturais etc.).

Estas consideracións deberían servir como punto de partida satisfactorio para centrar a continuidade destes grupos ou a reformulación de estratexias de traballo en materia de investigación-acción, así como grupos estables de traballo baixo a modalidade de seminarios permanentes, novas propostas de análise ou obxecto de investigación etc. Os propios grupos foron descubrindo iniciativas, limitacións e posibilidades dos procesos de I-A que en si propias constitúen un bo marco de referencia para posteriores traballos.

#### • SEMINARIO CULTURA, PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E INNOVACIÓN POLÍTICA

Previsto inicialmente para o mes de novembro de 2006, tivo que ser trasladado por cuestiós organizativas ao mes de febreiro de 2007. Os seus destinatarios eran os responsables políticos das áreas de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico, rexistrándose inicialmente tan só 7 inscricións. Coa súa posposición, e tras unha nova campaña informativa, amosaron o interese en participar 17 concelleiras e concelleiros da provincia, dos que finalmente acudiron 8, representantes dos concellos de Arteixo, Bergondo, Betanzos, Neda, Porto do Son, Toques e Tordoia.

Co seu desenvolvemento atendíase aos obxectivos de favorecer estratexias políticas de innovación social e cultural acordes ás novas necesidades e ás demandas sociais; analizar as potencialidades e as limitacións das accións culturais municipais na perspectiva da contribución aos compromisos suxeridos na Axenda 21 da Cultura, e proponer estratexias que avanzasen na centralidade da cultura como un dos eixes da política estratéxica municipal.

O seminario cumpliu fundamentalmente unha función sensibilizadora e de presentación xeral da temática, estimándose tanto polos asistentes como polo equipo Interea a necesidade de lle dar continuidade noutras iniciativas específicas para os mesmos destinatarios. Nesta perspectiva de futuro agárdase un maior respaldo e compromiso dos responsables políticos coas propostas de formación de cara á dinamización, a renovación e a optimización dos axentes e os recursos culturais locais que están baixo a súa responsabilidade.

## 2. As liñas específicas de acción

Tres foron as liñas de acción paralelas ou específicas previstas e desenvolvidas na fase experimental do Plano Formativo: xestión e administración dos equipamentos culturais organización, coordinación e xestión do traballo en equipo e banco de boas prácticas.

#### • XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DOS EQUIPAMENTOS CULTURAIS

A liña específica arredor da xestión e administración dos equipamentos culturais situaba o centro de interese no tratamento dunha diversidade de requerimentos formativos que se supoñen implícitos nos profesionais que desenvolven o seu labor neste contorno, mais que, en liñas xerais, non se inclúen na súa formación inicial. Arredor destes aspectos deseñáronse as tres actividades que se sinalan no cadre que segue, que se desenvolveron ao longo dos anos 2005 e 2006: dúas na modalidade de xornada monográfica e unha na de obradoiro.

Cadro nº 13: Liñas de acción formativa

| Liñas de acción formativa                           | Actividades   |
|---|---|
| Xestión e administración dos equipamentos culturais | Xornadas monográficas<br>2005 Recursos para a xestión e administración dos equipamentos culturais<br>2006 Novas tecnoloxías e xestión cultural<br>Obradoiro<br>2006 Comunicación e 'marketing' cultural |

#### • XORNADA MONOGRÁFICA RECURSOS PARA A XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DOS EQUIPAMENTOS CULTURAIS

Realizouse no pazo de Mariñán o día 30 de setembro de 2005 coa participación de 47 persoas. Tratando de atender ás necesidades formativas dos responsables de equipamentos culturais municipais en materia económica, laboral e lexislativa, deseñouse a xornada como un espazo e tempo de encontro e formación onde, alén de tratar contidos específicos dos ámbitos referidos, se propiciase o intercambio de experiencias como punto de partida na consolidación dun "banco de boas prácticas".

cas". Con esta finalidade articulouse un programa que recollía o desenvolvemento ao longo do día de relatorios –xestión cultural e administración cultural-, obradoiros simultáneos –xestión económica e mapas culturais- e exposición de experiencias –Servizo sociocomunitario de Narón e Fundación Coruña Espectáculos-.

A valoración realizada polos participantes e polos responsables do equipo Interea foi moi satisfactoria tanto nos aspectos de contido formativo, como nos organizativos. Suxeríronse, non obstante, algunas apreciacións que indicamos a seguir:

- A necesidade de axustar en maior medida a formación á realidade de concellos medianos e pequenos, presentando experiencias e prácticas aplicables ás dimensións territoriais e poboacionais do ámbito rural e de pequenas vilas.
- Ampliar a duración da xornada de modo que se poida afondar máis intensamente na temática que se tratou.
- Axustar as presentacións, a obradoiros e as experiencias evitando dispersións temáticas de modo que a xornada sexa realmente monográfica.
- Posibilitar un maior intercambio de ideas e proxectos; incrementar a participación dos asistentes.
- Animar a asistir ao cadre político.

#### • XORNADA MONOGRÁFICA NOVAS TECNOLOGÍAS E XESTIÓN CULTURAL

Desenvolveuse na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña o 15 de setembro de 2006 coa participación de 44 persoas. De estrutura similar á da edición de 2005, centrouse nos obxectivos de posibilitar o coñecemento das TIC que favorecen a xestión cultural municipal; presentar programas, medios e sistemas de información que facilitan a programación cultural e educativa, así como a relación coa cidadanía, e difundir boas prácticas de experiencias de xestión cultural virtual. Organizouse arredor de dous relatorios - Cultura e fenda dixital e Internet en Galicia, lingua, contidos, recursos e ferramentas-, tres obradoiros simultáneos -Tecnoloxías de traballo en rede, creación e xestión de contidos culturais dixitais: webs e blogs, e bases de datos e sistemas de información (SIG/GIS)- e dúas actividades de exposición de experiencias -A Estrada Dixital e Edicións A Rotonda e Portal Vieiros-.

Agás problemas técnicos que xurdiron no comezo da xornada que xeraron certa incompatibilidade, atrasaron o comezo do primeiro relatorio, e diminuíron o tempo e as posibilidades de interactuar co relator, a xornada monográfica foi positivamente valorada polos asistentes, suxerindo a repetición da mesma temática coa incorporación de novos contidos en futuras edicións. Cómprase mencionar a boa acollida e o interese que espertaron os obradoiros desenvolvidos –“Tecnoloxías de traballo en rede”, “Creación de contidos dixitais” e “Bases de datos e sistemas de información xeográfica SIG/GIS”- reclamando maior dedicación temporal a este tipo de propostas.

Nas suxestións realizadas na enquisa de avaliación da actividade apúntanse diversos temas para futuras xornadas monográficas, sendo os más reiterados o ámbito lexis-

lativo -aspectos normativos referidos aos regulamentos de réxime interno, ás ordenanzas municipais, aos pregos e procedementos de contratación, aos procedementos que garantan a cobertura da responsabilidade civil...- e xestión cultural -interese polos “equipamentos culturais de proximidade” ao tempo que polas experiencias “extra equipamentos” e os “novos espazos de creación cultural”-.

#### • OBRADOIRO COMUNICACIÓN E ‘MARKETING’ CULTURAL

Realizouse na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela nos meses de setembro e outubro de 2006, e cubrironse a totalidade das prazas que se ofertaron -25-. A proposta, que recollía unha demanda de formación reiteradamente expresada, orientouse á análise de estratexias e medios de difusión e comunicación de cara a incrementar a participación cidadá e á potenciación de destrezas de ‘marketing’ que optimicen a difusión e o impacto das propostas culturais.

O seu desenvolvemento concretouse en catro sesións presenciais de catro horas (venres pola tarde e sábado pola mañá) e a realización dun traballo persoal de aplicación do contido da temática no ámbito laboral específico dos asistentes. Estes valoraron positivamente a acción formativa, realizando suxestións de mellora en relación ao material facilitado e a posibilitar en maior medida o intercambio de experiencias entre os participantes. Entre os temas propostos, pensando en futuras accións formativas relacionadas con este ámbito, sinaláronse os que seguen:

- participación activa das asociacións na programación cultural dos concellos
- estratexias de dinamización da mocidad
- estratexias de captación de públicos
- animación coa terceira idade e coa infancia en distintos campos culturais
- deseño gráfico e animación cultural
- ferramentas informáticas para a xestión cultural
- elaboracións de blogs e webs

#### • ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN E XESTIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO

Liña de acción que entronca na necesidade de contribuír á mellora permanente das competencias persoais e profesionais precisas nos responsables políticos e técnicos para adquirir e poñer en acción coñecementos, habilidades, valores e actitudes favorables dos procesos de comunicación e interacción social. Entre as competencias destacan dúas categorías: por unha parte as relacionadas coa mellora do ambiente laboral e o incremento da eficacia e rendemento do traballo en equipo –obxecto de traballo no primeiro ano do Plano Experimental de Formación-; por outra, as estratexias de mediación en contextos profesionais interdisciplinares, en que a dimensión participativa e comunitaria require unha permanente disposición para a negociación e a resolución de conflitos –núcleo de traballo do segundo ano do Plano Experimental-. As actividades desenvolvidas, ambas na modalidade obradoiro, concretánsen no cadre que segue:

Cadro nº 14: Liñas de acción formativa

| Liñas de acción formativa                                  | Actividades                                     |
|--|---|
| Organización, coordinación e xestión do trabalho en equipo | Obradoiros                                      |
|  | 2005 Dinamización do trabalho en equipo         |
|  | 2006 Habilidades comunicativas para a mediación |

#### • OBRADOIRO DINAMIZACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO

As solicitudes de participación na actividade sobrepassaron abondo a oferta de prazas dispoñibles -25-, atendendo ás características da modalidade formativa. Desenvólvense na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña ao longo do mes de outubro de 2005 en cinco sesións de 4 horas, que se levaron a cabo nas tardes do venres e o sábado pola mañá. O obradoiro centrábase na análise das características xerais e os factores determinantes da función directiva eficaz e persoalmente positiva; no coñecemento, práctica e selección de técnicas de dinámica de grupos valiosas na organización, no desenvolvemento e na mellora do funcionamento do trabalho en equipo en diferentes contextos da Administración local; e na valoración do alcance, das fases e das técnicas de optimización dos procesos de negociación, na perspectiva de incrementar a participación de diversos axentes. Certo que a ambición na proposta só permitiu unha análise global e introductaria dos contidos relativos á mediación, sen poder afondar na medida do desexado nos propios. Tamén se suxeriu polos participantes unha maior focalización das propostas na realidade do labor municipal. Con todo, a proximación realizada deu oportunidade de obter unha visión xeral sobre a dinamización do trabalho en equipo, e alentou o interese por novas propostas formativas arredor deste tema, suxerindo contidos como:

- tipoloxía e xestión de diferentes reunións e grupos de trabajo
- perfís e competencias dos membros dos equipos
- relacións entre os membros do equipo
- traballo interdisciplinar
- adestramento en habilidades directivas
- xestión do tempo para os equipos de trabalho
- comunicación social e habilidades comunicativas

Este último aspecto combinado con mediación, foi o núcleo de trabalho no segundo ano do Plano Experimental.

#### • OBRADOIRO HABILIDADES COMUNICATIVAS PARA A MEDIACIÓN

Dando continuidade á liña formativa e atendendos á avaliación e ás demandas da primeira edición, convocáronse 25 prazas para este obradoiro que se levou a cabo ao longo do mes de novembro de 2006 no Centro Comarcal de Ordes. Desenvolveuse en catro sesións presenciais de 4 horas (venres pola tarde e sábado pola mañá) e recolleuse tamén a realización dun traballo de aplicación no ámbito laboral dos par-

ticipantes. Orientouse á análise das características xerais e os factores determinantes nos procesos de comunicación e ao exercicio de habilidades comunicativas básicas para o traballo en equipo e a mediación. O obradoiro foi positivamente valorado tanto nos aspectos organizativos como académicos, obténdose puntuacións medias destacadas nos aspectos relativos á participación persoal e grupal e ao grao de satisfacción coa participación na actividade. Nas suxestións insístese na continuación do obradoiro afondando na temática, facendo maior incidencia no traballo práctico arredor da resolución de conflitos.

#### O PROCESO DE AVALIACIÓN

A importancia da avaliación como tarefa imprescindible na verificación da adecuación, alcance e calidad do proceso e dos seus logros, foi considerada no desenvolvemento da fase experimental do Plano de Formación. Tres foron os referentes na recollida de información ao respecto:

- Os/as participantes, a través dunha enquisa aplicada ao remate de cada unha das actividades.
- Os membros do equipo Interea-formación con responsabilidade de coordinación en cada acción, a través dun informe valorativo do desenvolvemento desta.
- O conxunto do equipo Interea-formación na elaboración da memoria final que corresponde a cada anualidade do Plano.

As enquisas que foron deseñadas para valorar as accións formativas seguirón un modelo uniforme cos seguintes apartados: un primeiro descriptivo do perfil do participante, un segundo valorativo de diferentes aspectos da organización presentados nun formato de escala Likert (puntuación mínima 1, máxima 5), e un terceiro de carácter aberto para achegar novas temáticas de traballo e suxerir melloras na organización e desenvolvemento das accións formativas. Resúmese de seguido o contido específico de cada categoría:

- a) Perfil do/a participante: concello, concellaría ou servizo de procedencia, posto de traballo, formación académica.
- b) Valoración de aspectos organizativos da actividade: información, prazos de inscrición, lugar e espazo de realización, concreción e distribución temporal, labores de coordinación.
- c) Grao de consecución de cada obxectivos da acción formativa.
- d) Valoración dos relatorios canto a contidos, o dominio da temática, as dinámicas de traballo establecidas, o tempo dedicado, os medios e o material facilitado, interacción co/a relator/a, interese da proposta para o desenvolvemento profesional.
- e) Valoración da participación persoal e grupal e o grao de satisfacción persoal coa participación na iniciativa.

Os resultados do proceso foron globalmente comentados ao longo deste documento, tanto no referido a cuestións de índole organizativa, como na descripción específica de cada proposta. Queremos rematar, non obstante, coa exposición resumida das principais conclusións que achegaron desde os colectivos de participantes e organizadores da fase experimental do Plano de Formación.

## 1. OPINIÓN DOS PARTICIPANTES

Podemos concluir que a nivel xeral a valoración é satisfactoria; ningunha das iniciativas obtén unha valoración global negativa; antes ben, a maioría dos ítems obteñen puntuacións que se sitúan por riba da puntuación media.

Os aspectos organizativos e de coordinación son moi ben valorados, o que para o equipo Interea-Formación supón unha satisfacción polo recoñecemento da laboriosa tarefa das persoas de Secretaría Técnica dedicadas a esta función, e dos responsables de cada actividade.

A consecución de obxectivos sitúase sempre na tendencia positiva con valores que superan a media, mais indicativos da necesidade de mellorar o axuste entre as finalidades e os procesos que se desenvolveron.

A opinión sobre os contidos propostos de cara ao desenvolvemento profesional e a cualificación dos relatores en función das temáticas é moi positiva. Porén, en liñas xerais, apúntase á necesidade de modificar as dinámicas de traballo establecidas de cara a posibilitar maior interacción, practicidade e dinamismo nas actividades.

A valoración sobre a distribución dos tempos –calendarios, horarios, sesións...– é igualmente positiva, apuntándose nalgúnha actividade a necesidade de ampliar o número de sesións e o tempo dedicado; sinálase tamén a necesidade de incrementar o tempo que está a disposición dos participantes para intercambios de opinión e ter presente na organización a concentración de traballo nos concellos en determinadas épocas do ano.

Os aspectos participativos, persoais e grupais, obteñen puntuacións más baixas, aínda que en tendencia positiva. Talvez a autocriticá faga apreciar con maior rigor un aspecto que na perspectiva dos relatores e coordinadores é positivamente valorado.

## 2. OPINIÓN DO EQUIPO INTEREA-FORMACIÓN

En sintonía cos participantes, a valoración é igualmente satisfactoria. A fase experimental do Plano de Formación deixa no territorio da provincia da Coruña un importante xermolo de inquietudes e de iniciativas que avalan a necesidade de continuación do labor emprendido consolidando proxectos, iniciando novas experiencias, ampliando o número de participantes, incorporando novos campos e ámbitos de formación etc. que potencien e aseguren a centralidade da cultura no conxunto das actuacións políticas locais, como recomenda o apartado 47 da Axenda 21 da Cultura.

E no ámbito da administración provincial, cómpre avanzar na finalidade de inserir a formación dos responsables políticos e dos técnicos municipais no seo da planificación estratéxica da Deputación Provincial da Coruña.

A análise da opinión dos participantes e a reflexión sobre o labor desenvolvido, indican a necesidade de concentrar esforzos no deseño de procesos e estratexias que permitan, en perspectiva de futuro, superar algúns dos puntos débiles que detectamos e que poden engadirse aos sinalados polos participantes e os comentados na descripción das propostas:

- A heteroxeneidade formativa e de intereses dos participantes que dificulta o seguimento das propostas e a constitución de grupos.
- A falta de compromiso, unha vez realizada a inscrición, na asistencia á formación.
- As dificultades de compaxinar a axenda de traballo coa sistematicidade esixida na asistencia.
- As dificultades no cumprimento dos acordos sobre as horas de comezo das actividades.
- A extensión do Plano Formativo aos concellos que aínda non participaron.
- A implicación no Plano Formativo dos responsables políticos nestas áreas da provincia.
- O respaldo do responsables políticos aos proxectos e ás iniciativas que foron surtindo ao longo das dúas convocatorias de accións formativas.
- A creación dunha plataforma virtual que permita a oferta formativa nesta modalidade. Cuestións organizativas impediron o emprego da prevista para a fase experimental e, nestes momentos, é unha demanda entre os técnicos e as técnicas poder dispoñer dun portal que permita o intercambio e a difusión de experiencias e a posta en marcha de iniciativas de formación en liña.

O que comezamos como un “proxecto de futuro”, vai progresivamente consolidándose como un “proxecto con futuro”. O interese dos destinatarios amosa a sintonía entre as necesidades e as propostas de acción formativa. A súa participación e a implicación, as suxestións de mellora que achegan, son, sen dúbida, expresión do apoio á iniciativa que queremos agradecer desde estas páxinas.



## A participación e o punto G

DANIEL ROMERO  
Técnico de Cultura, Fene

## LIMIAR

Aínda que o concepto de participación social verteira o programa deste Foro, se atendemos ás indicacións da organización e, nomeadamente, do moderador deste grupo aberto de discusión, vou comezar esta intervención tentando explicar "de-que-falo-cando-falo-de-participación-social" para de seguido, tamén cinguíndome ao esquema que se propuxo, dar a miña visión sobre a relación entre procesos participativos-sociedade civil e participación cidadá-administración pública, centrándome más, por razóns obvias, nesta última cuestión.

## DE QUE FALO CANDO FALO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

### O CONCEPTO

Por máis que poida soar a brincadeira, falar de participación social é como falar do punto g. Todo o mundo sabe del pero moi poucos afortunados e afortunadas o achán. En fin, que estamos ante un tema tan de actualidade como complexo.

Quen chegamos a isto da xestión cultural dende o autodidactismo pouco ou nada podemos achegar ás non poucas propostas de definición que formularon diferentes autores contemporáneos.

En calquera caso, vou tentar perfilar, con trazos tan grosos que, mesmo, pode saír un borrancho, o que entendo por participación cidadá.

Máis que unha definición, opto por recoller o que nos di a etimoloxía e o étimo: "participar" é "formar parte de", dun proceso colectivo que comeza coa identificación dos problemas, prosegue coa proposta das solucións que consideramos máis acaídas e entra na súa recta final cando se levan a cabo esas propostas, se fai un seguimento do seu desenvolvemento e unha avaliacián dos seus resultados.

Se fiamos un pouco máis fino e se aplicamos este razonamento á participación cidadá, concluiremos que se trata dun mecanismo de intervención sobre unha realidade concreta co obxectivo de transformala.

A participación prodúcese, xa que logo, nun ámbito territorial ou sectorial determinado; nunca se manifesta en termos absolutos, como un todo ou nada, e admite diferentes graos e ritmos tanto na súa profundidade como nos ámbitos a que se estende.

Á marxe dos debates conceptuais que poidamos establecer ao respecto, o relevante é non considerar a participación como un todo, senón considerar que existen diferentes formas de participación e analizar de que maneira se complementan entre si, xeran sinerxías e provocan procesos de mudanza e desenvolvemento social.

## A PARTICIPACIÓN CIDADÁ, UN PROCESO COMPLEXO E NECESARIO

Unha vez definido o punto de partida, cómpre sinalar que nos achamos ante un proceso tan complexo como necesario.

Complexo na medida en que require dunhas condicións mínimas para poder desenvolverse.

Sen ánimo de entrar nunha relación detallada, hai tres condicións mínimas que deben concorrer en calquera proceso participativo. Refírome a:

- a) A adquisición previa e progresiva de destrezas e capacidades para o diálogo, a colaboración, a responsabilidade e a autonomía. Isto é, para que o proceso acade uns resultados minimamente satisfactorios, é necesario que todos os axentes sociais que están involucrados teñan unha certa competencia técnica que, por regra xeral, se adquire mediante unha formación previa.
- b) A creación dun clima de autoestima positiva nos participantes (recoñecemento da súa achega ao grupo) e de consciencia colectiva (traballar por un proxecto común e identificarse cuns valores compartidos)
- c) O establecemento dun marco de participación e os graos de aceptación das propostas que emanen dos axentes sociais.

É necesaria porque se perfila como:

- a) Unha vía para superar a democracia representativa, achegar a poboación á toma de decisións sobre os grandes temas colectivos que lle afectan e combater o desencanto.
- b) A sociedade é cada día máis complexa, interveñen máis actores con incidencia e xera novas demandas. Neste contexto, a Administración nin é omnisciente, nin ten capacidade para atender todas esas demandas de desenvolvemento e de benestar. Correspónelle, xa que logo, negociar e chegar a vías de encontro e colaboración cos diferentes axentes sociais.
- c) É un proceso que forma (aprendizaxe da complexidade á hora de definir unha política), dinamiza, corresponsabiliza e transforma.

## O ESTADO DA CUESTIÓN

Recorrendo ao paralelismo co "punto g", unha vez foron descritas as súas bondades imos recorrer á "exploración" para ver de achalo.

## PARTICIPACIÓN, SOCIEDADE CIVIL E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: APROXIMACIÓN HISTÓRICA

Falar de participación cidadá, de participación das organizacións e dos movementos sociais nas decisións públicas locais é falar dun tema complicado.

Como todos sabedes, e más os da miña quinta, as relacións entre poderes públicos e sociedade non foron doadas na recente historia galega.

A "longa noite de pedra" e a "pax fraguiana" comportaron o afastamento entre as estruturas institucionais, a sociedade política e a sociedade civil. Consolidouse unha dependencia social da Administración que, á súa vez, viña acompañada dunha enraizada desconfianza sobre o público. Non porque fose público, senón porque se asociaba á "propiedade duns poucos" en lugar de á "propiedade de todos".

Por máis que esta afirmación poida parecer moi forte, aínda non está interiorizada unha nova concepción da cousa pública como ámbito de responsabilidade colectiva e tampouco podemos falar dunha presenza forte, estruturada e responsável do que se adoita denominar como sociedade civil que exerce de contrapeso.

E isto ten consecuencias. En momentos como os actuais de mudanza, os países que parecen reaccionar mellor son aqueles que contan cunha firme rede de vínculos sociais, unha boa tradición de responsabilidade cívica, e que teñen pautas de interacción social baseadas en valores como a confianza e a autocapacidade de organización social.

Neste contexto, os poderes públicos, por tanto, teñen que tratar de pasar da reticencia cara á xente e ás entidades, a unha visión e unhas relacións más horizontais, menos xerárquicas.

Só se entendemos que non se trata de "vender" proxectos e de poñer boa cara, senón de entender que sen a xente non poderemos avanzar, estaremos en condicións de tentar establecer novos marcos de relación e participación.

Desde estas premisas, cómpre reflexionar sobre o que foron e están a ser as relacións, as canles de participación, entre as entidades e as asociacións e as administracións locais.

Relacións/canles de participación en que podemos distinguir tres etapas:

- a) A que se desenvolve desde os anos 70 e até as primeiras eleccións municipais democráticas, que se caracteriza por un tecido asociativo moi politizado, vinculado aos movementos antifranquistas e, que mantiña unha posición de enfrentamento e reivindicación constante fronte a uns poderes públicos non democráticos.
- b) A que se desenvolve desde as primeiras corporacións democráticas até finais deste século, en que se produce de xeito a certa institucionalización da participación (falacia participativa) e a crise dos modelos tradicionais de asociacionismo.
- c) A que, en teoría, semella estamos a comezar, en que as novas e as vellas asociacións e as propias administracións locais procuran e exploran novas vías de relación, en que as responsabilidades de decisión estratégica e de governo estean de feito más compartidas, sen que isto implique evadir as responsabilidades de cada quen e onde as tensións entre a autonomía das partes e a interdependencia estean constantemente presentes. Que política cultural queremos? Quen a ten que responder? Só un tema do governo local democrático escollido? Fai falta só consultar á xente e ás entidades, ou fai falta un proceso compartido desde a orixe? A participación é só un tema sectorial ou tería que empapar toda a acción de governo?

## PARTICIPACIÓN, SOCIEDADE CIVIL E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: A SITUACIÓN EN FENICIA

Con toda a carga de subxectividade que leva consigo, velaí as miñas percepcións como obxecto de debate:

- Estamos na fase b). Crise dos modelos tradicionais de asociacionismo. Novo asociacionismo de actividades colectivas, parcialmente das que representan grupos de intereses. Xorden asociacións en defensa de causas concretas mais non de problemas e novas causas.
- Representatividade sobredimensionada. Asociacións que responden máis a imaxinarios de quen as apoian e sustentan que á súa imbrincación na sociedade.
- Dificultades para articular procesos participativos cando as organizacións que teoricamente representan á sociedade civil reproducen as mesmas estruturas xerarquizadas e non participativas con que se pretenden modificar.
- Participación na xestión pública local institucionalizada, baseada en planos e regulamentos, pero non efectiva.
- Participación clientelar tanto do goberno como da oposición, como aval ou como foro opositor, non como perfilar programas e obxectivos comúns.
- Participación vinculada ao territorio e tamén aos medios. Non os hai. Non hai correspondencia entre as estruturas municipais e os medios e funcións que se poden poñer para formar-informar na participación.

- Perigo de que formar-informar acabe sendo un mecanismo de tutela da participación.
- A clase política é especialmente reticente a adoptar mecanismos de participación e iso ten que ver co ancestral déficit de cultura democrática no país. Falta unha reflexión sobre as diferentes prácticas consolidadas de participación, non son experiencias socializadas e protocolizadas no interior das organizacións así non forman parte do seu acervo e corpo doutrinal común.
- Técnicos no debate entre a planificación e o ideal co día a día, a presión e a incomprendición.
- Foros cívicos e programacións integrais como novos referentes de participación. Avaliación dos relacionados coa Axenda 21 e non coñecemento de programacións integrais vinculadas ao propio territorio en concellos con núcleos tan perfilados como os que pode haber en determinados concellos con dúas centralidades moi definidas.

## CODA

Enfriando sobre a formulación inicial, hai diferentes ritmos e estados e, como di o retrouso, cada quen fala da feira, neste caso da participación cidadá, en función de como lle vai nela.



## Necesita vd. medicación! Breve reflexión intuitiva extraída da mesa redonda sobre participación e cultura do Interea Foro 2007

ALBERTO GARCÍA  
Técnico de Cultura, Boiro



*"o nivel de ventas de Prozac, Viagra e Tranquimazín  
definen unha sociedade infeliz, impotente  
e extremadamente nerviosa"  
karaoke Capitalism*

Chámome Alberto, teño 33 anos e son... técnico de cultura.

Esta presentación a un grupo de persoas sentadas en círculo que se reúnen cunha frecuencia marcada por institucións formativas, públicas ou privadas, aseméllase en forma e contido a unha TERAPIA DE GRUPO. Eu considérome un técnico enfermo, teño cada vez más dúbidas sobre o valor real e transformador que persoalmente lle atribúo ao noso fermoso traballo. Percibo unha fenda crecente entre a oferta cultural pública e os públicos a que se dirixe, co consecuente estrago de recursos que isto representa. Observo diariamente como os procesos de planificación, de seguimento e de avaliación das políticas públicas son escasos ou inexistentes. Sinto, en definitiva, como coa escusa de que a cultura é un ben común e irrenunciable, o sector público medra e medra sen control de contas, asumindo tamén as penas dun sector privado que non acaba de "marchar da casa". Considero que estas tres carencias fundamentais –a desconexión cos públicos, a falta de planificación e de profesionalización no amplo sentido da palabra, tamén no referido aos profesionais do sector público- definen un escenario precario onde a cultura non poderá acadar o papel de CENTRALIDADE que a min me gustaría que tivese na vida das persoas e, en consecuencia, no goberno da cousa pública. Como profesional en "crise de fe" podería augurar un futuro gris cemento onde a falta de conexión coa sociedade e os argumentos espurios dalgúns políticos interesados, nos leven a consolidarnos como floreiro oficial do reino de Galicia, cuxo himno teremos que tocar en todas as inauguracións de primeiras pedras que se nos instalen nos riles, debido a estancamiento político-técnico a que estamos expostos.

Como da parte que non escoita nin está presente non temos moito que agardar, aludo á "profesión" reunida arredor destes círculos terapéuticos chamados planos formativos. A miña medicación para os cólicos nefríticos, que me nego a seguir sufrindo, está definida no prospecto que sigue e, baséase fundamentalmente en tres componentes, resumidos na fórmula dos "tres pes" (elevados á 5 de sustentabilidade).

## A FÓRMULA DOS TRES PÉS



### PLANIFICACIÓN

Necesitamos unha visión política que facilite a planificación como instrumento imprescindible para a xestión, mais tamén precisamos a visión técnica que impulse esta maneira de traballar. Como noutros casos, necesitamos os políticos mais tamén un certo compromiso persoal con esta metodoloxía-instrumento-ferramenta tan necesaria: "...falamos da dimensión estratégica da acción cultural local, onde a importancia de procesos vinculados á análise da realidade, á toma de decisións desde a cooperación transversal e cos axentes activos da comunidade, á planificación das propostas e á súa avaliación, son fundamentais para unha política cultural eficaz e eficiente. Sen sistemas de información e prospectiva fiables, operativos e convincentes sobre a realidade cultural, a toma de decisión corre o risco de se converter nun exercicio de maxia"<sup>1</sup>.

A planificación é un primeiro ingrediente da medicación que necesitamos os técnicos para mellorar os resultados da xestión de proximidade que practicamos. Mais necesitamos máis compoñentes. Necesitamos entender e que se entenda a necesidade desta forma de traballar, mais unha vez que chegamos a ese punto, son imprescindibles ferramentas especializadas que nos faciliten a xestión. Precisamos máis instrumentos, máis flexibilidade e máis profesionalización.

### PROFESIONALIZACIÓN

A profesionalización pendente do sector cultural galego refírese, por unha banda, á escaseza de iniciativas empresariais que faciliten o crecemento dun sector. Este debe acadar un certo equilibrio público-privado para se poder achegar á centralidade que demandamos. Un sector apoiado mais independente da administración e que crea na cultura como eixo de desenvolvemento e como mercado en expansión. Un sector privado que se amosa fundamental para a articulación cultural do país.

Mais se falamos de articulación cultural en Galicia, temos que falar case prioritariamente da articulación da "profesión" (do sector público). Considerando que non hai unha formación unificadora nin unha legislación que facilite un perfil técnico miníma consensuado, nin sequera outros instrumentos más flexibles, como sería unha asociación profesional, nin existen uns mínimos criterios comúns de funcionamento nin coordinación entre administracións, o panorama é o que é.

Precisamos con urxencia da profesionalización "interna", que marque (e lexise) uns mínimos comúns de funcionamento medible e available, e necesitamos profesionalización "externa" que favoreza e propicie unha iniciativa cultural privada que contribúa a posicionar a cultura nun nivel prioritario dos planos de desenvolvemento.

E, por suposto, necesitamos tamén a parte que completa "o sector" cultural...

### PARTICIPACIÓN

Para a xestión cultural que practicamos, necesitamos más PARTICIPACIÓN e implicación social. Eu diría que por dúas razóns. Entendemos a participación como compromiso e necesitámola tamén como instrumento de xestión. Partía esta reflexión do desencanto que supón, no meu caso, entender a xestión cultural como elemento de transformación social e, que este obxectivo sexa de difícil ou lento cumprimento. Persoalmente, defendo que a nosa profesión ten que ter vontade transformadora canto ao que entronca coa tradición "clásica" da educación social:

"...O modelo socioeconómico neo-liberal imperante (con todas as súas contradicciones e fisuras) é responsable de moitos dos grandes males que sacoden hoxe en día a humanidade: o deterioro do medio ambiente, os fenómenos de exclusión, a homoxeneización cultural e o ocaso das utopías... a educación social non pode ser aldea a esta situación; más alá debe representar e representa unha alternativa a este modelo sociocultural ao pór o énfase no colectivo, no local, no grupo como espazo de diálogo e de cooperación, na capacidade creativa de cada ser humano. Os métodos e as técnicas comúns á educación popular e á animación sociocultural pódennos axudar a achar e a construír colectivamente alternativas coerentes para un desenvolvemento social xusto, solidario, respectuoso co medio ambiente, que asuma a diversidade, que leve á autoestima dos individuos e dos grupos até convertelos nos verdadeiros protagonistas dos seus destinos. A educación social funde as súas raíces na PARTICIPACIÓN CIDADÁ como elemento central da acción social até convertela nun obxectivo en si propia..."<sup>2</sup>

O avance no sistema democrático que supón establecer estratexias de complementación con todos os axentes que inciden nas accións que deseñamos, entendo que debe ser un obxectivo por si propio do noso traballo, etc.

"Os principios dun bo goberno inclúen a transparencia informativa e a participación cidadá na concepción das políticas culturais, nos procesos de toma de decisións e na avaliación de programas e proxectos"<sup>3</sup>.


Mais non só a vocación social nos debe convencer da necesidade da participación. Para os que se sintan xestores asépticos do ben cultural e se manexen exclusivamente

2. Pérez, G. (coord.) (1998): *Contexto cultural e socioeducativo da educación social*. Sevilla: Diputación de Sevilla.  
3. Artigo 5 da Axenda 21 da Cultura

te por criterios técnicos, a participación tamén é unha RESPOSTA.

Paréceme admirable, por exemplo, como a través dos planos estratégicos deseñados nos anos 90, en Cataluña se conseguiu un espazo de centralidade para a cultura no marco das estratexias das cidades. Consegiuse tamén o recoñecemento do vínculo entre a cultura e o desenvolvemento económico e tecnolóxico do que en Galicia ainda carecemos en gran medida. Porén, en novembro do ano pasado, no marco do Interacció 06 presentábase un novo plano estratégico de cultura para a cidade de Barcelona, que ao aceptar a consecución de determinados obxectivos marcados no anterior plano, pretende repensalo e "marcar os acentos" nas novas realidades. Resumindo moito as ideas do plano barcelonés -e por se nos serve de algo- podemos dicir que a tendencia que marcan na actualidade territorios como este (máis avanzados que nós se falamos de xestión cultural) é unir a consolidación do sistema de producción cultural da cidade: equipamentos públicos, axudas e subvencións aos axentes culturais, xeración de plataformas de difusión estables, etc., coa priorización do binomio PROXIMIDADE-EXCELENCIA...

"máis cultura nos barrios ten que facilitar a emerxencia de novos públicos, que alimentarán o sistema de producción e que, ao mesmo tempo, son o viveiro de novos creadores..."<sup>4</sup>.




Proximidade e participación amósanse prioritarias na xestión cultural dos tempos que vivimos

Outra visión da xestión que ten participación, ofrécenola, por exemplo, o punto de vista do márketing relacional: "...o concepto tradicional do produto vese superado polo de creación de valor para a audiencia. Desde a perspectiva relacional, o producto

áchase rodeado de toda unha serie de servizos e de axentes implicados que ofrecen valor e, por tanto, a súa función ten que ser incorporada ao proceso de xestión da organización. A dirección da organización debe entenderse desde a perspectiva da xestión de procesos e non desde a perspectiva funcional. É imprescindible o establecemento de asociacións e de redes cos axentes do mercado cultural. As peculiaridades que presentan os servizos culturais fan que este conxunto de colectivos sexa especialmente relevante e que, consecuentemente, as estratexias de cooperación desenvolvidas con cada un deles deban incorporarse ao proceso de xestión da entidade"<sup>5</sup>.

Sinto que precisamos unha xestión cultural máis viva, máis próxima, con máis implicación, máis útil para a xente e para unha vida mellor como repite constantemente Toni Puig<sup>6</sup>.

Unha boa maneira de conseguir ese achegamento é a creación de procesos compartidos, importantes para todos e todas desde o comezo, procesos que acheguen implicación, compromiso, capacidade de transformación... que acheguen a felicidade, en definitiva, nos permita deixar dunha vez esta medicación.



## A CUARTA PARTE...

Ou –nun breve resumo- como aplicamos a teoría dos tres pés en Boiro.

### PLANIFICACIÓN

O funcionamento do centro social de Boiro comeza a planificarse a través dun traballo de especialización universitaria en Educación Social e Animación Sociocultural. Este estudo, que foi realizado ao mesmo tempo que o centro comezaba a súa andaina, contou coa opinión de diferentes grupos para o deseño do edificio. Técnicos, políticos e usuarios do centro que se puñan en marcha por aquel entón (1999), definiron a través de diferentes técnicas de investigación social o que sería a orientación estratégica deste equipamento municipal. As liñas extraídas do estudo que nos serviron para comezar o traballo foron: cultura, mocidade e participación, e desde punto partiu o Proxecto Leñaverde, iniciativa implicadora de dinamización da mocidade a través da cultura que, actualmente se converteu nun proxecto de creación, difusión e profesionalización de novos creadores na comarca de Barbanza.

A evolución deste proxecto de animación sociocultural aos niveis de profesionalización que traballamos na actualidade, foi marcada paso a paso polas fases estratégicas que formulamos nas continuas revisións avaliativas do plano de actuación. Esta avaliação continua faiuse co colectivo implicado no proxecto, que está formado por persoas dos catro sectores: a iniciativa pública como os impulsores do traballo, a iniciativa privada en que está derivando o proxecto, o sector asociativo que colabora con nós e, sobre todo, ese "cuarto sector" que supoñen grupos non formais e persoas implicadas arredor de leñaverde. Os mecanismos para aglutinar a toda esta xente e facer operativa a revisión da planificación pasan na actualidade pola posta en marcha de organismos como o consello da mocidade, que pretende ser un instrumento de participación e planificación implicadora que nos permita regulamentar en certa medida as achegas dos grupos non formais e colaboradores individuais.

Anualmente, a través do consello e de diversas reunións de traballo, redefinimos a orientación do centro e do proxecto, tentando actualizar constantemente os nosos obxectivos. O resultado é unha xestión implicadora, flexible e que evoluciona para reinventarnos cada certo tempo e fuxir do estancamiento. Isto permite que os resultados do traballo nos últimos anos sexan moi positivos.

### PARTICIPACIÓN

Entendemos fundamentalmente o traballo de proximidade e a participación como eixos metodológicos do noso equipamento e dos seus contidos. Queremos un edificio realmente público, que se sinta como propio por parte de todos os seus "habitantes" e usuarios, un edificio regulado, mais de todos e todas, e onde todos e todas acudamos diariamente a traballar, a estudar, a tocar, a ensaiar, a chatear, a expoñer, a mirar, a coñecer, a ler, a falar, a escutar... a vivir.

Os resultados desta maneira de ser dan como resultado o seguinte perfil:

14.000m<sup>2</sup>/ oficina de recursos para as asociacións/biblioteca universitaria / sala especializada en artenova / aulas multimedia / locais de ensaio / escola de música / salón social / aulas de formación / café concerto / 18 persoas contratadas / tres técnicos municipais / sete asociacións residenciadas / tres empresas de economía social-creativa / 2 grupos de autoxestión de espazos / catro sectores implicados / 100.000 usuarios ao ano.

Un edificio e unha metodoloxía de xestión baseadas na participación, na implicación e no achegamento cidadán. Un "xeito de ser" que nos posiciona en oito anos como un equipamento de referencia, non só no concello de Boiro senón na comarca de Barbanza, e un modelo de xestión que estamos en disposición de poder exportar.

### PROFESIONALIZACIÓN

Precisamente a exportabilidade é un termo que estamos traballando na actualidade cos creadores vinculados ao Proxecto Leñaverde. Dicimos ao principio que Galicia necesita máis profesionalización do sector público e tamén un sector cultural privado máis forte, que favoreza unha maior centralidade da cultura nos planos de desenvolvemento, e precisamente esa é a fase que estamos a formular na actualidade, o traballo cos creadores do noso proxecto. Creadores que están actualmente en fase de integración no mercado laboral-cultural grazas ás medidas de axuda que temos posto en marcha en Boiro. Traballadores da cultura por conta allea ou por conta propia, como é o caso das dúas ILES (iniciativas locais de emprego) postas en funcionamento nos últimos dous anos ao redor da xestión cultural e do audiovisual. Experiencias ambas as dúas nutridas por colaboradores do proxecto leñaverde, que actualmente traballan e definen o funcionamento do noso equipamento base, o centro social.

En definitiva podemos concluír esta breve reflexión con seis termos chave para unha xestión cultural exitosa e comprometida. Eses termos son: a participación, a proximidade, o plan de acción, a creación, o traballo e a cultura.

Cultura para a vida, para o encontro, para a experiencia, para o sustento (mental e físico). Cultura útil, que posibilita que os equipamentos que diriximos e que as programacións que propoñemos nunca más caminen soas.





## Breves apuntamentos sobre o asociacionismo e a participación

LUIS TEIRA

Presidente da A.C. Altofalante, Ribeira

## TEORIZANDO E DEMANDANDO

Ao meu modo de ver, a participación da sociedade civil na toma de decisións que afectan á colectividade é algo fundamental na nosa sociedade. É algo obvio que todos os responsables políticos de calquera cor son capaces de asinar e, mesmo, de chegar a se comprometer. Mais, en ocasións, a realidade pode ser outra.

Moitas veces hai unha sensación de que os poderes públicos queren controlar os colectivos para os axustar ao seus principios, digamos como un pai ou unha nai que non asume que o seu fillo/a medra e que ten que comezar a ter ás. Quizais ese exceso de "paternalismo" pode provocar na cidadanía unha sensación de que isto da vida pública non vai con eles, que total "nos teñen controlados".

Quero poñer exemplos do que digo. Paréceme increíble que, por exemplo, non estean constituídos os consellos escolares municipais en todos os municipios e que, en moitos concellos, non exista ningún tipo de regulamento de participación cidadá etc.

Semella que, na práctica, moitos responsables dos poderes públicos non teñen intención algúnhha de implicar a cidadanía e que se escudan na "democracia do voto cada catro anos". Sen dúbida, é un pobre concepto do que significa a palabra democracia.

Así pois *concibo a participación cidadá* como a implicación das persoas nun sentido amplio, sen que quede no simplemente formalista. Relaciono a participación coa efectividade, tanto na discusión e na toma de decisións como no momento de levar á praxe o que se acordou. Participar é identificarse co colectivo, que é algo más que a simple participación formal e que si ten que ver con valores non facilmente taxables.

A superación desta concepción pobre da participación cidadá vai ser fundamental para ver colmadas as expectativas sociais que se abriron na Galiza nestes últimos tempos. A sociedade civil, agrupada en asociacións ou colectivos, ten que ser un elemento fundamental deste novo tempo.

## UNHA ANÁLISE DO CONTORNO

No tocante á comarca de onde son, o Barbanza, vexo un panorama emerxente (a aparición de numerosas entidades con abondosa e variada programación de actividades). Son moitos os exemplos de que se pode falar mais, dun tempo a aquí, a cidadanía toma a palabra para organizar demandas veciñas, festas, actividades culturais, pedir melloras nas escolas etc. Un movemento de xente que se une para facer algo colectivamente e, en moitos casos, para tomar a iniciativa antes que a propia administración.

Mais, aínda así, creo que o movemento asociativo debe expandirse e consolidarse e isto é algo que deben propiciar os poderes públicos. Así o demandamos.

En base a todo o que se dixo, creo que a sociedade civil debe camiñar cara a **tres grandes liñas de actuación:**

- Fortalecer o tecido asociativo.
- Darlle protagonismo e responsabilidades ás asociacións.
- Facernos corresponsables e implicarnos na toma de decisións.

## FORTECEMENTO DO TECIDO ASOCIATIVO

Existe un problema habitual dentro do asociacionismo que é aquel que se presenta cando *non se está constituído formalmente*. Onde non hai uns estatutos, unha xunta directiva, un ou unha presidente/a etc., mais si teñen consciencia de existiren como un grupo e organizan tal ou cal actividade.

Este tipo de asociacionismo vén funcionando desde hai moito tempo na Galiza e, en moitos lugares, dá óptimos resultados. Un exemplo pódese visualizar nas comisións de festas das parroquias que se organizan para desenvolver esa actividade puntual unha vez ao ano. Non obstante, pódese dar o caso en que este non formalismo asociativo non permita realizar certos trámites, por exemplo, se esa comisión de festas non ten estatutos, nin CIF, non poderá obter, entre outras cousas, ningunha subvención das administracións para poder sufragar parte dessa acción.

Habitualmente, os colectivos e/ou as asociacións teñen *dificultades organizativas* para desenvolver as súas actividades: a ausencia de locais equipados, a pouca formación nos trámites e na administración da asociación etc.

A nivel interno, nas asociacións pode haber unha certa tendencia a ter unha "*participación delegada*", pola cal a masa social deposita a confianza nos líderes e, moitas veces, se desentenden da vida asociativa. Este feito implica numerosas eivas: a sobrecarga de trabalho, o afastamento da colectividade etc.

Tamén percibo unha certa "fragmentación dos colectivos", hai *poucas federacións e coordinadoras* que posibiliten facer actividades e proxectos en conxunto. No caso do Barbanza é algo que se pode facer perfectamente a nivel comarcal.

As administracións públicas deberían, pois, asesorar e informar sobre como constituir formalmente as asociacións e como as dotar de recursos e locais. En definitiva, facilitar a súa actividade.

## DARLE PROTAGONISMO E RESPONSABILIDADE ÁS ASOCIACIÓNES

Os logros que se consideran como "sociais" son sempre considerados así porque a cidadanía lles dá sentido. Son, pois, logros dos que debe ser partície a xente.

Para isto é preciso que os poderes políticos contribúan a tecer esa rede crítica que *facilite os cambios sociais*. Entendo como "cambio social" aquel que posibilita que a xente viva mellor: sexa máis culta, teña mellores servizos, se divirta mellor etc.

Así pois, é importante que o poder deixe de concibir as asociacións como *simples cadeas de transmisión*. Rachar con isto é unha responsabilidade das administracións públicas. A sociedade civil debe ser protagonista e responsabilizarse das decisións.

Para isto son precisos *regulamentos de participación cidadá* en todos os concellos, como unha ferramenta eficaz de implicación. Isto é algo a que semella que, en moitos sitios, se lle ten medo.

## FACER CORRESPONSABLES E IMPLICAR NA TOMA DE DECISIÓN

As asociacións deben ser *copartícipes das políticas públicas*, máxime cando estamos a falar a nivel local. Así pois, oír, discutir, acordar e obrar en consecuencia, deberían ser elementos habituais entre a sociedade civil e os gobiernos locais. A constitución de consellos escolares locais, consellos culturais, consellos territoriais, regulamentos de participación cidadá etc. son cuestións que, a estas alturas da democracia, aínda se están discutiendo... increíble!

Se queremos ter unha sociedade *implicada no seu propio desenvolvimento*, debemos poñer as vías para que esta participe, a obra ten que ser de todos. Así, é urgente dotarse de organismos estables onde conflúan as asociacións e as institucións públicas. Por supuesto estes órganos deben ter *capacidade executiva e non simplemente consultora*, senón a participación e a implicación non serían más que un verniz.



## *Participación da Asociación de Vecinos "Cruceiro do Monxo"*

RAMÓN PUENTE VEALO

Presidente da A.VV. "Cruceiro do Monxo", Bealo-Boiro

## DATOS DE PRESENTACIÓN

Esta asociación ten os seus inicios a finais dos anos oitenta, pero a escasa actividade e participación dos veciños, atribuíble tanto á pouca información achegada a eles como ao mínimo apoio amosado desde o concello, provocaron a falta de motivación da directiva e a súa desintegración posterior.

Foi reactivada hai uns cinco anos grazas ao compromiso de membros do novo equipo de governo municipal de Boiro, que lle amosaron á actual xunta directiva da asociación o seu apoio para a implantación axeitada na nosa parroquia.

Na actualidade, algo máis da metade das unidades familiares da parroquia forman parte desta asociación.

## EXPERIENCIA DA NOSA ASOCIACIÓN CO PROGRAMA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE BOIRO

Hai dúas áreas en que queremos facer alguma indicación da nosa experiencia até o presente: na aplicación dos orzamentos parroquiais e na comunicación co concello e con outras asociacións de Boiro.

### ORZAMENTO PARROQUIAL

O establecemento deste orzamento supuxo un grande impulso de motivación para a nosa asociación, xa que permitía que as entidades asociativas da parroquia decidisen e realizasen os investimentos. Pero, como de algúñ xeito podíamos sospeitar, a súa aplicación nas obras e nas melloras propostas pola nosa asociación até agora, veu sendo condicionada polo equipo de governo municipal.

Na nosa directiva sabemos que se tivésemos mellor comunicación, non tanto en cantidade como en calidade, seguro que teríamos aforrado desencontros, algunha que outra protesta pública, e tamén maior diminución da confianza nos compromisos adquiridos polos políticos.

De todos modos, é evidente que seguiremos animando ao equipo de governo municipal, calquera que este sexa, para que este orzamento parroquial cumpla a función para o que foi creado.

### COMUNICACIÓN CONOUTRAS ASOCIACIÓNS

Cada vez que se tivo ocasión de contactar con representantes doutras asociacións boirenses, como sucedeu na sesión de traballo organizada no marco do programa

"Axenda 21" no noso concello, xurdiu a demanda de establecer unha vía de comunicación entre todas, co obxectivo básico de coñecer as actividades das outras entidades e, sobre todo, poder ter referencias válidas para proxectar a nosa propia actividade.

Temos moita confianza nas posibilidades da proposta de creación do portal cidadá de Boiro, xa que sería unha ferramenta moi axeitada para este cometido. Desde a nosa asociación esperamos que este proxecto poida realizarse o máis axiña posible, posto que estamos seguros de que potenciará o desenvolvemento de todas as posibilidades establecidas no Regulamento de participación cidadá do concello de Boiro.

## OUTRAS POSIBILIDADES ESTABLECIDAS NO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE BOIRO


Existen outros recursos dispoñibles no regulamento que áinda non son empregados pola nosa asociación, como podería ser, por exemplo, a intervención nos plenos municipais. Seguramente, a carencia da suficiente dispoñibilidade pola nosa parte, sexa o principal motivo da non utilización destes recursos, pero sabemos que outras asociacións xa os están empregando con certa asiduidade e esperamos poder face-lo nós tamén para comunicar con maior vehemencia as cuestións que incumben á nosa parroquia.

## CONCLUSIÓN

Só estamos utilizando unha pequena parte das posibilidades, desde hai tres anos aproximadamente e, segundo a nosa experiencia, a valoración global é positiva. Puidemos comprobar que, conforme as propostas desta asociación se tiñan en conta no noso Concello, a resposta en forma de incremento do número de asociados foi rápida. E este aumento da representatividade da poboación redonda en beneficio de todos.

Somos conscientes da dificultade que supón a posta en funcionamento do Regulamento de participación cidadá en Boiro, pero tamén sabemos que o tecido asociativo é notable no noso concello e que, se o goberno local dá os pasos axeitados, os beneficios que pode proporcionar serán tan proveitosos para este como para as asociacións integradas nos seus consellos sectoriais respectivos.

**ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "CRUCEIRO DO MONXO"**  
**LG ESCOLA PÚBLICA DE SAN RAMÓN**  
**15990 BEALO. BOIRO**  
**A CORUÑA**  
**Rexistro Provincial de Asociacións. N° 1980/000839/1**





## ***Unha experiencia de cooperación cultural e asociativa no Concello de Ponteceso<sup>1</sup>***

JAVIER COUTO

Animador Sociocultural, Ponteceso

*A cultura pasa necesariamente pola participación cidadá e pola cooperación entre as entidades para mellorar e fortalecer o tecido asociativo, a calidade das actividades e incidir na política cultural municipal.*

## **CONTEXTUALIZACIÓN**

O concello de Ponteceso pertence á comarca de Bergantiños (A Coruña). Está situado no extremo máis oriental da Costa da Morte e está bañado pola ría de Corme e Laxe, na desembocadura do río Anllóns. A súa extensión é de 87,7 km<sup>2</sup> e a súa poboación é de 6.597 habitantes, repartidos en 76 núcleos e 14 parroquias.

Polo que respecta ao tecido asociativo, figuran 52 entidades inscritas no Rrexistro Municipal de Asociacións, de moi diversa tipoloxía: culturais, veciñais, deportivas, de amas de casa, ANPAs, para a diversidade funcional, musicais, de pensionistas, relixiosas, filatélicas, hostaleiras e empresariais.

## **O PUNTO DE PARTIDA: DIAGNOSE DA REALIDADE**

No ano 2005, a través dunha iniciativa comunitaria denominada "Proxecto INTERREG AGATE" e mediante ADTERRA (Asociación para o Desenvolvemento dos Territorios polos Actores Locais), levouse a cabo entre as asociacións do concello de Ponteceso unha intervención destinada a traballar cos actores locais para facer unha diagnose e para potenciar os recursos locais e proxectar expectativas de futuro.

Con este fin, creouse un foro de debate asociativo, en que se convidou a participar a todas as asociacións rexistradas no concello e a que asistiron, finalmente, 2 técnicos de ADTERRA, 18 representantes de asociacións de diferentes tipoloxías e 1 animador sociocultural do concello, contando sempre coa colaboración do ente municipal.

Concibimos o Foro de debate asociativo como un encontro para:

- Fomentar as relacóns e a cooperación asociativa.
- Potenciar un tecido cultural e asociativo unido, forte e coordinado.
- Intercambiar experiencias entre as directivas das asociacións.
- Mellorar a calidade de vida das persoas coas que traballamos.

O encontro iniciouse co intercambio de posturas sobre as potencialidades e as limitacóns do concello no seu conxunto, principalmente en relación cos ámbitos demo-

<sup>1</sup> Este texto é o froito do traballo dun grupo de asociacións que acordaron facer unha federación para dinamizar más o tecido asociativo e o conxunto da poboación do concello de Ponteceso, o meu recoñecemento ao seu traballo e á dedicación altruista, que xa dou e que, de seguro, dará grandes froitos nun futuro próximo.

gráfico, económico, de emprego e sociocultural. A modo de *matriz DAFO* (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), foise perfilando unha imaxe compartida sobre como e onde estamos, a onde imos e a onde queremos ir. Entre outras cuestións rescatadas da preocupación colectiva, destacamos as seguintes:

- O avellentamento da poboación.
- O abandono progresivo das zonas rurais e a emigración aos núcleos urbanos.
- A emigración da xuventude.
- A evolución do sector servizos en detrimento do sector primario, en progresivo declive.
- O deficiente tecido empresarial.
- O escaso aproveitamento dos recursos turísticos locais: naturais, patrimonio...
- O débil peso do tecido asociativo na xestión cultural local.
- A necesidade dunha comunicación máis fluída entre o tecido asociativo e o concello.

Ademais das problemáticas e das necesidades, no encontro entre as asociacións tamén se foron ideando posibles accións para a mellora da situación. Entre elas destacamos as seguintes propostas:

- Crear servizos públicos que atendan as necesidades e as demandas dos nosos maiores.
- Adaptar a formación da mocidade ás necesidades empresariais e comerciais da zona, para favorecer a súa inserción laboral.
- Dinamizar o polígono empresarial orientado á creación de novas empresas.
- Diversificar os produtos agrarios locais e as actividades de transformación.
- Aproveitar os recursos naturais e crear empresas do sector.
- Implicar as administracións para favorecer o desenvolvemento empresarial.
- Potenciar o medio rural en que vivimos e o respecto polo medio ambiente.
- Poñer en valor o importante traballo altruista das asociacións do concello.
- Fomentar a comunicación e a colaboración entre o concello e o tecido asociativo.

## METODOLOXÍA

A metodoxía de traballo foi eminentemente participativa e activa, para promover que as asociacións e as persoas implicadas ofrecesen as súas achegas, opinións e experiencias como puntos de partida para o debate e para a reflexión. A finalidade era analizar, afrontar e resolver desde a propia poboación, para mobilizar a acción e a toma de decisións conxunta. Para isto, creáronse diferentes grupos de debate, que se reuniron mensualmente desde febreiro de 2005 ata xuño de 2006. Durante este proceso, os encontros tiveron lugar no salón de actos do concello.

Estes grupos de debate tiñan un duplo cometido. Por un lado, pretendían analizar a situación actual do concello, área por área, destinando monograficamente as sesións de traballo ao afondamento nas problemáticas de cada sector: cultural, xuvenil, social e de participación cidadá, entre outros. E por outro, desde unha perspectiva más prospectiva, pretendían definir a visión de futuro (hipóteses e posibles tendencias) e

establecer un plano de traballo para acadar ese futuro desexado, sobre todo desde a perspectiva asociativa. O futuro asociativo vese como un conxunto de entidades que se agrupan segundo a actividade, pero con capacidade para compartir proxectos e defender intereses en común sen perder a identidade de cada asociación.

## PLANO DE TRABALLO

Durante a posta en común dos grupos, fóreronse salientando as tendencias grupais, os aspectos que acadaban máis consenso entre as asociacións participantes. Expoñemos a continuación o plano de traballo que resultou destes encontros e que concibimos como unha reflexión e unha actualización transversal, compartida e global que implica os distintos actores municipais e que se anticipa ás mudanzas.

Defínense como **obxectivos xerais** os que se recollen a seguir:

- a) Crear un tecido asociativo forte e coordinado, potenciar a participación social e a dinamización asociativa.
- b) Fomentar a colaboración entre a Administración local e as asociacións.
- c) Incrementar o peso das asociacións na xestión cultural municipal.
- d) Promover o concello de Ponteceso cara ao exterior.
- e) Favorecer a integración cultural, social e laboral dos colectivos desfavorecidos.

Concretáronse como **obxectivos específicos**:

- a) Poñer en valor o importante labor asociativo.
- b) Fortalecer a imaxe e a representación das entidades asociativas.
- c) Adaptar as asociacións ás necesidades dos socios.
- d) Incrementar a cooperación e a coordinación.
- e) Unificar esforzos para reducir o traballo e para incrementar o peso no concello (sistema de convenios colectivos, propostas ao concello, solicitudes de formación, subvencións, centros culturais etc.).
- f) Incrementar as actividades de cooperación cos mozos e coas mozas.
- g) Mellorar a formación e o acceso á información das entidades asociativas.
- h) Promover a cultura e o turismo do concello.

Para a consecución destes obxectivos desenvolveranse as **accións** e as **actividades** que se recollen a continuación:

- a) Intercambio de información, de iniciativas culturais e de recursos humanos e materiais (infraestruturas e equipamentos) entre as entidades asociativas. Para isto é necesario:
  - Facer un censo de recursos materiais (equipos de son, locais...).

- Facer un censo de recursos humanos (profesorado, cantareiras, grupos de baile, monitores de tempo libre etc.).
- Facer un censo das actividades e dos horarios de cada asociación (música e danza tradicional, teatro infantil e xuvenil, corais...) para as dar a coñecer entre os socios e as persoas que participan das distintas entidades.
- b) Formación convxunta para os membros das xuntas directivas das asociacións.
- c) Cooperación e realización de proxectos inter-asociativos.
- d) Solicitude e tramitación convxunta de subvencións de proxectos comúns que impliquen a participación e o beneficio das entidades asociadas; instalacións xuvenís, campamentos, albergues e aulas de natureza; que os mozos e as mozas, a través do Programa de Voluntariado Europeo, se involucren nas distintas asociacións, dedicando o seu tempo entre estas e promovendo, así mesmo, a multiculturalidade.
- e) Creación unha rede e/ou federación de asociacións.
- f) Concreción dunha asesoría xurídica e contable para a federación.
- g) Solicitude dunha subvención para a contratación dunha persoa que dinamice, coordeñe e tramite axudas e para que leve o traballo administrativo da federación.
- h) Formación de diversos colectivos, principalmente, as persoas maiores, a mocidade e as mulleres.
- i) Cooperación coa e entre a mocidade.
- j) Desenvolvemento dun campamento medioambiental entre as asociacións destinado aos nenos e ás nenas co obxectivo de fomentar a interacción entre a xuventude do concello.

A planificación e o desenvolvemento das accións concretas realizarase a partir de **comisións**, compostas por entidades con actividades específicas en cada área, se ben poderá participar calquera outra entidade interesada en proxectos concretos. Inicialmente crearanse as seguintes comisións:

- Comisión de cultura e deportes
- Comisión de xuventude
- Comisión da muller
- Comisión do maior e servizos sociais.

## VALORACIÓN

108

De facermos unha valoración do feito ata o momento, consideramos moi positiva a participación, no Foro de debate asociativo, tanto no número e na diversidade como na calidade das asociacións do concello de Ponteceso. Cómpre destacar, tamén,

como característica desta participación, a relación interxeracional xerada entre os/as mozos/as, adultos e maiores.

A pesar do diferente grao de desenvolvemento de cada asociación que se constatou –no que respecta á súa traxectoria, á formación dos cadros directivos, á experiencia de participación en reunións e actos convxuntos...– e da diversidade de criterios e de puntos de vista, cada entidade achegou a súa experiencia en proxectos e en actividades ben distintas, compartindo o seu esforzo para definir un proxecto convxunto e para acadar a ilusión común de o levar a bo termo. As diferenzas tamén son construtivas.

Hoxe en día temos un grupo de traballo consolidado que se reúne semanalmente e no que cada asociación mantén a súa autonomía e independencia, ao mesmo tempo que comparte os intereses comúns con outras entidades.

Canto ás actividades desenvolvidas, ata o momento leváronse a cabo as seguintes:

- XOGAMOS TODAS. Actividade lúdico-cultural organizada entre diferentes asociacións a través das que se desenvolven obradoiros interxeracionais “para poñer en práctica a cooperación”. Tivo lugar en decembro de 2005, no polideportivo municipal do concello.
- Constitución de FASPONTE, Federación de Asociacións de Ponteceso.
- Organización e celebración convxunta da chegada do aninovo, cun baile de fin de ano 2005 no local da A.C. Monte Branco.
- XUVENTUDE E MEDIO AMBIENTE, un proxecto convxunto financiado pola Consellería de Medio Ambiente, en que participaron 50 nenas e nenos de distintas asociacións culturais, de veciños e de diversidade funcional, no albergue de Alvarella (Vilarmaior).

Camiñando xuntos podemos lograr obxectivos comúns e chegar máis lonxe... un traballo con futuro.

## FASPONTE

Non quisera rematar sen facer unha breve alusión á Rede Local de Asociacións e FASPONTE (Federación de Asociacións de Ponteceso)<sup>2</sup>. Ambas as dúas son a materialización das ilusións xurdidas no Foro, o resultado da inversión altruista de tempo e de esforzos por parte das asociacións e das persoas que están implicadas, nun

<sup>2</sup> Este texto foi froito do traballo dun grupo de asociacións que acordaron facer unha Federación para dinamizar o tecido asociativo e o convxunto de poboación do Concello de Ponteceso. O meu recoñecemento ao seu traballo e a adicación altruista que seguro dará grandes froitos nun futuro próximo

109

proxecto de futuro que ten como finalidade a mellora da calidade de vida da cidadanía no seu conxunto, considerando o aproveitamento dos recursos baixo unha perspectiva de eficacia e eficiencia.

As redes deben entenderse como un proceso de transformación nas normas de relación xa que:

- salvan as distancias físicas,
- modifigan a concepción do tempo,
- maximizan os recursos,
- posibilitan unha participación horizontal, e
- permiten agrupar os tamaños das unidades da rede.

Por todo isto, consideramos que as redes son un dos instrumentos relacionais más interesantes actualmente. Procuran sinerxías e establecen a cooperación como unha metodoloxía da transversalidade, para conseguir obxectivos de calidade. As sinerxías e a cooperación con outras entidades constitúen unha forma de traballar posible para afrontar estes retos tan ambiciosos.

Cooperar significa tomar parte con outros nunha actividade ou nunha obra colectiva que persegue un beneficio común. Cooperar é unha estratexia, unha ferramenta, unha metodoloxía para o traballo en rede. É a maneira de conseguir transversalidade. Un proceso dinámico que debe construírse e valorarse conxuntamente. Implica unirse a outros co fin de se complementar e de se estimular mediante unha adhesión solidaria –persegue un beneficio común, arredor do cal se constrúe a cooperación–. Implica perseguir a coherencia entre as políticas, os obxectivos e os instrumentos.

A cooperación esixe diálogo, paciencia, traballo minucioso, respecto, humildade, disposición para a continua aprendizaxe e, sobre todo, un gran sentido do humor para relaxar situacións tensas, para salvar certas distancias ou situacións delicadas. A principal ferramenta da cooperación é a comunicación.

Como resultados do traballo en grupo, podemos resaltar:

- Cooperación: constitución dun grupo de traballo de 18 entidades asociativas.
- Programación de liñas de actuación conxuntas: funcionamento e organización administrativa, organización de eventos e participación en accións formativas.
- Elaboración dun programa de actividades en conxunto.
- Formación para a xestión e para a organización interna.

Algunhas perspectivas de evolución son:

- Constituir unha federación de asociacións.

- Consolidar e afianzar liñas de actuación entre as diferentes entidades asociativas.
- Converter as asociacións en actores de desenvolvemento do territorio.

Para rematar, cómpre dicir que unha federación de asociacións é máis que a suma de cada unha delas:

- É o resultado de multiplicar por cada unha os esforzos, os recursos e as ideas.
- É dividir entre todas o traballo, o esforzo e a dedicación.
- É distribuír entre todas os logros, a satisfacción, as alegrías e a consecución dos fins.
- É unha unión para lograr un fin común.
- É un proceso dinámico, en continuo crecemento, aberto a futuras incorporacións de novas asociacións.

Actualmente, a sede da federación FASPONTE é o concello de Ponteceso. Está formada pola relación de asociacións que se recolle a seguir: Asoc. Cultural Monte Branco, Asoc. Cultural S. Xoán de Xornes, Asoc. Cultural As Torres de Tallo, Asoc. Cultural Nosa Señora do Faro, Asoc. Cultural A Coteleira, Asoc. de Veciños Os Bugallos e Integro (asociación para a diversidade funcional). Representa a mil persoas asociadas/beneficiarias das actividades que organiza. Nestes momentos, ten en marcha varios proxectos relacionados co medio ambiente e co medio rural. As reunións teñen lugar de forma rotativa nas sedes das entidades que disponen de local social, un feito que permite afondar no coñecemento das diferentes realidades e difundir o proxecto de FASPONTE entre os socios de cada entidade, tendo, en xeral, unha boa acollida.

## BIBLIOGRAFÍA

Monzó, M.ª J.: *Las sinergias de cooperación para una información juvenil de calidad*. [<http://www.injuve.mtas.es/injuve/contenidos.downloadatt.action?id=1061383798>].



## ACCEDE Plano estratéxico cultural da acción local dos concellos de Rois e Lousame

M<sup>a</sup> TERESA SOBRADELO, M<sup>a</sup> DOLORES SUÁREZ,  
ANAYANSI EXPÓSITO, SONIA MOURE  
Técnicas Municipais e Animadores Socioculturais

## INTRODUCIÓN

*"Planificación non significa saber que decisión vou tomar mañá, senón que decisión debo tomar hoxe para conseguir o futuro que quero mañá"*

A planificación estratégica debe ser un proceso de reflexión e debate cidadán sobre o presente e o futuro dos concellos. Ten que xurdir da decisión política a diferentes niveis (concellos, Deputación, Xunta de Galicia...) de liderar iniciativas e actuacións orientadas ao desenvolvemento endóxeno. Debe significar unha posta en valor da cultura e da acción cultural.

O proxecto ACCEDE que aquí presentamos, pretende ser un conxunto de medidas e propostas para o desenvolvemento cultural dun territorio (concellos de Rois e Lousame) elaborado a partir da análise da súa situación actual. Deseñamos unha serie de liñas de actuación como exemplos para a consecución duns obxectivos mediante a acción conjunta e coordinada de todos os axentes implicados (institucionais, culturais, económicos, sociais etc.) que deben contar coa adhesión colectiva da poboación a un proxecto de futuro sentido como seu. Ao mesmo tempo, pretende ser un referente innovador nas accións culturais locais en chave de ACCESIBILIDADE.

## CONTEXTUALIZACIÓN SOCIOCULTURAL DE ROIS E LOUSAME

A elección dos territorios de Lousame e Rois para a realización do Plano ACCEDE, débese ás grandes similitudes que existen entre os dous concellos:

- En primeiro lugar son limítrofes nunha franxa importante do seu territorio.
- Localízanse ao suroeste da provincia da Coruña.
- Pertencen á franxa atlántica galega, aínda que ningún conta con litoral marítimo.
- As súas poboacións teñen un marcado carácter rural e sofren unha grande dispersión demográfica.

Recollemos a continuación aqueles aspectos descriptivos da realidade en que se deseña o plano estratéxico aquí exposto. Para isto detallamos a situación xeográfica, os equipamentos, a organización municipal e o patrimonio existente nos dous concellos en cuestión. Cremos que estas variables xustifican tanto o deseño como a posta en marcha do Plano ACCEDE, porque reflecten a realidade coa que traballamos e na que se desenvolverá este trabalho.

Son numerosas as similitudes entre ambos os dous concellos, tanto no referente aos datos demográficos como na extensión do territorio. Un factor importante é que son limítrofes, o que facilita a posta en marcha do noso proxecto e a participación intermunicipal en diferentes actividades culturais.

O Concello de Rois conta cunha extensión de 92,8 km<sup>2</sup>, 1573 vivendas, 110 núcleos de poboación, 12 parroquias e, con todo isto, un índice de dispersión bastante alto, que fai que a poboación estea moi diseminada.

O Concello de Lousame ten un territorio 93 km<sup>2</sup>, en que se distribúen os 3865 habitantes en 83 núcleos de poboación, 7 parroquias e un índice de dispersión superior ao do veciño concello de Rois.

Respecto a outros datos demográficos de interese, en primeiro lugar sinalamos o case exacto reparto da poboación por sexos, sendo arredor do 48% (47,5% en Rois e 47,7% en Lousame) para os homes, e algo por riba do 52% (52,5% en Rois e 52,3% en Lousame) para as mulleres. Non é sorprendente que en ambos os casos a porcentaxe maior pertenza ao sexo feminino, xa que esta é a realidade na práctica totalidade do país.

Outra característica común é que a idade media total sobrepasa nos dous casos os 45 anos, se ben cando analizamos os datos por separado comprobamos que no caso dos homes, queda un pouco por debaixo e nas mulleres aproximase xa aos 50 anos. Isto reflicte que son elas as que gozan de maior esperanza de vida pero, tamén, un maior avellentamento.

A menor porcentaxe pertence á poboación infantil, que ronda o 11% (10,9% en Lousame e 11,2% en Rois), o que demostra que, por desgraza, ningún dos dous concellos consigue fuxir do grave problema da baixa natalidade.

Cabe destacar tamén que a densidade de poboación é inferior á media galega (93 hab./km<sup>2</sup>) e áinda máis se a comparamos coa media provincial (141 hab./km<sup>2</sup>)

No que respecta ás persoas de nacionalidade non española o seu número non é significativo en ningún dos dous concellos, xa que apenas representa o 0,3% da poboación total en Lousame e o 0,4% en Rois. Dito isto consideramos que, se ben non é un grupo numeroso, débese ter moi en conta á hora de pór en marcha liñas de actuación e desenvolver iniciativas, pois falamos dun colectivo con problemáticas específicas e importantes (desarraigo social, económico, cultural, familiar...) que debemos de axudar a solventar. Por outra banda, cómpre salientar que tamén deberíamos ter engadido ao colectivo de inmigrantes as persoas procedentes doutras localidades do territorio español, que poden ser doutra comunidade, doutra provincia galega ou da mesma provincia da Coruña, no entanto isto non foi posible debido á falta de datos ao respecto. Xa por último, engadir que estas persoas si representan unha porcentaxe moito más elevada noutros concellos próximos, como por exemplo e o caso de Ames, que conta cunha porcentaxe próxima ao 9% da súa poboación, moi por riba do 3,8% da media provincial e o 3,5% da media galega, e que no inicio formaba parte dos territorios seleccionados para o desenvolvemento deste Plano pero que, debido a unha serie de elementos diferenciadores con respecto aos outros dous concellos, complicaba e adiaba o seu desenvolvemento. Isto non significa que renunciemos á súa incorporación ou á de outros no futuro, sempre e cando se conte con máis tempo e máis medios.

No que se refire ao colectivo de persoas con algún tipo de discapacidade, non podemos facer ningún apuntamento, xa que non dispoñemos dos datos necesarios, áinda que si se pode corroborar a existencia en Rois dun colectivo que pertence á asociación AMIPA.

A continuación sintetízanse aqueles equipamentos con que están dotados os municipios en cuestión, xunto coa súa accesibilidade, valorada esta en canto á funcionalidade e ao uso existente destes equipamentos.

En ambos os dous concellos a carencia dunha entidade de poboación que lidere claramente unha centralidade urbana, fai que exista unha deslocalización de equipamentos, un encarecimiento da cobertura de infraestruturas e, por tanto, unha moi difícil intervención sociocultural. Por outra banda, a súa relativa proximidade a unha área metropolitana importante como é Santiago de Compostela, que en consecuencia ten como característica principal a súa programación cultural, provoca que moitos ciudadáns dos nosos territorios acuden a ela non só para realizar compras, acudir aos médicos especialistas... senón tamén para consumir produtos culturais.

Isto, unido a que a rede viaria deixa moito que desexar, supón unha gran dificultade para a mobilización da poboación e, sobre todo, para a permanente necesidade de acudir aos servizos e equipamentos públicos.

Hai que engadir a escaseza da rede de transporte público nos dous concellos, limitando ánda máis a mobilidade e, por tanto, o acceso ás actividades culturais.

No Concello de Rois aparecen dúas zonas claramente diferenciadas de ocupación do territorio: a zona norte, onde os asentamentos están moi dispersos, polo que o índice de dispersión é maior; e a zona sur, en que hai maior número de asentamentos e núcleos moito más concentrados. Deste modo, a zona sur liderada pola parroquia de Rois, ten como auténtico centro referencial socioeconómico o concello do lado, Padrón, mentres que a zona norte, encabezada pola parroquia de Urdilde, ten unha proximidade neste sentido con Bertamiráns (Concello de Ames).

En Lousame, a maior densidade de núcleos de poboación corresponde coa zona dos vales que se localiza no centro-occidente do territorio, a maior dispersión da poboación está nas partes altas do norte (San Xusto) e do sur (Fruíme). Son as parroquias más grandes, Lousame e Tállara, as que se sitúan máis preto de Noia, que actúa de referencia socioeconómica. Na parroquia de Fruíme ocorre isto mesmo, pero de maneira menos notoria cos veciños concellos de Boiro e Rianxo.

No que se refire á organización municipal, caben destacar os cambios na política cultural, que foron notorios nos dous casos.

En xeral, os servizos prestados son praticamente os mesmos nos dous concellos, sendo na dotación de persoal para a súa prestación onde se aprecian algunas diferenzas. En calquera caso, esta similitude na organización dos servizos vér a corroborar as características comúns dos dous territorios.

O tecido asociativo é outra variable que hai que recoller no noso traballo. Xa que estamos a falar de participación vecinal, o mellor instrumento para acadar a implicación activa das persoas, é o asociacionismo, que entendemos como unha canle de acción consolidada para o acceso á cultura.

O Concello de Rois e o Concello de Lousame caracterízanse por ter unha grande riqueza patrimonial, entendida esta no sentido máis amplo da palabra. Son moitos os elementos que configuran o patrimonio dos nosos concellos.

Temos que entender o patrimonio en toda a súa extensión e que este conforma a estrutura dun pobo. Entendemos que o coidado e o desenvolvemento deste é un dos puntos estratégicos para manter a cultura viva do noso pobo e que esta permaneza ao longo dos anos.

A revalorización do noso patrimonio, xa sexa etnográfico, histórico-artístico, oral, entre outros, supón fomentar a conciencia social para potenciar a defensa dos bens patrimoniais.

O patrimonio cultural debe ser catalogado para protexelo, divulgalo e gozalo e que todas as persoas poidan acceder a el. Temo que facer un esforzo real para a súa conservación porque corremos o risco de que se poida perder.

Destacar a transcendencia que o patrimonio ten como factor de identidade dun pobo e este ten que servir como instrumento de apoio a institucións e administracións. Este factor de identidade pódese comprobar dunha maneira moi intensa nos concellos de Lousame e Rois. Así, xunto coa riqueza a nivel de xacementos arqueolóxicos, arquitectura relixiosa ou outras manifestacións, hai un factor que distingue a ambos os dous concellos a nivel cultural e son os elementos que configuran o patrimonio etnográfico, enraizado directamente coas crenzas e costumes da poboación. Temo que pensar que tanto Rois como Lousame son concellos totalmente rurais, co cal este elemento adquire un carácter más marcado.

## ACCEDE: FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA

A accesibilidade indica a facilidade coa que algo pode ser usado, visitado ou "accedido" en xeral por todas as persoas, especialmente por aquelas que teñan maior dificultade. Deste modo, a accesibilidade á cultura dos colectivos que a continuación detallaremos, supón que estes poidan utilizar, visitar e involucrarse na realidade propia do seu contorno. Pero o plano ACCEDE dá un paso máis, xa que parte da premisa de que estes colectivos son realmente os que proporcionan a cultura, a substancia que desexamos promover.

Coñecido o perfil poboacional dos concellos que forman parte do Plano, o noso traballo vaise centrar naqueles colectivos que entendemos, que precisan dunha atención particular por tratarse de persoas que poidan atoparse en situación de marxi-

nación ou de exclusión social, mais non no que se refire a unha cuestión de renda, aínda que sexa un elemento crucial.

De certa forma, pretendemos realizar un plano estratéxico de acción cultural, concebido como o conxunto integrado de accións e medidas dirixidas á inserción na vida cultural, e por ende tamén social que, partindo do carácter multidimensional do fenómeno da exclusión social, veñan a potenciar as políticas activas existentes.

Os grupos humanos para os que deseñamos as liñas de actuación son os seguintes:

- **Maiores:** o colectivo da terceira idade é un dos más directamente afectados polas condicións de vida existentes no territorio. Un considerable número presenta un risco crecente de illamento físico, persoal, económico etc., obviamente non queremos dicir que na súa totalidade carezan de vínculos sociais e/ou afectivos, senón que están en risco de padecelo nalgún momento. Por tanto, un dos nosos obxectivos deberá ser levar a cabo actuacións que contrarresten este perigo, así como posibilitar e facilitar espazos de encontro e interacción. Por outra banda, conforman un amplio grupo social cunha dupla importancia: por un lado ser portadores, conservadores e, tamén, transmisores de valores culturais que debemos aproveitar; pola outra banda, tamén teñen un grande desexo por acceder a novas formas culturais, que na súa mocidade non existían ou non tiveron medios nin oportunidades para o facer. Este novo elemento fai que se postulen como un dos "principais clientes" para o uso e consumo dos produtos culturais.

- **Mulleres:** a situación xeral da muller ten mudado moito nos últimos anos, pero aínda existen grandes eivas sobre todo no que respecta á igualdade de xénero, conciliación da vida sociolaboral e familiar, reparto das cargas familiares, independencia económica etc. Trataremos de mostrar as múltiples capacidades que teñen as mulleres por medio da súa educación, non só na formación e adquisición de coñecementos, mais tamén na súa valía, concienciación, motivación..., en definitiva, mostrarlles o camiño para que poidan acceder ao seu desenvolvemento no ámbito cultural, pero tamén no persoal, social e aínda no económico. Un dos principais obxectivos debería ser crearles oportunidades para que non teñan que abandonar o seu contorno familiar e social.

- **Mocidade:** as novas formas de lecer e diversión que se están desenvolvendo, algunas parellas aos avances tecnolóxicos, están provocando aillamento e individualismo entre a xente nova, así como a perda doutras formas de relación e divertimento más "tradicional". Pretendemos, por tanto, crear espazos (redes) para o fomento e o encontro de asociacións xuvenís e xerar canles de comunicación entre a mocidade e os xestores-planificadores da política municipal para que deixen de ser simples observadores-receptores-consumidores para formar parte activa do proceso político. Pensamos que con estas actuacións tamén se conseguirá evitar, en parte, a "emigración" deste colectivo a outras vilas e cidades próximas que satisfagan as súas demandas.

- **Infancia:** a formación e o desenvolvemento dos individuos debe facerse a través da cultura de seu. Esta aprendizaxe debe servirnos para coñecer a nosa realidade, o noso mundo, a nosa memoria, a nosa historia, e os seus elementos e representacións. Nesta tarefa a lectura desenvolve un papel primordial e é o seu mellor instrumento, por iso é ben importante crear o hábito de ler nos máis pequenos para que sexa unha tarefa atractiva e pracenteira, que ademais de aumentar os coñecementos e ideas esperte o desenvolvemento intelectual, acrecente a sensibilidade, a imaxinación, a expresión e a creatividade. Ademais da lectura debemos crear e potenciar outros hábitos a respecto das actividades culturais como asistir a exposicións, concertos, visitas e excursións a elementos patrimoniais, organizar obradoiros onde poidan aprender e crear diferentes formas e expresións artísticas etc.

- **Discapacitados:** a pesar do que ditan as leis, as persoas con algúns tipo de discapacidade seguen sen poder acceder a moitos ámbitos. Nos actuais proxectos de inclusión xa non se fala de crear unha oferta alternativa, senón de eliminar o "elemento diferenciador" e situar no mesmo plano as diferentes realidades persoais. Dito doutra maneira, asúmese a normalidade social de todas as persoas nos diferentes momentos da nosa vida: persoas con discapacidade intelectual, ou relacionada coa mobilidade, coa cegueira, coa xordeira etc., pero tamén coas persoas que nalgún momento teñen unha fractura, están embarazadas, levan un carriño, teñen medidas corporais que non encaixan cos patróns "normais".

- **Inmigrantes:** as nosas actuacións irán encamiñadas a favorecer a integración total deste colectivo na realidade dos nosos territorios, o que significa posibilitar o seu acceso e participación activa en todos os ámbitos (social, cultural, económico, sanitario...), todo isto sen esquecer o respecto pola súa cultura de orixe. Debemos, por tanto, crear instrumentos que protexan os dereitos das persoas que chegan desde outras realidades culturais, sociais e económicas, pois a súa aproximación á sociedade de acollida non debe de supoñer a perda da súa cultura.

Deste modo, o Plano ACCEDE supón un instrumento de loita contra a exclusión social destes colectivos, xa que ten como piar fundamental a participación plena dos colectivos no contexto cultural a que pertencen, eliminando todos aqueles obstáculos que impidan a súa implicación e fomentando aqueles outros en que se revalorice a súa figura.

Trátase este dun proceso multidimensional e complexo, en que se fomenta a participación consciente, responsable e libre da poboación implicada e polo que se pretende un cambio a nivel cualitativo (actitudes, comportamentos,...) e cuantitativo (infraestruturas, redes....).

## FORMULACIÓN XERAL DA ESTRATEXIA: VISIÓN E ÁMBITOS

### VISIÓN ESTRATÉXICA E OBXECTIVOS XERAIS E OPERATIVOS

A finalidade xeral do noso plano é fomentar e facilitar o acceso e a participación cultural dos colectivos locais en materia de patrimonio. A continuación recollemos os obxectivos xerais do plano estratéxico. Previamente á súa definición, elaboramos uns criterios mínimos que debían reunir, todos eles asociados aos seguintes elementos:

- Clareza de obxectivos
- Implicación da comunidade
- Compromiso e clareza dos actores sociais implicados
- Existencia dun compromiso político a longo prazo
- A formulación debe ser flexible e receptivo
- Desenvolvemento dunha base de funcionamento axeitada e sólida.

Os obxectivos que definimos son os recollidos a continuación:

1. Fomentar a través da cultura a participación dos cidadáns na vida local e transformar as achegas dos cidadáns en realidades culturais concretas, como a loita contra a exclusión social:
  - 1.1. Incorporar aos colectivos obxecto do plano no deseño da programación cultural.
  - 1.2. Favorecer a participación dos colectivos na organización de eventos culturais.
  - 1.3. Permitir e favorecer a súa colaboración con axentes culturais dos concellos e/ou alleos (cando desenvolvan accións no concello).
  - 1.4. Crear espazos físicos que supoñan lugares de encontro para a participación cultural.
2. Favorecer a accesibilidade ao patrimonio cultural:
  - 2.1. Acondicionar e adecuar os accesos ao patrimonio.
  - 2.2. Sensibilizar e fomentar o coñecemento e a valoración do patrimonio.
  - 2.3. Favorecer a dinamización do patrimonio por medio dos propios colectivos.
3. Incrementar a capacidade do sector cultural patrimonial como elemento que axuda a potenciar a imaxe dos concellos.
  - 3.1. Construir unha imaxe de marca da cultura local, combinando tradición con innovación e en que os colectivos se sintan identificados.
  - 3.2. Desenvolver unha estratexia e uns instrumentos de comunicación local como enclave cultural de maneira coordinada entre as distintas administracións.
  - 3.3. Mellorar a presenza dos concellos en foros e fomentar o traballo en rede.
  - 3.4. Elaborar modelos estéticos de comunicación, publicidade e/ou sinalización.

## ÁMBITOS ESTRATÉGICOS

1. Sociedade: a poboación xeral en si propia é un ámbito estratégico que debemos recoller, polo que abarcamos neste ámbito todo o que ten que ver con sensibilidade cultural, identidade e valores locais, inserción...
2. Infraestruturas e patrimonios culturais: espazos e equipamentos culturais "puros" como: espazos de formación e documentación (bibliotecas, academias, arquivos), espazos escénicos (teatro, cine, auditorio...), expositivos (museos, salas de exposicións), espazos de convivencia e intercambio cultural (centros e locais socioculturais). Tamén se inclúen os centros culturais non puros, como bares e restaurantes, centros comerciais, espazos deportivos...
3. Entidades para a promoción e o desenvolvemento da cultura, tanto axentes culturais públicos (administración e empresas públicas) como privados (asociacións e fundacións).
4. Economía e empresa. Entidades con fins económicos que teñan un importante papel no desenvolvemento económico e cultural da zona: actividade profesional, empresarial, formación...

## LIÑAS ESTRATÉXICAS

| L.E.1. ORGANIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN CULTURAL DOS COLECTIVOS SOCIAIS |   |
|--|---|
| Xustificación  | O proceso de participación cultural supón establecer unha visión de consenso que recolla un sentir xeneralizado da veciñanza.   |
| Correspondencia cos obxectivos                                       | 1.2, 1.3 e 3.4  |
| Efectos desexados  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recibir as inquietudes e as achegas dos colectivos con que traballamos e fomentar o proceso de reflexión colectiva</li> <li>• Adaptación da oferta cultural ás necesidades e requerimentos dos ciudadáns.</li> <li>• Potenciación da participación cidadá.</li> <li>• Coñecemento exhaustivo do comportamento cultural dos ciudadáns.</li> </ul> |
| Proxecto chave   | <p>P.1. Establecer un foro de participación social formado por diferentes mesas temáticas utilizando a metodoloxía ACCEDE antes descrita</p> <p>P.2. Desenvolver enquisas e sondaxes de opinión entre os consumidores de actividades culturais para a súa avaliación.</p> <p>P.3 Fomentar a difusión de creacións culturais locais.</p>   |
| Entidades implicadas   | Concellos<br>Asociacións dos concellos<br>Colectivos sociais<br>Entidade supramunicipal   |
| Prazo de ejecución   | 1 ano   |
| Grao de accesibilidade   | O foro ten que entenderse como un espazo onde xurdirán as principais problemáticas e obxectos de interese dos colectivo nunha serie de áreas e temas que facilitarán o futuro traballo para a accesibilidade cultural.  |

| L.E.2. CREAR UNHA REDE DE EQUIPAMENTOS DE PROXIMIDADE DE MEDIANO FORMATO, COORDINADOS E ESPECIALMENTE ESTABLECIDOS NAS PARROQUIAS |   |
|---|---|
| Xustificación   | A existencia de locais nas parroquias contan cun funcionamento particular que sería preciso coordinar para poder levar a cabo unha maior eficiencia cultural para crear espazos de creación e estimulación da creatividade social, de difusión e de convivencia e intercambio cultural  |
| Correspondencia cos obxectivos  | 1.4 e 3.4   |
| Efectos desexados   | <p>Incremento da participación cidadá en actividades de creación e consumo cultural, fomentando a creatividade colectiva, o diálogo e a cohesión social.</p> <p>Mellora da coordinación entre ofertas e demandas culturais.</p>   |
| Proxectos chave   | <p>P.4. Potenciar a figura do local social e veciñal como espazo de información/coordinación da oferta cultural dos distintos espazos de convivencia e intercambio cultural das parroquias.</p> <p>P.5. Constituir a Rede de Locais no Concello (RLC) como mecanismo de coordinación da oferta e funcionamiento</p> <p>P.6. Potenciar o papel das asociacións na súa dupla condición de entidades promotoras de actividades culturais e catalizadoras de consumo cultural, mellorando a súa coordinación.</p> |
| Entidades implicadas  | Concellos<br>Asociacións do concellos<br>Entidade supramunicipal  |
| Prazo de ejecución  | 2 anos  |
| Grao de accesibilidade  | Esta liña supón o acceso á información e á coordinación entre asociacións, o que suporía unha maior difusión e coordinación e un acurtamento de distancias e tempos   |

### L.E.3. RECUPERAR E PÓR EN VALOR O PATRIMONIO CULTURAL

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| Xustificación                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>O patrimonio con que contan os concellos en cuestión, ten unha importancia sublime na súa riqueza e un potencial de explotación ainda sen traballar. Resulta, en consecuencia, evidente a necesidade de afondar na posta en valor de tales recursos, tanto desde o punto de vista da súa visitabilidade, conservación e utilización como espazos para o desenvolvemento de actividades culturais e de lecer.</li> <li>Manifestacións e costumes sociais, relixiosas, mitos, historia e lendas, sons, olores, costumes, creadores e creacións... débense tratar e potenciar na procura do binomio tradición- innovación.</li> </ul>   |
| Correspondencia cos obxectivos | 2.1, 2.2, 2.3, 3.1, 3.2 e 3.3   |
| Efectos desexados              | <ul style="list-style-type: none"> <li>Incremento do número de espazos para o desenvolvemento de actividades culturais.</li> <li>Diversificación e ampliación da oferta de recursos patrimoniais visitables.</li> <li>Fomento do coñecemento de patrimonios tangibles dos concellos.</li> <li>Conversión dos elementos patrimoniais en xeradores de riqueza</li> </ul>  |
| Proxectos chave                | <p>P.7. Elaborar un plano director local de recursos patrimoniais.</p> <p>P.8. Propiciar a creación da Comisión Xestora dos Recursos Patrimoniais onde estean integradas as administracións públicas e as entidades privadas propietarias dos mobles.</p> <p>P.9. Realizar un inventario de patrimonio.</p> <p>P.10. Instaurar un programa de bolsas de investigación en colaboración coas universidades sobre patrimonio.</p> <p>P.11. Promover a realización de congresos, seminarios e eventos de intercambio sobre a revitalización de patrimonio.</p> <p>P.12. Desenvolver concursos de ideas para a interpretación e a sinalización do patrimonio.</p> <p>P.13. Estudar a viabilidade da museización de determinados patrimonios.</p> <p>P.14. Potenciar a incorporación do patrimonio en novas creacións culturais ou doutra índole.</p> <p>P.15. Potenciar o patrimonio gastronómico.</p> <p>P.16. Desenvolver un Plano de Preservación das Festas dos Concellos.</p> |
| Entidades implicadas           | <p>Concellos</p> <p>Empresas e profesionais dos sectores cultural, patrimonial e turístico</p> <p>Entidade supramunicipal</p>   |
| Prazo de ejecución             | 5 anos  |
| Grado de accesibilidade        | O patrimonio supón un valor de identidade de pobo que serve non só para dar acceso a cultura, senón tamén para crear cultura a través da implicación social.  |

### TEMPORALIZACIÓN

Na seguinte táboa recóllese o comezo dos proxectos estratégicos anteriormente explicados e a súa duración desde a posta en marcha até a súa perfecta instauración.

| L.E.  | P.E.   | Semestres por anos |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
|-------|--------|--------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|--|
|       |        | 2º 2006            | 1º 2007 | 2º 2007 | 1º 2008 | 2º 2008 | 1º 2009 | 2º 2009 | 1º 2010 | 2º 2010 | 1º 2011 | 2º 2011 |  |
| L.E.1 | P.E.1  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.1 | P.E.2  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.1 | P.E.3  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.2 | P.E.4  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.2 | P.E.5  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.2 | P.E.6  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.7  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.8  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.9  |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.10 |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.11 |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.12 |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.13 |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.14 |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.15 |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |
| L.E.3 | P.E.16 |                    |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |  |

### BIBLIOGRAFÍA

- Bouzada, X. (2002). "Cultura e participación". En Actas dos *III Encontros Cultura e Concellos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega
- Caballo, Mª B. e outros (1997). 131 conceptos clave de Educación Social. Santiago: USC.
- Donders, Y. (2002). "Towards a Right to Cultural Identity?". En *School of Human Rights Research Series*, n.º 15. Amberes-Oxford-Nueva York: Intersentia/Hart.
- Espinosa, A. e Guijarro, D. (2005). *La accesibilidad al patrimonio cultural*. [www.interpretacion-delpatrimonio.com/documentos.htm]
- María, L. (2004). El patrimonio abierto a todos y todas: el proyecto de inclusión.
- Deputación Provincial da Coruña (2006): Dossier A planificación estratégica na acción cultural (Documento Policopiado). Deputación Provincial da Coruña/USC



## **Creación dunha rede intermunicipal cultural**

TRUDI CAPELÁN, SUSANA CASTRO, OSWALDO DIGÓN, BEATRIZ FERNÁNDEZ,  
ANTÓN NOCEDA, ALEJANDRA ULLOA  
Técnicas Municipais e Animadores Socioculturais

O proxecto de Creación dunha Rede Intermunicipal Cultural (CRIC) xurdiu inicialmente como o traballo práctico do curso A Planificación Estratéxica na Acción Cultural Local, organizado no 2005-2006 polo equipo INTEREA dentro do programa formativo da Excma. Deputación da Coruña. Os membros iniciais do CRIC, responsables da posta en marcha deste, formaban ou forman parte dos departamentos de Cultura dos concellos de: Abegondo (Alejandra Ulloa Calvo e María Beatriz Fernández Vázquez), Aranga (Trudi Capelán Seoane), Malpica (Antón Noceda Carballo), Oza dos Ríos (Susana Castro Rodríguez) e Sada (Oswaldo Digón Alba), e estaban coordinados por Carmen Morán (equipo Interea).

O CRIC é un proxecto articulado en dúas dimensións que se reforzan e que se enriquecen mutuamente: nun plano sintetiza as inquedanzas formativas e profesionais do grupo de trabalho que conflúen nun proceso unificador de cooperación intermunicipal. E noutro plano, apoiándose nese labor conxunto entre entidades locais, funciona como elemento optimizador, dinamizador e potenciador da acción socio-cultural.

## **A DIMENSIÓN FORMATIVA DA ELABORACIÓN DO PROXECTO**

O proceso de deseño do proxecto resultou moi interesante e productivo na fase de elaboración, ao conseguir desenvolver como equipo un proceso de aprendizaxe compartido, activo e participativo, coa involucración e corresponsabilidade de todos os seus membros; desde o punto de vista organizativo xerouse unha dinámica eficaz, na planificación, na secuenciación e no desenvolvemento das súas fases, combinando o debate interno grupal, o traballo individual e as tarefas en pequeno grupo. Esta metodoloxía participativa constituíu un elemento transversal que desde o comezo impregnou todo o labor derivado do CRIC. Queremos destacar tamén a importancia que tiveron as titorías e a sesión final de presentación e de avaliación do traballo, para a reformulación e a mellora da proposta e a súa concreción na práctica. A metodoloxía organizativa baseámola en reunións presenciais -quincenais entre os membros do grupo, mensuais coa titora- con redacción das actas do traballo desenvolvido e cos acordos tomados; nunha minuciosa distribución e nunha concreción de tarefas e de responsabilidades; no emprego de Internet como recurso básico e imprescindible para a investigación, a documentación e a comunicación entre o equipo.

## **A DIMENSIÓN PRÁCTICA DO PROCESO DE INVESTIGACIÓN NO TERRITORIO**

Outra parte moi importante na realización do traballo foi a fase de diagnóstico das realidades municipais. Permitiu elaborar e/ou actualizar os mapas de recursos de cada concello grazas á compilación de datos, á busca de bibliografía, ás procura en

Internet e á colaboración con outros/as técnicos/as e profesionais etc. Aplicouse a técnica DAFO (Debilidades, Amenazas, Fortalezas, Oportunidades) para a valoración cualitativa dos datos reflectidos nos diferentes contextos. Estas actuacións serviron de base para a definición e a redacción das liñas de actuación específicas do proxecto, mais tamén como un valioso labor que permitirá articular outras actuacións en cada un dos concellos dos integrantes do equipo.

## O PROXECTO

Este proxecto céntrase no deseño dun plano estratéxico de actuación e de cooperación entre as entidades locais para promover a cultura en todas as súas manifestacións e para optimizar os recursos humanos e os materiais de que dispoña cada concello. Os seus principais obxectivos son recuperar, conservar, revalorizar e difundir o patrimonio. Tamén o será optimizar a xestión cultural nas entidades locais. Estas actuacións concrétanse en dúas liñas estratégicas:

- 1) Proxecto de Catalogación, de recuperación e de revalorización do Patrimonio arqueolóxico, cultural e natural.
- 2) Creación e posta en marcha da Rede de Xestión Cultural.

### LIÑA 1 DE ACCIÓN: O PATRIMONIO COMO REFERENTE

Esta primeira liña estratégica ten como propósito fundamental a recuperación e a revalorización do patrimonio histórico, cultural e natural dos territorios integrantes da Rede, prestando especial atención ao carácter humanista da conservación. Pensemos que, alén do desenvolvemento económico que leva consigo unha acción deste tipo, o fin último deste proxecto non pode ser outro que a conservación da nosa heranza cultural como parte dun pobo milenario, o que está por riba de calquera mudanza política e/ou social. E non podemos esquecer tampouco que o propósito esencial da recuperación e da conservación do patrimonio, non é simplemente asegurar a subsistencia do recurso no presente, senón tamén asegurar a súa transmisión ao futuro. Con isto, o que se pretende é crear conciencia patrimonial para fortalecer a identidade cultural da comunidade, xa que tanto máis coñezamos os nosos antecesores, mellor nos coñeceremos a nós mesmos, e tanto máis respecto sintamos por eles máis respecto sentiremos tamén pola comunidade en que vivimos e polos que virán despois de nós.

Destacamos algúns dos obxectivos e actuacións previstos nesta liña de acción:

- Realizar unha catalogación pormenorizada dos recursos patrimoniais a todos os niveis, realizando unha división sectorial destes nun pre-inventario que inclúa fichas individuais de cada un deles. Unha vez concluída, informarase ás administracións e ás institucións pertinentes sobre os recursos que hai que protexer.

- Recuperar, restaurar e revalorizar os recursos. Requiere desenvolver iniciativas como as que aparecen a continuación:

| Recuperación, restauración e revalorización dos recursos<br>Conservación preventiva dos bens patrimoniais  |  |   |
|--|--|---|
| RECUPERACIÓN   | RESTAURACIÓN   | REVALORIZACIÓN  |
| <b>Acción 1:</b> conservación preventiva dos bens patrimoniais<br><b>Acción 2:</b> recuperación das rutas de acceso a sitios con atractivos de valor patrimonial<br><b>Acción 3:</b> estudios de viabilidade, establecendo criterios e soluciones para a recuperación e posta en valor dos elementos catalogados | <b>Acción 1:</b> organización de cursos de formación para os diversos profesionais da comarca dedicados á restauración<br><b>Acción 2:</b> contratación de expertos restauradores para levar a cabo os labores más complicados de restauración | <b>Acción 1:</b> elaboración e desenvolvemento de plans de xestión dos diferentes conxuntos patrimoniais recuperados e/ou existentes. Plan Xeral<br><b>Acción 2:</b> elaboración e desenvolvemento de plans de xestión dos diferentes conxuntos patrimoniais recuperados e/ou existentes. Plans específicos |

- Difundir o programa a través da creación dun rexistro de Patrimonio da comarca, formar a que será a comunidade beneficiaria dos recursos patrimoniais, realizar publicacións impresas de diversa índole (cadernos didácticos para os escolares, folletos turísticos, revistas de divulgación, monográficos, cartazes explicativos ilustrados etc.) e, por último e o máis importante canto á difusión se refire, crear unha páxina web da Rede que estará permanentemente actualizada e en que se incluirán copias dixitalizadas do rexistro, dos mapas de recursos e das publicacións que se fagan. Alén disto, realizarase un foro anual que se desenvolverá xa nun espazo real e en que compartiremos experiencias.
- Recuperar, restaurar, conservar e revalorizar os recursos medioambientais e os roteiros existentes, así como crear outros novos. Para isto, crearase unha base de datos común de todos estes recursos, recuperaranse e manteranse as rutas e daráselles publicidade e difusión.

### LIÑA 2 DE ACCIÓN: A REDE DE XESTIÓN CULTURAL

O que se pretende coa creación da Rede é establecer canles estables de coordinación entre os responsables da xestión cultural dos concellos da provincia da Coruña que poidan contribuír ao incremento da calidad do seu traballo. Isto conséguese grazas a que a Rede se formula a través dun modelo aberto e flexible, cunha estrutura territorial (comarcal e provincial) e con outra sectorial (programación e contratación de actividades escénicas, escolas municipais, programas para a mocidade etc.)

Serán obxectivos desta rede:

- Promover o intercambio de experiencias e de información entre os/as técnicos/as de cultura.

- Promover o coñecemento dos recursos, materiais e inmateriais, dos membros da Rede, así como optimizalos.
- Promover a realización de actividades intermunicipais.
- Promover a difusión das actividades culturais.

Para establecermos uns criterios sólidos de actuación e que permanezan estables no tempo, a Rede require que os concellos membros asuman uns compromisos míni- mos. Recóllense no cadro que segue:

#### **Compromisos mínimos dos concellos que integran a Rede**

- Manter operativo no seu ámbito o sistema de comunicación a través de Internet.
- Colaborar na difusión das actividades dos outros concellos membros.
- Elaborar o mapa de recursos e mantelo continuamente actualizado.
- Asistir, como mínimo cada dous anos, ás xuntanzas de coordinación provincial.
- Cumprir coas tarefas de coordinación, de traballo individual e de grupo que lles correspondan e nas quendas que se establezan.
- Realizar unha avaliación continua, sendo flexibles e adaptables ás mudanzas e ás melloras que requira o resultado dessa avaliação.
- Asegurar a implicación e o compromiso persoal e institucional dos/as técnicos/as, políticos/as e demás axentes implicados.

A  
C  
C  
I  
Ó  
N  
S

- Rede de intercambio das actuacións das escolas municipais
- Xuntanza de coordinación comarcal
- Xuntanzas de coordinación provincial
- Sistemas de comunicación a través de internet
- Creación de estruturas estables de traballo a nivel comarcal e sectorial
- Difusión de programas de actividades
- Elaboración e actualización dun mapa de recursos
- Coordinación das programacións de actividades
- Itinerancia dos equipamentos culturais
- Contratación coordinada d educadores, obradoiros, espectáculos ou actividades
- Capatación de apoio institucional

Para cumplir todos estos compromisos e acadar a consecución de todos os obxectivos marcados, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Estruturación dunha rede de intercambio das actuacións das escolas municipais, mediante un convenio de artes escénicas.
- Creación dun sistema de comunicación a través de Internet para os traballadores municipais do sector sociocultural.
- Creación dun portal web do CRIC.
- Elaboración e actualización dun mapa de recursos.
- Creación de estruturas estables de traballo a nivel comarcal e sectorial.

- Programación coordinada das actividades e a difusión destas.
- Mobilidade dos equipamentos culturais.
- Realización de xuntanzas de coordinación comarcal e provincial.
- Contratación coordinada de educadores, de obradoiros, de espectáculos e das actividades.
- Captación conxunta de apoio institucional.

## **A REALIDADE DO PROXECTO E AS PERSPECTIVAS DE FUTURO**

Aínda que o proxecto está na súa fase inicial, atendendo ao cronograma en que se enmarca temporalmente, a Rede conta na actualidade con logros e accións en marcha, entre as que destacan:

- 1) Elaboración e actualización do mapa de recursos nos cinco concellos.
- 2) Intercambio de actuacións das escolas municipais de teatro e danza tradicional:
 

|  |   |
|--|---|
| <b>Escolas de Teatro</b><br>Sada Malpica (Nadal 2006)<br>Sada Coruña (outubro 2006)<br>Malpica Sada (abril 2007) | <b>Escolas de Danza Tradicional</b><br>Aranga Malpica (agosto 2006) |
|--|---|
- 3) Organización do I Encontro de Escolas Municipais de Actividades Escénicas a realizar ao longo do verán 2007 (xullo 2007).
- 4) Constitución dunha unidade de recursos compartidos (intercambio e/ou préstamo de infraestruturas, de material e de equipamento).
- 5) Deseño da proposta da Rede de Escolas e Obradoiros Municipais de Actividades Escénicas (teatro, música e danza). Recolle a elaboración dunha base de datos cos recursos municipais a nivel de infraestrutura, de grupos, de espazos, de equipamentos e o consenso e a sinatura dun convenio.



Unha vez que foron realizadas as primeiras actuacións convxuntas, e seguindo a temporalización que estaba prevista no proxecto, neste ano 2007 correspóndelles aos concellos participantes asinar os acordos ou convenios precisos para levar a cabo o plano, comezando a primeira etapa de posta en marcha de iniciativas encamiñadas a afianzar a solidez da Rede: os proxectos de estudio e a realización de publicacións comúns, o deseño de redes de itinerarios entre os municipios etc.

Tamén é prioritario avanzar na creación do portal web da rede cultural que favorecerá a difusión deste e doutros proxectos, a comunicación entre os técnicos, as persoas e entre as entidades que están implicadas de forma profesional ou voluntaria no ámbito cultural, o intercambio de experiencias, a lexislación etc. Para isto, o portal contará con dous niveis de acceso:

- Un libre para o público en xeral (acceso a información sobre as actividades, eventos, as axudas, os mapas de recursos culturais, o rexistro de Patrimonio, etc.)
- Outro nivel de acceso restrinxido para a comunicación interna entre os/as técnicos/as da Rede; neste caso contará cun sistema de comunicación instantánea por voz e texto, foro, correo interno, directorio, base de datos de actividades escénicas, base de datos de empresas de xestión cultural e de monitores especializados, sistema de alertas, publicación de estudos etc.

A creación deste portal web precisa para a súa posta en marcha contar co compromiso ineludible da Deputación Provincial, o equipo Interea e organismos oficiais.

O fin desta etapa e comezo da segunda está previsto para o 2009. Iniciaránse entón proxectos más ambiciosos desde o punto de vista económico, que inclúen investimentos en infraestruturas e en patrimonio, e que agardamos definir detalladamente nesta primeira fase en que nos achamos.

Chegados a este punto non debemos esquecer a importancia que teñen a avaliación continua e flexible, xa que esta non conforma un apartado ou fase máis do proxecto, senón que permanece, de xeito transversal, ao longo de toda a súa definición e proposta.

Somos conscientes da ambición do proxecto que emprendemos, e a realidade está a demostrar que é factible, que funciona satisfactoriamente tanto a nivel técnico, como


político e social. Polo que a nós respecta, subliñamos o avance nun dos obxectivos xerais do proxecto, tal vez o inicial, o que nos motivou para nos constituir como equipo de traballo cunha finalidade formativa e de mellora da práctica profesional: coñecer e compartir diferentes metodoloxías e formas de traballar, mellorar os modelos de xestión e planificación cultural (concienciando ademais todos os axentes implicados da importancia de que se coñezan e se poñan en práctica), mellorar os contidos, estratexias e actividades da programación e así mostrar o interese da posta en marcha de novas propostas e, por último, acadar un maior recoñecemento profesional do labor de todos os implicados no eido da cultura desde os usuarios/as, técnicos, entidades etc.

## BIBLIOGRAFÍA

- Caballo, M.ª B. e Fraguera, R. (coords.) (2005): *A Acción municipal no tempo libre*. A Coruña: Deputación Provincial de Coruña
- Candanedo, M. D. (coord.) (2002): *A Acción Municipal en Cultura, Deportes e Xuventude na Provincia da Coruña*. A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña
- Geibler, K.A. e Hege, M. (1997): *Acción Socioeducativa. Modelos/Métodos/Técnicas*. Madrid: Narcea
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Diario Oficial de Galicia, núm. 149 (5 agosto 1997).
- López, I. (2000): *Cultura y ciudad: Manual de política cultural municipal*. Gijón: Ed. Trea
- Puy, F. (1985): *Derechos Económicos, Sociales y Culturales*. Santiago: Paredes
- Roselló, D. (2004): *Diseño y evaluación de proyectos culturales*. Barcelona: Ariel
- Vega, F.J. e Ventosa V.J. (1996): *Programar, Acompañar, Evaluar*. Madrid: CCS

## PÁGINAS WEB

- [www.bcn.es/cultura/castella/](http://www.bcn.es/cultura/castella/) Plan estratégico de la Cultura de Barcelona [consulta 16 febreiro 2006]
- [www.campus-oei.org/pensariberoamerica/ric04a07.htm](http://www.campus-oei.org/pensariberoamerica/ric04a07.htm) Axenda 21 da Cultura [consulta 16 febreiro 2006]
- [www.diba.es](http://www.diba.es) Plan de acción cultural de La Vallalta (Concello de Sant Pol de Mar, Sant Cebriá de Vallalta y Sant Iscle de Vallalta – Barcelona). Jornada de treball: L'acció cultural als petits municipis. Centre d'Estudis i Recursos Cultural Diputació de Barcelona. Barcelona, 11 de desembre de 2004 [consulta 10 xaneiro 2006]
- [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es) Plan Estratégico Provincial da Coruña 2004- 2013 [consulta 12 febreiro 2006]
- [www.dicoruna.es/cultura/interea/RevistaInterea05/02\\_comunicar.htm](http://www.dicoruna.es/cultura/interea/RevistaInterea05/02_comunicar.htm) Patrimonio e xestión cultural. [consulta 14 febreiro 2006]
- [www.dicoruna.es/cultura/interea/RevistaIntereaDiciembre02.pdf](http://www.dicoruna.es/cultura/interea/RevistaIntereaDiciembre02.pdf) A Cultura como vehículo dinamizador e transversalizador do traballo comunitario [consulta marzo 2006]



## **Procesos, atrancos e resultados nunha experiencia colaborativa de formación no eido da promoción da participación cultural**

JORGE RIVERA (COORD.)

JAVIER COUTO, ALBERTO GARCÍA, FRANCISCO RIVERA E F. JAVIER SÁNCHEZ  
Técnicos Municipais e Animadores Socioculturais

## **INTRODUCCIÓN: O INICIO, UN PROCESO FORMATIVO**

### **CAL FOI A EXPERIENCIA?**

No transcurso da acción formativa "A planificación estratéxica na acción cultural local" –desenvolvida polo Equipo Interea no marco do Plano Formativo da Deputación Provincial da Coruña 2005/2006– organizáronse grupos de traballo para a elaboración dun "plano estratéxico" que, atendendo a realidade dos nosos concellos, servise para a reflexión sobre os puntos críticos arredor dos que debería pivotar un plano deste tipo. Desde o noso punto de vista, esta acción formativa pretendía, polo menos en parte, que o traballo desenvolvido servise para a mellora do noso quefacer cotiá como técnicos de cultura municipais, ao dotar as nosas intervencións dunha visión estratéxica.

### **QUEN SOMOS E CAL FOI O RESULTADO?**

Os técnicos de cultura dos concellos de Boiro, Ortigueira, Ponteceso, Rianxo e Vilalmaior (Alberto García, Francisco Rivera, Javier Couto, Xavier Sánchez e Fernando Lavandeira e Jorge Rivera), baixo a supervisión de Laura Cruz e Sindo Alonso (Equipo Interea), deseñamos un proxecto que levou por título "Participación cidadá e potenciación de axentes culturais", modificado posteriormente para a súa publicación no Interea Visual N.º 8 (2006).

### **POR QUE O PRESENTAMOS NESTE FORO?**

A nosa intención é analizar as circunstancias que favoreceron ou dificultaron a dinámica de traballo en equipo, baseada na colaboración, na construcción de canles de comunicación e intercambio de experiencias, na participación activa no proceso de formación e na construcción de coñecemento. Por outro lado, con esta intervención tamén pretendemos: valorar o interese e as posibilidades de difundir este tipo de prácticas "tamén participativas"; estimar a viabilidade de establecer pautas estables de colaboración; articular canles cooperativas e crear espazos e tempos de traballo conxunto.

Como aspecto máis relevante do proceso, resaltaría a obtención dun "produto" de interese para todos os membros do equipo e, esperemos que tamén, para as políticas culturais dos nosos concellos, xa que é o resultado dunha dinámica de traballo susceptible de ser xeneralizada, estabilizada e difundida.

## SÍNTESE DA PROPOSTA

### A REALIDADE E O CAMBIO

Despois das primeiras reunións e reflexións convxuntas en que se evidenciou a enorme diferenza entre os nosos concellos (demografía, economía, política...), atopamos aspectos comúns na realidade sociocultural, concretados na seguinte percepción: o movemento asociativo non funcionaba axeitadamente. Considerabamos que precisaba dun empuxe e dunhas ferramentas que lle permitisen adecuarse á realidade e ás esixencias da nosa sociedade.

Observamos, entre outras, as seguintes características comúns a case todas as entidades culturais dos concellos de referencia, que cabería analizar e considerar:

- Escaso impacto social das actividades que desenvolven.
- Baixo nivel de implantación na sociedade e de implicación dos asociados.
- Fórmulas de xestión e organización desfasadas e pouco ortodoxas.
- Escaso nivel relacional e de interacción entre as entidades.
- Alto nivel de dependencia dos servizos da administración local.

Cómpre, pois, repensar e propoñer novas fórmulas de intervención e interacción entre os concellos e o tecido asociativo, para axudar a solucionar os problemas e as deficiencias existentes, promover o seu fortalecemento e imprimir un maior dinamismo ao ámbito asociativo.

O fortalecemento do sector debe pasar, entre outros aspectos, polo seguinte:

- Realizar unha análise, diagnose, estudo de necesidades sobre a realidade asociativa no eido cultural, que permita establecer as futuras liñas de actuación e deseñar un verdadeiro Proxecto de Participación Cidadá e Potenciación de Axentes Culturais.
- Promover e mellorar a formación de directivos de cara a unha moderna e eficiente dirección e xestión de recursos, organización e planificación, comunicación...
- Ofertar servizos de asesoramento e apoio na xestión e na organización de recursos, na relación coas administracións, no desenvolvemento de actividades e programas...
- Promover e fomentar a interacción e a cooperación entre as entidades, así como entre estas e as distintas administracións.
- Promover novas canles de información e comunicación entre as entidades, así como entre estas, a Administración e a sociedade.
- Poñer en marcha un rexistro municipal de asociacións e, de ser o caso, un Regulamento de participación cidadá.

- Concienciar e promover un novo protagonismo do desenvolvemento sociocomunitario, elevando o nivel de participación cidadá, para que a cidadanía se implique como protagonista na busca dunha maior calidade de vida.

### DIAGNOSE

A realidade actual está caracterizada por un tecido sociocultural feble, debido, entre outros aspectos, ao baixo nivel de participación social. Así mesmo, hai poucas asociacións en activo, o que dificulta a creación dunha rede asociativa con influenza na política cultural municipal.

### O MARCO METODOLÓXICO

Un presente pouco participativo debe ser transformado por un simple criterio de coherencia política en democracia. Ademais, no referido ao noso campo de trabalho, cultura e participación son termos indisociables. Como apuntou Santiago Martínez no marco da acción formativa, se no desenvolvemento estratégico territorial non sempre é posible e necesario levar a cabo un plano participativo, no ámbito cultural, esta faceta resulta praticamente ineludible. Ou, como recolle a propia Agenda 21 da Cultura no seu artigo 5: O desenvolvemento cultural apóiase na multiplicidade dos axentes sociais. Os principios dun bo goberno inclúen a transparencia informativa e a participación cidadá na concepción das políticas culturais, nos procesos de toma de decisións e na avaliación de programas e de proxectos.

Dado o contexto sociocultural dos nosos concellos, reflexionamos sobre a transformación desta realidade (baixa participación e feble tecido asociativo), entendendo que debería ser un proceso de abajo-arriba, dando prioridade ao primeiro activo do territorio: os axentes culturais locais, no marco dun plan participativo e descentralizado.

Este plano deberá converterse no elemento transformador que, dirixindo e coordinando os recursos, as potencialidades, as capacidades e as inquietudes dos veciños, permita a consecución dun futuro más participativo, partindo dos desexos e necesidades dos grupos e persoas que crean, gozan, e difunden a cultura en todas as súas dimensións, e do consenso como mecanismo prioritario para a toma de decisións.

### A ONDE QUEREMOS CHEGAR?

Defendemos a transformación social e a realidade cultural nos seguintes termos. Queremos unha comunidade:

- Que estea identificada co seu territorio, preocupada e comprometida, fronte a unha comunidade individualista e sen capacidade para a cooperación.

- Que acceda e participe activamente na cultura, máis alá dunha cidadanía pasiva, receptora e consumidora da industria cultural.
- Que teña capacidade de decisión sobre o seu futuro conxunto, (coa responsabilidade, o esforzo e tamén os beneficios).
- Que sexa consciente das súas problemáticas, das súas potencialidades e das súas limitacións, que aproveite os seus recursos e se beneficie do seu patrimonio, fronte a unha comunidade dependente de políticas culturais alleas.

## OBXECTIVOS XERAIS

Para a consecución deste futuro establecemos os seguintes obxectivos xerais e prioritarios:

- Aumentar a participación.
- Crear un tecido asociativo coordinado.
- Dotar o tecido asociativo de capacidade para influir na xestión cultural municipal.

Para acadar estes obxectivos, deseñamos dúas liñas estratégicas de acción:

- Apoyo, acompañamento e formación do tecido asociativo.
- Creación de estruturas estables de participación e cooperación asociativa.

### LIÑA ESTRATÉXICA 1: APOYO, ACOMPAÑAMIENTO E FORMACIÓN DO TECIDO ASOCIATIVO

**Obxectivo 1.1:** redefinir as políticas de apoio ás entidades culturais do territorio nos ámbitos infraestrutural e de recursos técnicos, adecuando e facilitando o uso dos espazos e dos recursos disponibles ás necesidades do sector.

#### Accións:

- Estudar as necesidades das entidades do territorio: as infraestruturas e os recursos do sector.
- Facilitar os espazos e os recursos.
- Acoler entidades por parte doutras entidades.
- Establecer convenios de colaboración coas entidades que disponen dos espazos e dos recursos propios, para que poidan ser compartidos por outras entidades.
- Elaborar un plano de uso de equipamentos culturais, que estea participado e consensuado coas entidades do territorio, delimitar o uso e garantir un equitativo acceso aos equipamentos e recursos, cunha normativa clara e cunha xestión transparente.
- Subvencionar investimentos.

**Obxectivo 1.2:** definir e promover unha axeitada política de axudas e subvencións que atenda as necesidades do sector, así como unha nova concepción do papel da Administración local, como facilitadora de recursos para coas entidades que participan na promoción e na dinamización da realidade cultural local.

#### Accións:

- Crear un Rexistro municipal de entidades culturais.
- Elaborar un Regulamento municipal de subvencións, participado e consensuado polas entidades culturais.
- Subvencionar actividades e servizos. Convocatoria anual. Criterios, obxectivos e transparencia na xestión. Recoller nos orzamentos unha partida económica suficiente para habilitar unha liña de axudas e subvencións ás entidades culturais do territorio en materia de actividades e servizos.
- Asinar convenios como marco e modelo prioritario de colaboración/relación estable.

**Obxectivo 1.3:** promover unha política informativa e de comunicación fluída coas entidades culturais do contorno en materia de convocatorias e axudas, recursos do territorio, así como de promoción e difusión dos seus programas, das súas actividades e doutros temas do seu interese.

#### Accións:

- Elaborar un novo modelo relacional entre a administración local e as entidades, e entre estas, baseado na confianza e na eficiencia, máis eficaz, que facilite a comunicación fluída e o intercambio de información, a partir da confianza, do progreso, da esixencia mutua e do ben común.
- Actualizar os datos e descentralizar a información. Crear e actualizar da base de datos de entidades, para facilitar o acceso, á información e á comunicación destas e do Concello, á información e á comunicación sobre as temáticas antes referidas. Descentralizar a información.
- Crear novos soportes e novas canles informativas. Deseñar e realizar, en colaboración coas entidades culturais, unha publicación periódica (formato papel e/ou dixital) e outros soportes ou canles informativos que permitan o fluxo da comunicación.
- Establecer un protocolo de comunicación e de difusión da información entre as entidades e entre estas e a Administración local, así como cos medios de comunicación, co fin de mellorar a proxección e o impacto dos seus programas e das súas actividades.
- Crear e manter un portal de entidades culturais, que favoreza a comunicación e o intercambio entre elas e coa Administración local, propiciando a súa apertura á sociedade e ao mundo globalizado. Incluiría un servizo de "hosting" (webs, blogs, e-mail...), un directorio de entidades, catálogo de recursos e unha axenda ou un calendario de actividades, entre outros aspectos.

**Obxectivo 1.4:** contribuír ao desenvolvemento organizativo das entidades, incorporando novas técnicas de xestión e dinamización.

**Accións:**

- Crear e manter un servizo permanente de acompañamento e de asesoramento que atenda e dea resposta ás necesidades do sector. Prestación de servizos de información e de asesoramento nos ámbitos da creación, normativa, organización e funcionamento interno, xestión, desenvolvemento de proxectos, captación de recursos, dinamización etc.
- Velar polo mantemento do carácter cívico, participativo e non lucrativo.
- Elaborar un manual ou unha guía básica para a Xestión de Entidades Culturais e un Catálogo de Boas Prácticas, como elementos de apoio e referencia nos ámbitos da organización, da xestión e da dinamización.
- Actualizar permanentemente os procedementos, os modelos e os documentos habituais na xestión asociativa. Crear un banco de recursos e simplificar os trámites e as xestións ante a Administración local.

**Obxectivo 1.5:** promover a formación para unha mellor cualificación dos recursos humanos das entidades culturais e para a implantación de modelos de xestión integral, estratéxica e de calidade.

**Accións:**

- Plano Formativo. Deseñar e desenvolver, a partir da realidade, das necesidades e das demandas do sector, un Plano formativo dirixido a unha mellor cualificación dos recursos humanos, principalmente nos ámbitos da organización e xestión.
- Poñer en marcha, no marco do Plano formativo, un nivel básico de formación amplio e práctico (Curso de Xestión Integral, 40/50 h aprox.), para a cualificación, a reciclaxe e a adaptación ás novas obrigas normativas que afectan ao sector.
- Poñer en marcha, no marco do Plano Formativo, e varios cursos de especialización en xestión económica (fiscalidade, contabilidade, financiamento, orzamento...), comunicación e márketing, xestión de voluntariado, elaboración e xestión de proxectos, xestión informatizada, dinámica de grupos e traballo en equipo, xestión estratéxica...
- Tratar outras propostas formativas no ámbito das novas tecnoloxías (deseño web, imaxe dixital, software libre...) e da animación sociocultural e tempo de lecer.
- Vincular a participación nas accións formativas e o acceso a recursos e a axudas.
- Introducir ferramentas que faciliten as tarefas de xestión.
- Establecer dinámicas de mellora continua.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2: CREACIÓN DE ESTRUTURAS ESTABLES DE PARTICIPACIÓN E COOPERACIÓN ASOCIATIVA

**Obxectivo 2.1:** estruturar e fortalecer a participación das entidades nas políticas municipais.

**Accións:**

- Introducir ferramentas estables de participación (consellos municipais).
- Establecer convenios de colaboración coas entidades que dispoñen de espazos e recursos propios para coordinar programación e fortalecer o tecido asociativo (co-xestión).

**Obxectivo 2.2:** promover a creación de REDES asociativas que fortalezan a presenza das entidades nas políticas culturais do concello.

**Accións:**

- Crear un rexistro municipal de entidades
- Poñer en marcha os consellos sectoriais de participación e coordinación cos outros consellos, como ferramenta permanente para o encontro e o traballo en grupo das entidades do concello.
- Establecer convenios como marco e modelo prioritario de colaboración/relación estable. Apostar polos convenios como marco e modelo prioritario de colaboración/relación estable entre o concello e as entidades culturais, enriquecendo a dinámica cultural do entorno.

**Obxectivo 2.3:** habilitación de espazos, de recursos e de servizos para as entidades.

**Accións:**

- Establecer un centro municipal de referencia para as entidades –ao estilo de torre Jussana en Barcelona- que posibilite a co-xestión, sempre considerando a participación directa das persoas interesadas como condición indispensable.
- Elaborar un novo modelo de observación e de comunicación coas entidades e cos grupos non formais, destacando a importancia dos grupos e dos axentes libres que cada vez se postulan máis como modelos futuros de interlocución social, superando mesmo as propias asociacións.

## VALORACIÓN A MODO DE CONCLUSIÓN

Como conclusión, quero facer dúas valoracións globais do proceso formativo e de elaboración do traballo cooperativo:

1. Unha referida á capacidade da colaboración intermunicipal para dar solucións a problemáticas locais.

Partindo de realidades sociais e culturais moi diferentes, mediante o traballo en grupo, a coordinación e a cooperación dos técnicos, chegamos a consensuar parámetros de actuación, concretar ideas en produtos e liñas programáticas específicas, aproveitando a sinerxía e a riqueza de matices que supón un grupo de traballo participativo, fronte ao traballo illado ou excesivamente localizado.

2. *E outra referida á participación dos técnicos no proceso formativo en xeral, e, neste caso, na elaboración dunha proposta para o movemento asociativo.*

Valoramos moi positivamente a nosa propia participación activa no proceso formativo, na construcción do coñecemento e tamén na construcción dunhas dinámicas de traballo propias, fronte a outras que moitas veces nos veñen dadas, permitindo un posicionamento profesional conxunto, e por tanto estable ante vaivéns ou diferenzas políticas.

Entendemos que esta participación é imprescindible no que se refire ao deseño das pautas e premisas para o desempeño da nosa profesión. Ademais dos temas tratados neste traballo concreto, sobra dicir que hai máis aspectos sobre os que poderíamos e deberíamos posicionarnos dun xeito colectivo. Posiblemente xa teñamos asumidas de forma individual moitas premisas, pero falta comunicalas, discutilas, consensualas e referendas para dotalas de maior peso, non só técnico, senón tamén político.

A participación é un tema importante pero non urgente, por iso queda sempre relegado. Consideramos necesario crear espazos e tempos en que tratar temas importantes pero "non urxentes", como poden ser a relación entre política e profesión, a adecuación da oferta cultural pública e a demanda cidadá, entre outros.

## REFERENCIAS

- Axenda 21 da Cultura.  
 Martínez, S. (2006): "Acción cultural local e planeamiento: dos planos estratégicos aos planos de acción cultural". En Pose, H. e Fraguera, R. (Coords): *Planificación estratégica en cultural*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.  
 Rivera, J.; Sánchez, F. J.; Couto, J.; Rivera, F e García, A (2006): "Unha visión estratégica sobre a xestión cultural e a participación". *Revista Interea Visual*, n.º 8, pp. 71-77.





## Avaliación de Interea Foro 2007

YÉSICA TEJEIRO  
Interea Formación

Desde o equipo Interea entendemos a avaliación como un proceso esencial do plano formativo. Un medio non só de recollida e valoración de actividades concluídas, senón tamén como un instrumento de reflexión e de mellora de cara ao futuro. Por outra parte, consideramos que é preciso difundir e facer públicos os seus resultados, a modo de feedback para todos os participantes e como tarefa ineludible do equipo organizador. Nas seguintes páxinas imos comentar os resultados da ficha de avaliación do Interea Foro 2007, respondida por 24 dos 45 asistentes.


A respecto da ficha avaliativa de recollida de datos –que presentamos no seguinte apartado–, está estruturada en seis bloques e un apartado final, os mesmos que se seguen no comentario dos resultados. Comezamos presentando os participantes segundo o seu perfil profesional, discriminando entre responsables políticos e técnicos, así como entre outros e outras. No segundo apartado, recóllese información en relación á participación en anteriores edicións, ás motivacións dos asistentes e ás facilidades que lles ofreceron nos concellos para acudir a esta convocatoria do Interea Foro. En terceiro lugar, achéganse datos vinculados á organización da acción formativa –atendendo a cuestiós como a información da convocatoria, a forma de inscrición, os prazos, as datas, os espazos e as instalacións etc.–, valorando, a continuación, aspectos relativos aos contidos e ao desenvolvemento da actividade. Posteriormente, recóllense as atribucións que as persoas asistentes fan a respecto da súa participación e da implicación persoal no desenvolvemento do encontro.

Finalmente, aproveitamos a avaliación do foro para pescudar na valoración dos participantes en relación aos materiais de Interea Edición, tanto sobre a revista Interea Visual como sobre os cadernos temáticos.

## PERFIL

A avaliación cubriuse fundamentalmente por técnicos (62,5%) que participaron en anteriores edicións do Interea Foro (62,5%) e nalgúnha iniciativa do Plano Formativo 2005-2007 (65%), tal e como se amosa nas tres seguintes gráficas.


Gráfica nº 1: Perfil profesional dos participantes



## PARTICIPACIÓN EN ANTERIORES EDIÇÕES DE INTEREA FORO

Na gráfica núm. 2 ofrécese a distribución en porcentaxes en relación á participación en anteriores edicóns do Interea Foro. Deste xeito, a maior porcentaxe está relacionada coa participación na convocatoria de 2004. O dato obtido vén a dicirnos que 11 das 24 persoas que responden á avaliación (45,8%), participaron nesa edición. Tan só 3 persoas (12,5%) participaron nas dúas edicóns anteriores, as de 2002 e de 2004. Finalmente, 9 dos asistentes (37,5%) non participaron en ningunha edición anterior, senón que o fixo nesta por primeira vez.


Gráfica nº 2: Participación en anteriores edicóns



## NOUTRAS ACCIÓNS DO PLANO FORMATIVO DE INTEREA

Na gráfica núm. 3 pódense observar os datos en relación á participación dos asistentes noutras actividades do Plano formativo que Interea comezou a desenvolver no curso 2005/2006. Cómprase destacar que 9 dos 23 participantes do Interea Foro 2007 que responden a esta pregunta, xa participaran nos dous anos experimentais do Plano formativo de Interea, 3 na edición 2005/2006 e outros 3 no curso 2006/2007, facendo un total dun 65% de participantes vinculado ao Plano formativo de Interea, fronte a un 35% (8 participantes) que se incorpora ás accións de Interea Formación.


Gráfica nº 3: Participación noutras actividades do Plan Formativo



## MOTIVACIONES PARA PARTICIPAR NO INTEREA FORO 2007


As motivacións para participar sitúanse máis na esfera da iniciativa persoal que na vinculación ao desempeño profesional nun contexto institucional específico. Así se desprende dos datos que amosa a gráfica número 4.

Gráfica nº 4: Motivacións para participar no Interea Foro 2007



Facilidades proporcionadas pola institución a que pertence para participar no foro. Un dos últimos aspectos que están recollidos na ficha avaliativa en relación á participación ten que ver coas facilidades que foron proporcionadas pola institución a que pertencen para asistir ao foro. En relación con este aspecto, destaca a posibilidade de dispor de xornada laboral para destinála á formación, algo do que gozan 22 das 24 persoas que nos responden á avaliación. En menor medida (37,5%) sitúase o pagamento de gastos de transporte.

Gráfica nº 5: Facilidades proporcionadas pola institución para participar no Foro




## ORGANIZACIÓN DO INTEREA FORO 2007

### MÉDIO DE INFORMACIÓN DA CONVOCATORIA

A convocatoria desta terceira edición do Interea Foro foi coñecida polos seus participantes, principalmente, a través de dous medios: o correo electrónico de Interea, que representou un 66,6% do total dos casos, e o correo postal de Interea, que ofrece a información da convocatoria a un 58,3 % das persoas que responden a avaliación. Con menor representación atopamos o resto dos medios de información, como poden ser o coñecemento da convocatoria por outra persoa (12,5%), a través da Deputación (20,83%) ou por procuras en Internet (8,33%). Cómprase destacar que son moitos os participantes que sinalan varios dos medios a través dos cales acceden á información.

Como podemos observar na gráfica núm. 6, destaca a importancia dos medios de información directa e persoal, mediante o correo, ben sexa electrónico ou postal, sobre o resto de canles de información.

Gráfica nº 6: Medio de información da convocatoria do Interea Foro 07



## VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO INTEREA FORO 2007

Neste segundo apartado preséntase unha escala Lickert de valoración con nove ítems para estimar aspectos en relación á organización do foro. As cuestións sometidas a avaliación son valoradas positivamente polos asistentes, xa que, tal e como se recolle no cadro nº 1, as puntuacións finais sitúanse entre puntuacións positivas e moi positivas, acadando a media máxima un valor de 4,61 e ficando a mínima nun 3,75. De calquera xeito, cómpre destacar que, case a totalidade das puntuacións se sitúan porriba dos 4 puntos. As valoracións más positivas, comprenden, en primeiro lugar, a forma de inscrición a través da web, acadando unha media de 4,61, seguida polo prazo que foi establecido para formalizar a inscrición, cunha puntuación de 4,58; a atención e información facilitadas durante a realización do foro, cun 4,5, e o espazo e instalacións específicas (Pazo de Mariñán), cunha media de 4,42. Por debaixo dos 4 puntos tan só se sitúan dous aspectos, áinda que con valoracións moi positivas, son os relacionados con cuestións de organización temporal: o referido aos días da semana (xoves e venres) en que tivo lugar o foro, que obtén a media máis baixa (3,75) e á data de realización (25 e 26 de xaneiro) en que se leva a cabo o evento, que acada unha puntuación media de 3,96.

Por tanto, podemos concluír que estamos ante unha avaliación moi positiva por parte dos participantes sobre os aspectos organizativos do Interea Foro 2007. Destacan os aspectos ligados ao traballo que foi realizado desde a secretaría técnica (atención e información que foron facilitadas previamente e durante a realización do evento), posibilidades de encontro e relación dos participantes, cuestións de natureza más burocrática (forma e prazo de inscrición) ou, finalmente, as que teñen relación coas infraestruturas e os espazos do lugar de realización.

Cadro nº 1: Valoración da organización do Interea Foro 2007

| Aspecto  | N  | Media |
|--|----|-------|
| A atención e información facilitadas previa a celebración do Foro (invitación, mailing, recordatorio...) | 24 | 4,37  |
| A forma de inscrición a través da web  | 23 | 4,61  |
| O prazo establecido para formalizar a inscrición   | 24 | 4,58  |
| A data de celebración (25 e 26 de xaneiro)   | 24 | 3,96  |
| Os días da semana (xoves e venres)   | 24 | 3,75  |
| A distribución dos tempos de traballo e descanso nas sesións diarias                                     | 24 | 4,12  |
| As posibilidades de encontro e relación (pausa do café, xantar)  | 24 | 4,25  |
| O espazo e instalacións específicas (Pazo de Mariñán)  | 24 | 4,42  |
| A atención e información facilitadas durante a celebración do Foro                                       | 24 | 4,50  |

## CONTIDOS E DESENVOLVEMENTO

O Interea Foro 2007 centrou os seus obxectivos no proceso participativo, con esta finalidade as sesións do encontro foron configuradas de xeito que se acolleran diferentes espazos e tempos para o diálogo, a reflexión e o intercambio de experiencias.

Deste xeito, ao longo do primeiro día desenvolveuse, tras o acto inaugural, un seminario "Espazo de autodiagnóstico participativo na cultura local" coordinado polo profesor de Ciencia Política e Socioloxía da Universidade Autónoma de Madrid, Tomás Rodríguez-Villasante.

No segundo día, tivo lugar, na sesión de mañá, a presentación da avaliación do Plano formativo experimental na ÁREA de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico (2005-2007), exposta pola coordinadora de Interea Formación Carmen Morán, así como o Grupo Aberto de Discusión onde se deu cabida ao diálogo e ao debate entre os técnicos de cultura do concello de Boiro (Alberto García) e Fene (Daniel Romero), o presidente da Asociación Cultural Altofalante de Ribeira (Luis Teira), así como a todos os participantes do Interea Foro, todos eles moderados pola colaboración de Manuel Pérez Rúa, do equipo de Interea.

A sesión de tarde transcorreu cunha mostra de experiencias e propostas de traballo de diferentes concellos, para finalizar cun relatorio de clausura sobre a participación-acción na cultura local de Óscar Rebollo, profesor de Socioloxía da Universidade Autónoma de Barcelona.

Considerando como se distribuíron e como se deseñaron os espazos, sométense a avaliación os contidos, as dinámicas e a interacción que foron xeradas, así como o interese de cada espacio para o desenvolvemento profesional de cada un dos participantes.

Tal e como podemos apreciar no cadro núm. 2, as medias de puntuación oscilan, novamente, arredor de valoracións moi positivas, sendo a mínima 3,13 e a máxima 4,29. Por tanto, e como primeira conclusión todos os contidos ofrecidos contaron co respaldo dos asistentes tanto nos temas que se trataron como na maneira de desenvolverlos, e na súa rendibilidade profesional. A máxima puntuación recae na temática analizada de xeito global no grupo aberto de discusión, cunha puntuación media de 4,29 sobre 5. As notas más baixas recóllese nas dinámicas e interacción xerada pola mostra de experiencias e de propostas de xeito global, áinda así, a puntuación media acadada sitúase nun nivel de valoración axeitado, ao ser dun 3,13 sobre 5.

Dun xeito variado, sitúanse por riba da puntuación 4 (positivo) aspectos como os contidos e a temática analizada no Grupo aberto de discusión e no relatorio de clausura sobre a Participación-Acción na cultura local, así como o interese de ambos os espazos para o desenvolvemento profesional dos participantes. Achamos por debaixo do valor 4, áinda que, na maioría dos casos, xusto no límite desta puntuación, diversos aspectos en relación coa mostra de experiencias e coas propostas

dos concellos, sendo esta actividade a menos valorada no seu conxunto, seguida da avaliación do Plano formativo experimental e, xa case na liña divisoria, o espazo de autodiagnóstico participativo na cultura local. Pola súa parte, os espazos que están mellor valorados, no seu conxunto, son o grupo aberto de discusión, seguido, moi de preto, polo relatorio de clausura arredor da participación-acción na cultura local.

A nivel de desenvolvemento, en xeral, o aspecto valorado máis positivamente nos diferentes espazos é o dos contidos ou temáticas, que foi seguido polo interese para o desenvolvemento profesional e, para rematar, as dinámicas de interacción xeradas en cada espacio.

Cadro nº 2: Valoración dos contidos e desenvolvemento do Interea Foro 2007

| Aspecto  | N  | Media |
|--|----|-------|
| Espazo de autodiagnóstico participativo na cultura local       |    |       |
| Os contidos  | 24 | 4,00  |
| As dinámicas e a interacción xerada                            | 24 | 3,96  |
| O interese para o meu desenvolvemento profesional              | 24 | 3,96  |
| Avaliación do Plan Formativo Experimental                      |    |       |
| Os contidos  | 24 | 3,96  |
| As dinámicas e a interacción xerada                            | 24 | 3,54  |
| O interese para o meu desenvolvemento profesional              | 24 | 3,63  |
| Grupo aberto de discusión (globalmente)                        |    |       |
| A temática abordada  | 24 | 4,29  |
| As dinámicas e a interacción xerada                            | 24 | 3,96  |
| O interese para o meu desenvolvemento profesional              | 24 | 4,13  |
| Mostra de experiencias e propostas dos concellos (globalmente) |    |       |
| As experiencias e propostas presentadas                        | 23 | 3,91  |
| As dinámicas e a interacción xerada                            | 23 | 3,13  |
| O interese para o meu desenvolvemento profesional              | 23 | 3,83  |
| Participación-acción na cultura local                          |    |       |
| Os contidos  | 18 | 4,28  |
| As dinámicas e a interacción xerada                            | 18 | 3,89  |
| O interese para o meu desenvolvemento profesional              | 18 | 4,06  |

## PARTICIPACIÓN NO INTEREA FORO 2007

Das diferentes escalas tipo Likert que recolle a ficha avaliativa en xeral, as puntuacións más baixas encóntranse no apartado referido á participación e implicación dos asistentes no foro. Aínda así, as valoracións superan sempre o valor 3, situándose nunha perspectiva marcadamente positiva. Tal e como podemos apreciar no cadro núm. 3, a máxima expresión de tendencia vén marcada pola satisfacción xeral coa asistencia, que acada un 3,96. As implicacións grupal e persoal obteñen valores lixeiramente más baixos.

Cadro nº 3: Participación no Interea Foro 2007

| Aspecto   | N  | Media |
|---|----|-------|
| A súa participación e implicación persoal no desenvolvemento do foro 2007 | 23 | 3,13  |
| A participación e implicación dos asistentes en xeral                     | 23 | 3,61  |
| O grao de satisfacción persoal coa asistencia ao Interea Foro 2007        | 23 | 3,96  |

## PENSANDO EN FUTURAS EDICIÓN DO FORO

Partindo de que a aplicación da avaliación non só ten como obxectivo a posibilidade de constatar logros, valorar procesos, avaliar accións etc., senón que se aplica pola súa funcionalidade para a planificación futura e para axudar á toma de decisións, consideramos imprescindible incluír preguntas abertas relativas a futuras edicións do foro.

## TEMAS QUE LLE GUSTARÍA QUE SE TRATASEN

Neste primeiro apartado recóllese as achegas dos participantes en relación aos temas que lles gustaría que se tratases en futuras edicións. Neste sentido, as propostas que sinalan as persoas participantes apuntan a temas variados, mais fundamentalmente vinculados ao desenvolvemento do seu labor práctico, entre os que destaca, de forma significativa, a programación de actividades e a mostra de experiencias singulares ou de éxito no ámbito local. A nivel más teórico, incírese máis notoriamente na lexislación en temas culturais (normativas, regulamentos, axudas etc.).

En conxunto, os temas propostos poden reunirse nos seguintes ámbitos:

- técnicas de programación e difusión de actividades
- mostra de metodoloxías ou experiencias singulares ou de éxito no eido da cultura local
- lexislación en temas culturais
- xestión cultural, técnicas de animación, procura de recursos etc.
- dinámicas de autodiagnóstico


- análise e toma de decisións
- participación cidadá
- cultura e lingua, dinámicas transversais
- protocolo en actos institucionais

## MOMENTOS DO ANO MÁS PROPICIOS PARA REALIZAR O FORO

Neste segundo apartado pregúntase aos participantes sobre o momento más propicio para realizar o foro. Aínda que as respostas son moi variadas, as frecuencias apuntan aos meses de xaneiro, setembro, outubro e novembro, sendo o primeiro deles o más reiterado. Con todo, recollese tamén a referencia da dificultade de asistencia en calquera data, pola actividade permanente que a nivel cultural se xera nos concellos.

Como se pode observar na gráfica núm. 7, o mes mellor considerado é o de xaneiro, sendo febreiro, xullo, agosto e decembro os peor valorados, por coincidir coas principais festas e vacacións, momentos en que se fai máis intensa a programación cultural dos concellos: o Entroido en febreiro, o Nadal en decembro, e xullo e agosto, vacacións de verán.

Gráfica nº 7: Preferencias sobre as datas



## SUXESTIÓNS

No apartado de suxestións obtívose unha ampla diversidade de comentarios, centrados, principalmente, en aspectos organizativos do Interea Foro 2007, así como en proposicións para futuras actividades. As achegas poden resumirse no que segue:


- Cuestións organizativas do Interea Foro
- Reducir o número de participantes na mostra de experiencias para axilizar o desenvolvemento.
- Realizar o foro en días da semana que non sexan venres pola tarde.
- Puntualidade nas sesións.
- Ampliar o marco de destinatarios do foro, abrindoo a creadores culturais, empresas, estudiantes etc.
- Outras actividades de Interea
- Realizar propostas de formación para políticos.
- Fomentar a creación dunha “web de cultura” de provincia.

## VALORACIÓN SOBRE OS MATERIAIS DE INTEREA EDICIÓN

Por último solicitouse aos participantes a valoración sobre os materiais de Interea Edición, tanto en relación á revista Interea Visual como sobre os Cadernos Temáticos.

No primeiro apartado recollíanse, nunha escala Lickert, diferentes aspectos en relación con estos instrumentos de información e expresión, acadando valoracións moi positivas, entre un 3,87 e un 4,27 (sobre 5) de media. As puntuacións más altas, tales como se pode observar na seguinte gráfica núm. 8, refírense as temáticas dos Cadernos Temáticos, cun 4,27 de media, e ao acceso aos materiais citados, cun 4,22. As puntuacións más baixas, sempre por riba da media, correspóndense coa idoneidade de Interea Visual como un instrumento de información e expresión, acadando unha valoración de 3,87, seguida do soporte de Interea Visual en formato dixital e das temáticas da revista Interea Visual, cun 3,95 e un 3,96, respectivamente.

Gráfica nº 8: Valoración dos materiais de Intera Edición



Finalmente, as propostas que nos achegaron como temáticas tanto para a revista Interea Visual como para o Caderno Temático foron as seguintes:

Cadro nº 4: Temas propostos para a revista e para os cadernos temáticos

| Temas propostos para   | Revista<br>Interea Visual | Caderno<br>Temático |
|--|---------------------------|---------------------|
| As TIC como facilitadoras da xestión cultural                    | X                         | X                   |
| Dinamización e organización de un espazo cultural                | X                         | X                   |
| Traballo en grupo e coordinación                                 | X                         | X                   |
| Habilidades comunicativas  | X                         | X                   |
| Busca de orientación e información                               | X                         | X                   |
| Axentes de cambio  | X                         |                     |
| Creatividade   | X                         |                     |
| Os recursos lingüísticos nos departamentos de cultura locais     | X                         |                     |
| Estudo dos usos lingüísticos nos departamentos de cultura locais | X                         |                     |

# AVALIACIÓN

## FICHA AVALIATIVA

**Prezada/o participante:**

Agradecémoslle que dea resposta ao presente cuestionario para recoller a valoración que concede á organización e desenvolvemento do Interea Foro 2007. A súa opinión é imprescindible para a planificación do traballo.

**1. Perfil**

- Responsable político     Responsable técnico     Outro/a (indicar) \_\_\_\_\_

**2. Participación**

Participou en anteriores ediciones de Interea Foro?

- 2002     2004     Non

Participou noutras accións enmarcadas no Plan Formativo de Interea?

- 2005/2006     2006/2007     Non

Cales son as súas motivacións para participar no Interea Foro 2007? (sinale por orde de peleración, marcando 1, 2, 3...)

- |   |  |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> Interese persoal sobre os temas tratados | <input type="checkbox"/> Oportunidade de encontro e intercambio    |
| <input type="checkbox"/> Oportunidade de formación                | <input type="checkbox"/> Necesidade da institución na que trabalho |
| <input type="checkbox"/> Necesidade de currículum profesional     | <input type="checkbox"/> Outros (indicar) _____                    |

Que facilidades obtivo por parte da institución á que pertence para participar no foro?

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Pagamento do transporte | <input type="checkbox"/> Disponibilidade do tempo necesario |
| <input type="checkbox"/> Pagamento do aloxamento | <input type="checkbox"/> Ninguna                            |
| <input type="checkbox"/> Outros (indicar) _____  |   |

**3. Organización do Interea Foro 2007**

Como se informou da convocatoria desta actividade?

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Correo electrónico de Interea | <input type="checkbox"/> A través da Deputación     |
| <input type="checkbox"/> Correo postal de Interea      | <input type="checkbox"/> Por buscas en Internet     |
| <input type="checkbox"/> Por outra persoa              | <input type="checkbox"/> Outro modo (indicar) _____ |

Valore os seguintes aspectos de 1 (valor más negativo) a 5 (valor más positivo):

- |  |  |
|--|--|
| A atención e información facilitadas previa a celebración do Foro (invitación, mailing...) | <input type="checkbox"/> 1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/> 5 |
| A forma de inscrición a través da web  |  |
| O prazo establecido para formalizar a inscrición   |  |
| A data de celebración (25 e 26 de xaneiro)   |  |
| Os días da semana (xoves e venres)   |  |
| A distribución dos tempos de traballo e descanso nas sesións diarias                       |  |
| As posibilidades de encontro e relación (pausa do café, xantar)                            |  |
| O espazo e instalacións específicas (Pazo de Mariñán)                                      |  |
| A atención e información facilitadas durante a celebración do Foro                         |  |

**4. Contidos e desenvolvemento**

Valore os seguintes aspectos de 1 (valor más negativo) a 5 (valor más positivo):

Espazo de autodiagnóstico participativo na cultura local  1     2     3     4     5

Os contidos

As dinámicas e a interacción xerada

O interese para o meu desenvolvemento profesional

Avaliación do Plan Formativo Experimental

1     2     3     4     5

Os contidos

As dinámicas e a interacción xerada

O interese para o meu desenvolvemento profesional

Grupo aberto de discussión (globalmente)

1     2     3     4     5

A temática abordada

As dinámicas e a interacción xerada

O interese para o meu desenvolvemento profesional

Mostra de experiencias e propostas dos concellos (globalmente)

1     2     3     4     5

As experiencias e propostas presentadas

As dinámicas e a interacción xerada

O interese para o meu desenvolvemento profesional

Participación-acción na cultura local

1     2     3     4     5

Os contidos

As dinámicas e a interacción xerada

O interese para o meu desenvolvemento profesional

**5. Participación**

Valore os seguintes aspectos relativos á participación de 1 (valor más negativo) a 5 (valor más positivo):

1     2     3     4     5

A súa participación e implicación persoal no desenvolvemento do Foro 2007

A participación e implicación dos asistentes en xeral

O grao de satisfacción persoal coa asistencia ao interea Foro 2007

**6. Pensando en futuras edicións do Foro:**

Que temas lle interesaría que se abordasen?

Qué momentos do ano son más propicios para celebrar o Foro?

Suxestións:

Aproveitamos a ocasión para pedir a túa valoración sobre os materiais de Interea edición

Valore os seguintes aspectos nunha escala de 1 (valor más negativo) a 5 (valor más positivo):

1     2     3     4     5

As temáticas da revista Interea visual

A idoneidade de Interea visual como instrumento de información e expresión

O soporte de Interea visual en formato dixital

As temáticas dos Cadernos Temáticos

O acceso aos materiais citados

Pensando en vindeiros números, que temas proponería?

Revista Interea visual:

# PARTICIPANTES



## Pérfil das persoas participantes

YÉSICA TEJEIRO  
Interea Formación

Preséntanse neste apartado a descripción das características que configuran o perfil profesional, laboral e académico dos participantes do Interea Foro 2007, en relación co posto de trabalho que desenvolven, coa concellaría e/ou co servizo municipal en que se inscriben, coa situación laboral e coa formación académica. Así mesmo, recollemos unha relación dos concellos representados e das súas características segundo o tamaño.

Os datos para a elaboración do perfil dos asistentes foron obtidos das fichas de inscrición ao Interea Foro 2007, que foron cubertas a través da web [www.usc.es/sepa/interea/foro.htm](http://www.usc.es/sepa/interea/foro.htm) e que amosamos a continuación.


The screenshot shows a Firefox browser window displaying the registration form for the Interea Foro 2007. The title bar reads "Firefox Archivo Editar Ver Ir Marcadores Herramientas Ventana Ayuda Ficha de inscrición nas actividades do Plan formativo Interea 2006". The address bar shows the URL <http://www.usc.es/sepa/interea/foro.htm>. Below the address bar, there are links for "Firefox Help", "Firefox Support", "Plug-In FAQ", and "http://site.ebrary.com...". The main content area features the Interea logo and the title "FÓRDO A CULTURA E A EDUCACIÓN DIANTE DOS NOVOS DESAFÍOS DA PARTICIPACIÓN SOCIAL". It includes a schedule for "Xoves 25 de xaneiro" and "Venerdì 26 de xaneiro". The "Ficha de inscrición" section contains fields for Name, Surname, NIF, Municipality, Ward, Department/Service, Work Post, Work Situation, Academic Formation, Work Phone, Personal Phone, and Email Address. A note states "Inscricións ata 18 de xaneiro ou límite de plazas". The "Contacto" section provides information about the contact person, Carmen Muñoz, and her office hours from 10:00 to 14:00. The "Interea@usc.es" email address is also listed. At the bottom, there are links for "Listo" and "Volver".

A inscrición foi de 66 persoas, asistindo finalmente ao foro 45. Sobre os seus datos realizamos o seguinte perfil.

## CONCELLOS REPRESENTADOS

Nesta convocatoria do Interea Foro, participaron técnicos/as e responsables políticos de 31 municipios dos 94 que conforman a provincia da Coruña, o que supón un 32,6%. No mapa que se amosa a continuación sinálase en azul a relación destes concellos.

Mapa nº 1: Concellos representados en Interea Foro 2007



O número de participantes por concello amósase no cadro nº 1, onde se aprecia que o más reiterado é a asistencia dunha soa persoa por municipio (22 concellos). Cómprase destacar tamén a presenza dun representante dos concellos de Carnota e Melide, que iniciaron, coa asistencia ao Foro, a súa participación nas actividades que foron promovidas por Interea.

Cadro nº 1: Concellos representados na participación do Foro

| Concellos  | Número | Persoas |
|--|--------|---------|
| A Coruña   | 1      | 7       |
| Aranga, Brión, Cerceda, Culleredo, Oleiros, Ortigueira, Oza dos Ríos, Ponteceso  | 8      | 2       |
| Abegondo, Bergondo, Betanzos, Boiro, Cabana de Bergantiños, Carnota, Carral, Coristanco, Fene, Fisterra, Irixoa, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Melide, Mugardos, Ordes, Porto do Son, Sobrado, Teo, Vilarmaior | 22     | 1       |
| Total  | 31     | 45      |

Se observamos o cadro nº2, que se refire ás características dos concellos segundo o seu tamaño, podemos apreciar que a maioría dos municipios representados son de tamaño medio, cunha poboación comprendida entre os 5.000 e os 20.000 habitan-

tes. En segundo lugar, achamos 9 concellos de pequeno tamaño, cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, de hábitat principalmente rural. E, finalmente, 4 municipios grandes de máis de 20.000 habitantes.


Cadro nº 2: Características do hábitat dos participantes

| Características do hábitat             | Concellos | Persoas |
|--|-----------|---------|
| Cidade (máis de 20.000 habitantes)     | 4         | 12      |
| Vila (entre 5.000 e 20.000 habitantes) | 18        | 22      |
| Rural (menos de 5.000 habitantes)      | 9         | 11      |
| Total                                  | 31        | 45      |

## CARACTERÍSTICAS DOS PARTICIPANTES


Se atendemos aos participantes, presentamos as características más relevantes do seu perfil. En primeiro lugar, tal e como vemos na gráfica núm. 1, case as dúas terceiras partes do total, un 64%, son mulleres. Se comparamos estes datos con outras accións que foron desenvolvidas por Interea, apreciamos un incremento na presenza de homes.

Gráfica nº 1: Características dos participantes segundo o xénero



Dos 45 asistentes ao Foro 2007, un 68,9% participou en anteriores actividades organizadas polo Equipo Interea dentro do seu Plano Formativo 2005/2007. Cómprase salientar que 14 persoas (31,1%) participan nesta convocatoria de Interea por primeira vez.

Gráfica nº 2: Caraterización segundo asú participación en eventos anteriores



En relación coa vinculación profesional dos participantes ás concellarías e/ou servizos municipais, cómpre sinalar que Cultura, e Cultura e outras áreas, son as denominacións maiormente sinaladas. No cadro e na gráfica núm. 3 recóllese esta relación de concellarías.

Táboa 3: Participantes segundo as Concellarías e/ou Servizos de procedencia

| Concellarías                  | Pessoas | %    |
|-------------------------------|---------|------|
| Cultura                       | 20      | 44,4 |
| Cultura e outras áreas        | 11      | 24,4 |
| Cultura e Educación           | 1       | 2,2  |
| Educación e outras áreas      | 2       | 4,4  |
| Xuventude e outras áreas      | 2       | 4,4  |
| Benestar Social e Cooperación | 3       | 6,7  |
| Sen contestar                 | 3       | 6,7  |
| Outros                        | 3       | 6,7  |
| Total                         | 45      | 100  |

Os participantes segundo o posto de traballo son, principalmente, animadores culturais ou socioculturais e técnicos (55,5% dos asistentes). A presenza doutras categorías profesionais e a representación política –5 concelleiros/as– foron menos numerosas, como se pode observar no cadro nº 4. Dentro da categoría de técnicos inclúense: nove de cultura, un de xuventude e un sen especificar. Entre os cargos directivos recóllese as categorías de xefe, de encargado e de responsable. Finalmente, noutrous, figurán: unha educadora, unha pedagoga, un programador, un xestor de actividades culturais e dúas persoas vinculadas á Universidade e ás casas museo da Coruña.

A situación laboral das persoas asistentes ao Foro, pode definirse no marco da inestabilidade, xa que só un 24,4% é persoal laboral fixo ou funcionario, mentres que un 62,2% ten un contrato temporal ou por obra ou servizo. Dentro da categoría "outros", dos 5 indicados, 4 son concelleiros.

Táboa 4: Participantes segundo o posto de traballo

| Posto de traballo   | Pessoas |
|---|---------|
| Técnicos/as   | 11      |
| Animadores culturais e socioculturais                             | 14      |
| Concelleiros/as de cultura  | 4       |
| Biblioteca (director, técnico, axudante, auxiliar, bibliotecario) | 4       |
| Coordinadores/as e cargos directivos                              | 3       |
| Programadores/as  | 1       |
| Outros  | 7       |
| Sen contestar   | 1       |
| Total   | 45      |

Por último, en relación á formación académica dos participantes no Interea Foro 2007, os datos que nos proporciona o cadro nº 6 amosan que a maior proporción ten unha titulación universitaria (80%). Os licenciados/as supoñen un 53,3% e os

diplomados/as un 26,7% sobre o total. O ámbito de especialización é diverso e variado, porén achamos que o 32% das licenciaturas e o 66,7% das diplomaturas pertenecen á familia das Ciencias da Educación.

Por último, en menor proporción, un 13,3% refírese a unha formación académica media, de ensino secundario.

Táboa 5: Participantes segundo a súa situación laboral

| Situación laboral                                      | Pessoas | %    |
|--|---------|------|
| Temporal   | 18      | 40   |
| Obra ou servizo  | 10      | 22,2 |
| Laboral fixo   | 6       | 13,3 |
| Funcionario/a  | 5       | 11,1 |
| Outros (Concelleiros, externos, interinos, subvención) | 5       | 11,1 |
| Sen especificar  | 1       | 2,2  |
| Total  | 45      | 100  |

De forma xeral, se valoramos todos os datos que foron analizados, o perfil que define os participantes do Interea Foro 2007, é o seguinte:

- unha animadora sociocultural
- licenciada en Ciencias da Educación
- que desempeña o seu labor profesional nun concello de tamaño medio, de entre 5.000 e 20.000 habitantes
- vinculada á Concellaría de Cultura
- e cunha situación laboral temporal.

Táboa 6: Participantes segundo a súa formación académica

| Formación académica          | Pessoas |
|------------------------------|---------|
| Licenciados/as               | 24      |
| Lic. Pedagogía               | 6       |
| Lic. Cc. da Educación        | 2       |
| Lic. en Xeografía e Historia | 2       |
| Lic. Filoloxía               | 2       |
| Lic. Psicoloxía              | 1       |
| Lic. en Filosofía            | 1       |
| Lic. Socioloxía              | 1       |
| Lic. en Economía             | 1       |
| Lic. en Políticas            | 1       |
| Lic. Dereito                 | 1       |
| 6 Sen especificar            | 6       |
| Diplomados/as                | 12      |
| Dip. en Educación Social     | 5       |
| Dip. en Cc. da Educación     | 3       |
| Dip. en Biblioteconomía      | 1       |
| Dip. en Relacións Laborais   | 1       |
| Sen especificar              | 2       |
| FP                           | 3       |
| Outros                       | 5       |
| Sen especificar              | 1       |
| Total                        | 45      |

# PARTICIPANTES



## Relación das personas asistentes

|                                  |   |
|----------------------------------|---|
| José Gumersindo Alonso Bernández | Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela |
| Mª Elisa Alonso Figueroa         | Concello de Irixoa                          |
| José Javier Álvarez Costoya      | Concello de Oleiros                         |
| Alberto Álvarez Escudero         | Concello de Brión                           |
| María Luís Amado Ceán            | Concello de Ponteceso                       |
| Alicia Barral de Dios            | Concello de A Coruña                        |
| Pablo Bouza Suárez               | Concello de Culleredo                       |
| Mª Belén Caballo Villar          | Universidade de Santiago de Compostela      |
| Mª Dolores Candedo Gunturiz      | Universidade da Coruña                      |
| Francisco Xosé Candia Durán      | Universidade de Santiago de Compostela      |
| Gertrudis Capelán Seoane         | Concello de Aranga                          |
| José Antonio Caride Gómez        | Universidade de Santiago de Compostela      |
| Susana Castro Rodríguez          | Concello de Oza dos Ríos                    |
| Marta Castro Tato                | Concello de Melide                          |
| Laura Cedrón Puente              | Concello de A Coruña                        |
| Mercedes Cerdeiras Uría          | Concello de A Coruña                        |
| Francisco Javier Couto Castro    | Concello de Ponteceso                       |
| Laura Cruz López                 | Universidade de Santiago de Compostela      |
| Isolina Díaz Huerta              | Concello de Mañón                           |
| Ana María Fandiño Espido         | Concello de Sobrado                         |
| Silvia Belén Fraga Santos        | Concello de Cereda                          |
| Raúl Fraguela Vale               | Universidade da Coruña                      |
| Alberto García Sánchez           | Concello de Boiro                           |
| Diego García Mella               | Concello de Oleiros                         |
| Carmen Susana Gómez Mourelle     | Concello de Ortigueira                      |
| Mª Lucía Iglesias da Cunha       | Universidade de Santiago de Compostela      |
| Noa Loira González               | Universidade da Coruña                      |
| Carlos Lorenzo Pérez             | Concello de Carral                          |
| Daniel Loza Martínez             | Concello de Betanzos                        |
| Rosalino Mariño Rey              | Concello de Coristanco                      |
| Martín Martínez Rioboo           | Concello de Cabana de Bergantiños           |
| Iria Mejuto Buceta               | Concello de A Coruña                        |
| Pablo Montero Souto              | Universidade de Santiago de Compostela      |
| Mª Carmen Morán de Castro        | Universidade de Santiago de Compostela      |
| Lucía Mosquera Miramontes        | Concello de Brión                           |
| Antón Lois Noceda Carballo       | Concello de Malpica de Bergantiños          |
| Julia Nuñez Calo                 | Universidade de Coruña                      |
| Ana Isabel Oteruelo Pérez        | Concello de Culleredo                       |
| Eusebia Pérez Filgueiras         | Concello de Mugardos                        |
| Xesús Pérez Fernández            | Deputación de A Coruña                      |
| Manuel Pérez Rúa                 | Concello de Moaña                           |

|                                  |  |
|----------------------------------|--|
| Héctor Manuel Pose Porto         | Universidade da Coruña                 |
| Celestino Poza Domínguez         | Deputación de A Coruña                 |
| Carmen María Prego Lamas         | Concello de Cerceda                    |
| Óscar Rebollo                    | Universidade Autónoma de Barcelona     |
| Leticia María Rey Novo           | Concello de Bergondo                   |
| Roberto Rielo Iglesias           | Concello de Teo                        |
| Mª Margarita Riveiro Sambade     | Concello de Carnota                    |
| Jorge Rivera Correa              | Concello de Vilarmaior                 |
| Enrique Rodríguez Ordóñez        | Concello de A Coruña                   |
| Xoán Pastor Rodríguez Santamaría | Concello de Porto do Son               |
| Tomás Rodríguez-Villasante       | Universidade Complutense de Madrid     |
| Daniel Romero Rodríguez          | Concello de Fene                       |
| Mª Cruz Sabio Teijeiro           | Concello de Ortigueira                 |
| Cristina Sánchez Veiga           | Concello de Aranga                     |
| Silvia Sar Insua                 | Concello de Fisterra                   |
| Carmen Silva Carlés              | Concello de A Coruña                   |
| Mª Teresa Sobradelo Creo         | Concello de Lousame                    |
| Yésica Teijeiro Bóo              | Universidade de Santiago de Compostela |
| María Tembra Tuñez               | Concello de Ordes                      |
| Laura Varela Crespo              | Universidade de Santiago de Compostela |
| Germán Vargas Callejas           | Universidade de Santiago de Compostela |
| Alejandra Ulloa Calvo            | Concello de Abegondo                   |
| Mª Cristina Vázquez del Prisco   | Concello de Laxe                       |



# programa

## Xoves 25 de xaneiro

|               |   |
|---------------|---|
| 16:00 a 16:30 | Apertura e recollida de documentación   |
| 16:30 a 17:00 | Acto inaugural  |
| 17:00 a 20:00 | Espazo de autodiagnóstico participativo na cultura local<br><br>Tomás Rodríguez-Villasante<br>Profesor de Ciencia Política e Sociología da Universidade Complutense de Madrid |

## Venres 26 de xaneiro

|               |   |
|---------------|---|
| 10:00 a 12:00 | Avaliación do Plan Formativo experimental na Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico (2005-2007)<br><br>Carmen Morán<br>Coordinadora de Interea Formación   |
| 12:00 a 12:30 | Pausa-café  |
| 12:30 a 14:00 | Grupo abierto de discusión<br>Modera Manuel Pérez, equipo interea<br><br>Intervenientes:<br>Daniel Romero, técnico de cultura (Fene)<br>Alberto García, técnico de cultura (Boiro)<br>Luis Teira, Asociación cultural Altofalante (Ribeira)<br>Público en xeral |
| 14:00 a 16:00 | Xantar  |
| 16:00 a 18:00 | Mostra de experiencias e propostas dos concellos  |
| 18:00 a 18:30 | Pausa-café  |
| 18:30 a 20:00 | Participación-acción na cultura local<br><br>Óscar Rebollo<br>Profesor de Sociología da Universidade Autónoma de Barcelona e coordinador do Posgrado de Participación e Desenvolvimento Sostenible  |

## INSCRICIÓN:

En [www.usc.es/sepa/interea/foro.htm](http://www.usc.es/sepa/interea/foro.htm)  
Ata o 18 de xaneiro de 2007 ou límite de prazas

## Contacto:

Luzia de Abreu e Yésica Teijeiro  
Tfno. 981 56 31 00 ext. 13753  
[interea@usc.es](mailto:interea@usc.es)  
Facultade Ciencias da Educación  
Campus Universitario Sur  
15782 Santiago de Compostela

ANEXO